Na mesma, e por primeira vez, dáse resposta á reivindicación histórica de Galicia para o recoñecemento do modelo tradicional de asentamentos do litoral. Circunstancia que posibilitará que miles de fogares e construcións previas ao 1988 poidan saír dunha situación de enorme incertidume e inxustiza derivada dunha aplicación incorrecta do proceso de deslinde que as deixou dentro do DPMT.

A nova norma, na súa DT 1ª presenta a posibilidade de realizar novas delimitacións e clasificacións en aqueles solos que non sendo clasificados como tales no 1988, si tiñan as características precisas para facelo. Na mesma, plantéxanse uns criterios de compacidade construtiva e de acondicionamento de servizos, unha diferenciación entre aqueles concellos con planeamento ou sen el, á vez que non se autorizan novas construcións nos ámbitos delimitados.

Este plantexamento, impulsado polo Grupo Popular, queda supeditado a que por parte da Administración Urbanística Autonómica, xunto cos concellos, poñan en marcha os procedementos precisos para poder fixar as novas clasificacións de solo e dar así solución ás problemáticas de miles de familias e fogares, que se van poder beneficiar do desenvolvemento da nova lexislación estatal en materia de Costas.

Por estes motivos

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a colaborar cos concellos e a axilizar as tramitacións urbanísticas necesarias para lograr que a aplicación da nova lexislación estatal de Costas se realice do xeito máis favorable posible para a totalidade dos núcleos tradicionais radicados no litoral”

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2013

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 16/05/2013 10:26:06

Román Rodríguez González na data 16/05/2013 10:26:20

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

gp-pp@parlamentodegalicia.es

www.ppdegalicia.com

Jaime Castiñeira Broz na data 16/05/2013 10:26:57

José Santiago Freire Abeijón na data 16/05/2013 10:27:03

Alejandro Gómez Alonso na data 16/05/2013 10:28:34

Antonio Mouriño Villar na data 16/05/2013 10:28:50

Enrique Nóvoa López na data 16/05/2013 10:28:59

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 16/05/2013 10:29:12

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **Javier Dorado Soto** e **Javier Jorge Guerra Fernández**, ó abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos

Dende fai moitos anos Vigo conta con Partido Xudicial propio que engloba ademais da cidade de Vigo, os concellos de Nigrán, Baiona e Gondomar. Dito partido conta na actualidade con 37 unidades xudiciais, e afecta a unha poboación de 341.212 habitantes.

Nas últimas datas, segundo relato dos medios de comunicación, unha comisión de expertos estudan a “Proposta de reforma da Lei Orgánica do Poder Xudicial” e unha proposta de texto articulado da Lei de Demarcación e Planta Xudicial, coa que podería optarse por unha única demarcación de ámbito provincial.

O Partido Xudicial de Vigo é o que mais asuntos atende da Comunidade e un dos que máis ingresa de todo o Estado, estando a cabeza do mesmo na ratio poboación/asuntos ingresados. No último ano Vigo ingresou preto de 88.000 novos asuntos, mentres que a seguinte na provincia foi Pontevedra con 18.000, o que ven a indicala importancia de dito partido xudicial.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión.

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a:

1. Realizar as xestións necesarias xunto co Ministerio de Xustiza do Goberno de España a fin de que na redacción que se faga da Lei de Demarcación e Planta Xudicial se manteña o Partido Xudicial de Vigo como partido xudicial propio.

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

gp-pp@parlamentodegalicia.es

www.ppdegalicia.com

2. Facer a defensa do mantemento do Partido Xudicial de Vigo perante o Ministerio cando sexa consultado sobre o tema”.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2013

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 16/05/2013 11:24:36

Javier Dorado Soto na data 16/05/2013 11:24:50

Javier Jorge Guerra Fernández na data 16/05/2013 11:25:13

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

gp-pp@parlamentodegalicia.es

www.ppdegalicia.com



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa da súa deputada **Ana Belén Pontón Mondelo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión** relativa ás medidas urxentes que debe adoptar a Xunta de Galiza para o impulso e modernización do ferrocarril.

O BNG considera de vital importancia a modernización e impulso das comunicacións ferroviarias na Galiza. Así, levamos durante décadas reclamando actuacións que evitaran a nosa marxinación neste ámbito. Porén, nin os deseños estatais, nin os sucesivos gobernos centrais deron unha solución acaída as demandas e necesidades que neste eido ten a nación galega.

O Goberno Central optou por un deseño de alta velocidade que non atende as necesidades de comunicación interna das nosas vilas e cidades, e que ten como única obsesión, chegar canto antes a Madrid. Un deseño que claramente vai marxinar a cidade de Ferrol, que tampouco vai solucionar as conexións co Norte de Portugal. Os plans do Goberno central non atenden ás necesidades de Galiza e de feito, segundo as últimas informacións feitas públicas vai desmantelar a maior parte dos servizos ferroviarios que se prestan na Galiza.

De feito, o informe encargado polo Ministerio de Fomento só prevé a existencia de trens rexionais nas liñas Vigo- A Coruña e Santiago-Ourense. Isto supón a supresión das liñas que viñan funcionando entre Ourense- Pobra de Sanabria, Ourense-Monforte- Ponferrada, A Coruña- Ferrol, A Coruña- Lugo-



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Monforte e Vigo- Ourense. Mais non quedarían aquí os recortes, senón que tamén se prevé recortar servizos nas liñas entre Pontevedra e Vigo. De consumarse as intencións do goberno, a maior parte do territorio galego ficaría sen servizos de comunicación por tren, a pesar de ser este un elemento vital para os nosos intereses económicos e para o noso futuro. Moitas vilas e cidades veranse privadas de servizos de transporte colectivo, cos prexuízos que isto traerá consigo.

O BNG oponse rotundamente as intencións do Goberno central e avoga non só por manter uns servizos públicos ferroviarios, senón por mellorar as frecuencias e calidade dos mesmos no noso país.

Ante esta situación é crucial unha resposta do Parlamento Galego e reclamar que a Xunta de Galiza abandone a súa complicidade con estes deseños. Durante a lexislatura pasada o Goberno Galego reiterouse en anuncios relativos á constitución dun ente ferroviario galego, mais o certo é que na práctica só foron enganos. En realidade, o goberno galego é cómplice dos deseños e marxinacións que sofre Galiza e non demostra interese real por superar esta situación. O goberno podía ter reclamado a transferencia desta competencia e previamente, negociar os investimentos precisos para mellorar as medios existentes, de xeito que a transferencia se faga nas debidas condicións. Mais nada disto fixo.

Para o BNG é vital que defendamos o dereito de galegas e galegos a contar cun servizos de ferrocarril axeitados aos tempos que vivimos e en condicións similares aos que contan outros territorios do estado. O desmantelamento dos servizos de ferrocarril vai hipotecar o noso futuro, marxina



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aos galegos e galegos e supón unha evidencia máis de como a centralización de competencias é claramente lesiva para o noso desenvolvemento e equilibrio social e territorial. Urxe pois unha resposta que evite esta situación e que defenda o dereito que asiste a galegos e galegas a contar cuns servizos de tren modernos e que permitan a nosa comunicación interna.

Polo dito, formulamos a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

1. Iniciar unha ofensiva institucional en defensa do Ferrocarril, reclamando con firmeza ante o Goberno central que desista de inmediato do proceso de desmantelamento e privatización de servizos ferroviarios en Galiza, particularmente reclamará ao Goberno o mantemento das liñas existentes (Ourense- Pobra de Sanabria; Ourense-Monforte- Ponferrada; A Coruña-Ferrol; A Coruña- Lugo- Monforte, Vigo- Ourense) e unha mellora dos servizos e frecuencias que se veñen prestando en territorio galego.
2. Iniciar de inmediato o proceso de negociación das transferencias en materia de ferrocarril interior, co obxectivo de poder mellorar a prestación deste servizo no noso país e desenvolver as competencias que temos recoñecidas nesta materia.
3. Creación dunha Compañía Ferroviaria Galega, coa finalidade de contar con este ente no prazo de seis meses.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Reclamar do Goberno do Estado os investimentos e actuacións necesarias para mellorar a liña Ferrol- A Coruña. Isto implica acometer un proxecto que duplique a vía, electrifique o servizo, acurte as distancias, coas variantes que sexan necesarias, e que posibilite a prestación de servizos de proximidade, media e longa distancia e que sexa compatíbel para viaxeiros e mercadorías. Con carácter prioritaria nestas actuacións, iniciaranse os trámites precisos para construír o by pass de Betanzos-Infesta.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2013

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Deputada e portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 16/05/2013 13:49:03

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario Socialista**, por iniciativa dos seus deputados, **José Luis Méndez Romeu, José Antonio Sánchez Bugallo, e José Manuel Gallego Lomba**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

Unha información publicada polo xornal “Faro de Vigo”, informa da posible renovación do convenio vixente coa compañía aérea Ryanair, vixente dende 2005. De acordo con esa información, a Xunta estaría revisando o seu compromiso anterior, enunciado en 2012, de non renovar ese tipo de acordos de colaboración e substituílos por investimento na promoción dos destinos galegos.

É sabido que a Xunta carece dunha política firme e definida na promoción de Galicia, tanto como destino turístico como de oportunidades de investimento. Os cambios de criterio, mesmo locais, indican unha indefinición estratéxica que afecta ao desenvolvemento de sectores de actividade económica. Iniciativas sen continuidade, baseadas en consideracións localistas ou de conxuntura, son respostas habituais mesmo nas áreas económicas do Goberno.

A política aeroportuaria é un exemplo claro. O presidente ten anunciado a consideración de Galicia como terminal aérea única, unha vaguidade sen contido; tamén unha política de promoción exterior ata hoxe inexistente. Denunciou o comité de Rutas creado pola anterior Administración estatal, ata deixalo sen efecto, anunciou unha xestión moderna. *Facta non verba*, debemos exclamar.

Os lamentos periódicos sobre o desenvolvemento aeroportuario de Oporto, ou sobre os investimentos realizados nos tres aeroportos galegos polo anterior ministro de Fomento, son meras cortinas de fume. Galicia ten potencial de crecemento nas tres terminais existentes, sempre que atendan a tráfico diferenciados e non compitan directamente entre si. Para facelo hai estratexias coñecidas e aplicadas noutros territorios. A improvisación non é unha delas.

Grupo Parlamentario

En consecuencia, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a elaborar no prazo de tres meses e presentar no Parlamento, unha estratexia de desenvolvemento aeroportuario, a partires da evolución de cada aeroporto, do seu potencial de crecemento, da complementariedade da oferta e da competitividade.

Pazo do Parlamento, 16 de maio de 2013

Asinado dixitalmente por:

José Luís Méndez Romeu na data 16/05/2013 13:47:27

José Antonio Sánchez Bugallo na data 16/05/2013 13:47:35

José Manuel Gallego Lomba na data 16/05/2013 13:47:43

Abel Fermín Losada Álvarez na data 16/05/2013 13:48:36



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa do seu deputado **Daniel Rodas Chapela**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu tratamento na **Comisión permanente non Lexislativa para Asuntos Europeos**, sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galiza, ante o Estado español e a UE perante as negociacións dun novo acordo político para prohibir os descartes pesqueiros.

O ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, Miguel Arias Cañete, ven de mostrar a súa satisfacción polo acordo acadado na Unión Europea para prohibir de xeito escalonado os descartes pesqueiros para a nova reforma da Política Pesqueira Común (PPC 2014-2020).

Arias Cañete ven de afirmar que apoia o novo acordo alcanzado na UE para ter que traer a bordo os descartes, porque vai permitir que grazas a este novo calendario escalonado, a flota galega poderá cumprir a nova normativa europea sen grandes problemas, pois non se pode pasar dunha situación permisiva a ter que descargar tódalas capturas. Isto supón que a nova política de descartes comezará a aplicarse a partir do 2016.

Este entusiasmo, unha vez máis, contrasta coas posicións do sector. No caso do Gran Sol, a propia Cooperativa de Armadores de Vigo, que representa a uns 40 barcos, ven de manifestar que si xa coa proposta anterior que permitía



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

devolver ao mar o 9% das especies capturadas, durante os dous primeiros anos de aplicación, ata chegar ao 7%, suporía o amarre da flota en setembro, agora dáselle unha nova volta de parafuso ao rebaixala ao 7% nos primeiros anos para deixalo no 5%, o que condena a nosa flota á inoperatividade e o seu amarre.

A flota galega no Gran Sol está sometida ao Principio de Estabilidade Relativa, que é totalmente discriminatorio, nunha clara imposición que tivo lugar coa entrada na UE, e que estando pendente de revisar, non se modifica porque beneficia claramente a outros estados membros, o que supón na práctica manter unha situación discriminatoria con cotas ridículas con respecto ao tamaño da nosa flota, que se nos siga impedindo o acceso a determinados caladoiros onde tradicionalmente víñamos faenando, que tamén se reduce a posibilidade de pescar especies que viña pescando a nosa flota.

Unha vez máis pretendese aplicarnos unha nova medida coercitiva cuxa finalidade é que se diminúan drasticamente os días de pesca, rebaixando as xa de por si exiguas posibilidades de capturas, facendo inviable a rendibilidade das nosas empresas e abocando a nosa flota ao amarre.

No caso da flota de litoral, uns 110 barcos en todo o Cantábrico noroeste, despois de aplicarse medidas desproporcionadas de control como as inspeccións a bordo, o DEA, pesada das descargas, etc, sen vinculación directa a idiosincracia da nosa flota, ao tratarse dunha pesca multiespecífica onde non se pesca unha única especie senón varias, sometida a un Plan de Recuperación da Pescada, cunhas cotas que non se axustan a realidade do banco, carecendo de



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

informes científicos actualizados e con medidas paliativas cuxo único camiño é o desprestixio da nosa actividade pesqueira, a paralización e desgüace da flota.

Este novo prantexamento dos descartes afecta directamente a flota galega por ser unha pesqueira multiespecífica, en comparanza con outras pesqueiras doutros países nórdicos que unicamente se dedican a determinadas especies, pero que, e aínda por riba, non teñen problemas coas cotas, como si temos os galegos, e que non teñen en conta ningún criterio realista da situación da flota, nin criterios socioeconómicos de defensa das comunidades costeiras, nin da xeración de tecido produtivo. Realízase cunha única finalidade: eliminar a flota galega, que é moderna, competitiva, altamente profesional e xeradora dunha grande actividade económica, da cal Galiza é altamente dependente. Para nós é fundamental ter presenza en Bruxelas para poder defender a nosa flota, un dos nosos principais sectores produtivos que ten un enorme futuro se nos deixan traballar. Para o señor Cañete e o Partido Popular, é unha medida altamente satisfactoria.

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a formular a seguinte Proposición non de lei para o seu tratamento en Comisión Permanente Non Lexislativa para Asuntos Europeos:

O Parlamento Galego insta ao Goberno galego a demandar do Estado español que nas negociacións realizadas pola Unión Europea no marco da PPC 2014-2020, teña presenza a Xunta de Galiza, para poder defender os intereses da



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

flota galega. Isto é a de eliminación de descartes con estes criterios, naquelas
pesqueiras multiespecíficas, como é o caso da galega.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2013

Asdo.: Daniel Rodas Chapela

Deputado do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Rodas Chapela na data 16/05/2013 16:33:11

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 16/05/2013 16:33:20



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa das súas deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Ana Belén Pontón Mondelo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre exercicio das competencias exclusivas da Xunta na ordenación do litoral (ENCE)

As Directrices de Ordenación do Territorio (**DOT**), que se aproban definitivamente por Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, (DOG 22 de febreiro) e o plan territorial integrado denominado Plan de Ordenación do Litoral de Galicia (**POL**), aprobado definitivamente polo Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, (DOG 23 de febreiro) inciden, na nosa opinión, non do xeito correcto, no proxecto sectorial aprobado pola Xunta (caducado e declarado ilegal por varias sentenzas) para o asentamento industrial de Lourizán (ENCE) e no propio complexo industrial contaminante (condenado por delito ecolóxico) de ENCE-ELNOSA.

A lei 10/1995, de 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia (LOTG), configura as DOT como instrumento de carácter global, expresión da política territorial que constitúe o marco xeral de referencia. Nelas establécense as pautas espaciais de asentamento das actividades, consonte ás políticas sociais, económicas e culturais emanadas da comunidade, con integración, si é o caso, as emanadas desde o Estado así como as propostas que xurdan desde las entidades locais.

A LOTG directamente e a través das DOT e do POL vincula aos demais instrumentos urbanísticos de rango inferior como o proxecto sectorial referido e o propio PXOM de Pontevedra e salienta a forza vinculante dos plans territoriais integrados, como o POL, que pauta as condicións para o desenvolvemento urbanístico e



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a implantación no eido litoral de instalacións destinadas a usos produtivos, turísticos e recreativos.

As DOT definen, xa que logo, o modelo territorial da Galiza que orienta as actuacións sectoriais proporcionando criterios territoriais e ambientais para a elaboración dos proxectos sectoriais e, no que atinxe ao complexo contaminante ENCE-ELNOSA, refírese ás “*actuacións previstas como é a saída de Ence da ría prevista para 2018*” para determinar de xeito estratéxico que :

“(...)Requírese unha reordenación dos usos, trasladando cara a outros emprazamentos instalacións e actividades que non precisan localizarse xunto ao mar e que na actualidade significan un elevado custe de oportunidade. É o caso de numerosas actividades industriais, a máis importante das cales é a gran planta de celulosa que limita a conexión de Pontevedra coa marxe meridional da súa ría”.

Consonte ás DOT o Planeamento municipal do Concello de Pontevedra debe evitar o emprazamento de usos industriais xeradores de impacto ou que non teñan necesidade de emprazar xunto ao mar para garantir a súa viabilidade “....Neste contorno evitárase, na medida do posible e con carácter xeral, a localización de usos industriais e infraestruturais xeradores de impacto ou que non teñan a necesidade de localizarse xunto ao mar para garantir a súa viabilidade”. **É pois impensable un informe medioambiental favorable por parte da Administración Galega a unha hipotética prórroga da concesión.**

Segundo o POL, as instalacións que nos ocupan intégranse no eido dun ámbito de re-cualificación nunha “*área continua de mellora ambiental e paisaxística*” con incidencia de corredores, e o propio no seu artigo 95 do POL, remite expresamente ao



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

planeamento urbanístico para establecer os parámetros e condicións dos usos existentes para este complexo industrial, que se inclúe nun área con grao 3 de compatibilidade, isto é:

“As súas determinacións considéranse incompatibles, xa que necesitan levar a cabo axustes na súa delimitación ou determinacións urbanísticas de carácter xeral ou detallada, para incorporar os principios do Plan de Ordenación do Litoral.” (Art. 101 POL).

O prazo de vixencia outorgado para a renovación da AAI concedida a ENCE (31.12.2015) coa oposición do Concello de Pontevedra, é superior ao prazo máximo que dispón este último para modificar ou revisar o PXOU para adaptalo ás determinacións do POL, **3 anos** consonte á Disposición transitoria 1ª do POL.

A referida adaptación tería que cumprimentar, en todo caso, a Disposición adicional 3ª do POL co seguinte teor literal:

Disposición Adicional 3ª.-Ence.

“En coordinación co establecido nas DOT, no espazo actualmente ocupado polas instalacións da empresa Ence situadas en Lourizán, na ría de Pontevedra, prevese un ámbito de recualificación sobre a Área de Mellora Ambiental e Paisaxística. O obxecto desta área é o da recuperación do espazo que quedará vacante coa materialización do traslado destas instalacións a outra localización dentro da propia bisbarra de Pontevedra no horizonte do ano 2018.

Dada a importancia que para este ámbito e o seu contorno suporá a citada transformación, considérase necesario regulala mediante esta disposición adicional. En concreto, deberase:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Favorecer a conectividade visual e funcional coa costa e os hábitats que nela e o seu contorno se vaian rexenerar e valorizar.

2. A devandita recuperación irá encamiñada á naturalización da área, de tal maneira que se mellore a súa calidade ambiental e escénica, que concluíra coa inclusión destas áreas recuperables desde o punto de vista ecolóxico na Área de Protección Costeira, de tal maneira que se favoreza a integración de parte do ámbito no seu contorno máis natural, procurando, así mesmo, dotalo de conectividade mediante os corredores xa identificados neste documento. En concreto, recuperarase a praia dos Praceres de forma acorde coas características orixinais da praia e as condicións actuais de hidrodinámica e planta do areal.

3. Así mesmo, na zona norte do ámbito poderanse rehabilitar e acondicionar as edificacións destinadas a aqueles usos e actividades necesarios para a xeración de espazos públicos de calidade e cohesión social, ao mesmo tempo que se procura a transición cos espazos principais destinados á rexeneración ambiental e recuperación natural do ámbito anteriormente mencionado.

4. Recuperarase a calidade ambiental e paisaxística, contribuírse a dotar de equipamentos e espazos libres de calidade o agregado urbano no que se insire, evitando parámetros de ocupación e intensidade incompatibles coa capacidade de carga do territorio e os valores ambientais, paisaxísticos e patrimoniais propios do litoral.

O desenvolvemento e consecución destes obxectivos concretaranse mediante a redacción do **instrumento de ordenación territorial ou urbanístico máis adecuado**, atendendo, en calquera caso, ao interese público e á utilidade social da actuación que deberá abordar conxuntamente as accións de rexeneración, restauración e reordenación do ámbito de recualificación previsto nos terreos actualmente ocupados”.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Malia petición expresa de caducidade por parte do Concello afectado e das Sentenzas que declaran que non é conforme a dereito o acordo aprobatorio do proxecto sectorial de ENCE, a CMATI segue a esixir do Concello que recolla no seu novo PXOM as determinacións do proxecto sectorial aprobado no seu día pola Xunta, e inda por riba -como patente demostración da nula intención do PP por resituár o complexo industrial referido e devolver os terreos usurpados á ría- a nova modificación aprobada polo Parlamento do Estado da Lei de Costas, racha coa previsión do horizonte temporal do 2018 referido nas DOT e no POL, para permitir ou habilitar unha privatización encuberta do dominio público de tódolos galegos 75 anos máis, en beneficio dunha entidade privada, contaminante e que está a impedir o crecemento económico e social da bisbarra de Pontevedra.

De facto, vai habilitar que a empresa estea 135 anos na ría, o que supera con creces a idade máxima de vida dun ser humano, o que supón unha grande fraude ao carácter demanial “*constitucionalmente imprescritible*” do espazo que ocupa ENCE.

Xa que logo, para dar máis claridade e seguridade ás determinacións vinculantes do POL e en desenvolvemento das determinacións das DOT o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego formula a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en comisión:

O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a:

Inmediata redacción, tramitación e aprobación dunha modificación da Disposición Adicional 3ª do POL en desenvolvemento das previsións das DOT e en atención ao interese público e á utilidade social dunha actuación demandada pola inmensa maioría da cidadanía da bisbarra de Pontevedra e de todo o noso país e prevista nas DOT, e no



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

obxectivo irrenunciabile de abordar conxuntamente as accións de rexeneración, restauración e reordenación do ámbito de recualificación previsto no POL para os terreos actualmente ocupados, por ENCE, que a modificación da lei de costas tenta cercenar, modificación que teña o seguinte teor literal:

“En coordinación co establecido nas DOT, no espazo actualmente ocupado polas instalacións da empresa Ence situadas en Lourizán, na ría de Pontevedra, prevese un ámbito de recualificación sobre a Área de Mellora Ambiental e Paisaxística. O obxecto desta área é o da recuperación do espazo que deberá quedar, en todo caso, vacante nun prazo máximo que remata no mes de xullo do ano 2018.

Dada a importancia que para este ámbito e o seu contorno suporá a citada transformación, considérase necesario regulala mediante esta disposición adicional. En concreto, deberase:

- 1. Favorecer a conectividade visual e funcional coa costa e os hábitats que nela e o seu contorno se vaian rexenerar e valorizar.*
- 2. A devandita recuperación irá encamiñada á naturalización da área, de tal maneira que se mellore a súa calidade ambiental e escénica, que concluirá coa inclusión destas áreas recuperables desde o punto de vista ecolóxico na Área de Protección Costeira, de tal maneira que se favoreza a integración de parte do ámbito no seu contorno máis natural, procurando, así mesmo, dotalo de conectividade mediante os corredores xa identificados neste documento. En concreto, recuperarase a praia dos Praceres de forma acorde coas características orixinais da praia e as condicións actuais de hidrodinámica e planta do areal.*
- 3. Así mesmo, na zona norte do ámbito poderanse rehabilitar e acondicionar as edificacións destinadas a aqueles usos e actividades necesarios para a xeración de espazos públicos de calidade e cohesión social, ao mesmo tempo que se*



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

procura a transición cos espazos principais destinados á rexeneración ambiental e recuperación natural do ámbito anteriormente mencionado.

4. Recuperarase a calidade ambiental e paisaxística, contribuírase a dotar de equipamentos e espazos libres de calidade o agregado urbano no que se insire, evitando parámetros de ocupación e intensidade incompatibles coa capacidade de carga do territorio e os valores ambientais, paisaxísticos e patrimoniais propios do litoral.

O desenvolvemento e consecución destes obxectivos concretaranse mediante a redacción do instrumento de ordenación territorial ou urbanístico máis adecuado, atendendo, en calquera caso, ao interese público e á utilidade social da actuación que deberá abordar conxuntamente as accións de rexeneración, restauración e reordenación do ámbito de recualificación previsto nos terreos actualmente ocupados”.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2013

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Deputada do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputada e portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 16/05/2013 19:11:43



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Belén Pontón Mondelo na data 16/05/2013 19:11:56

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, e a través do Portavoz, formula a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**, relativa a posición favorable de Galicia a respecto dun imposto ás transaccións financeiras (ITF).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Estamos a atravesar unha crise severa creada no epicentro do sistema financeiro de EE.UU. que a absoluta falta de regulación bancaria nos movementos de capitais e na enxeñaría financeira estenderon polo sistema a todo o mundo. Esta crise foi comparada coa crise provocada polo crack da Bolsa de New York en 1929, que foi o resultado da explosión da burbulla especulativa creada no valor das accións e que supuxo a Gran Depresión dos anos trinta. Foi John Maynard Keynes quen na súa Teoría Xeral avoga pola necesidade de reducir a excesiva liquidez dos mercados. Para iso defendeu gravar cun pesado imposto de estado as transaccións financeiras, sobre todo as especulativas que operan no curto prazo. Propoñía así un imposto ás transaccións financeiras (ITF) que tería un efecto estabilizador nos valores dos activos financeiros e melloraría o crecemento económico e o emprego.

A perda da convertibilidade dólar-ouro en 1971 supón flutuacións imprevisibles nos tipos de cambio, inestabilidade no valor das moedas e campo libre á especulación. A necesidade que teñen os especuladores de diversificar os riscos leva a diversificar os investimentos e liberalizar os mercados para poder pasar sen risco duns activos a outros. Para iso promóvense lexislacións que supoñen a liberalización dos mercados de capital e de cambio. Isto leva unha economía

internacional fortemente especulativa que cambia a natureza mesma do mercado. Así a economía especulativa imponse á economía produtiva.

A explosión especulativa nos mercados de cambio de divisas “orixinada pola perda de paridade dólar-ouro, a diminución dos custos de transacción ante os avances tecnolóxicos e a liberalización dos mercados de capital e de cambio” leva a James Tobin en 1972 a efectuar unha proposta para regular os mercados de cambio. Dita proposta consiste en impor a nivel mundial un imposto aos intercambios de divisas que ao principio propón cun tipo entre o 0,5% e o 1%, rebaixando a franxa inferior máis tarde ao 0,25% e mesmo ao 0,1%. Este imposto serviría para disuadir das operacións especulativas de cambio que se dan no curto prazo. É o que Tobin chama “botar uns grans de area nas engrenaxes demasiado ben lubricados das finanzas internacionais”. Tobin coincide con Keynes en que a excesiva mobilidade e liquidez nos mercados financeiros socava a función dos gobernos, e asegura que este imposto significará que os gobernos poidan seguir políticas económicas autónomas e soberanas no seu beneficio.

A posterior ascensión ideolóxica da ideoloxía neoliberal con Ronald Reagan e Margaret Thatcher no mundo anglosaxón impide que a proposta de Tobin sexa tomada en consideración. É de novo en 1997 cando Ignacio Ramonet e ATTAC recuperan a idea dunha “Taxa Tobin”. Unha serie de episodios de descontrol nos mercados financeiros, como as crises das bolsas internacionais en outubro de 1987, do sistema monetario europeo de 1992 e 1993, do peso mexicano de 1994, a tormenta bolsista de 1997, ou sobre todo a crise dos mercados asiáticos de 1998, cuestionan as políticas de liberalización financeira que as orixinaron. En 1997 Ignacio Ramonet, nun coñecido artigo en Le Monde Diplomatique titulado “Desarmar os mercados“, propón reformular a idea de J. Tobin e crear un imposto ás transaccións cambiarias para así estabilizar, di, os mercados financeiros. Con todo, son os movementos altermundistas e máis especificamente ATTAC quen veñen defendendo desde entón a creación dun imposto internacional sobre as transaccións cambiarias (ITC), cuxo obxectivo sería dobre.

O primeiro obxectivo coincide co obxectivo de J. Tobin, e é o de disuadir os movementos de capital especulativos que se dan no curto prazo, os chamados “capitais andoriña”, non así os que teñen como finalidade o investimento produtivo e que se dan en prazos máis longos. O segundo obxectivo é o de recadar mediante o imposto un importante fondo que, en principio, o movemento altermundista pretende para redistribución cara ás necesidades urxentes e de desenvolvemento dos países do sur.

Con todo, a experiencia constata que un imposto do 0,1 ao 0,5% sobre operacións cambiarias non pode impedir as crises financeiras que os ataques especulativos puntuais contra unha moeda poden orixinar. No momento álxido da crise de 1997 en Indonesia, a moeda nacional perdeu até un 50% do seu valor, e en proporcións importantes noutros países do Leste asiático.

En 2010 e 2011 a economía española foi obxecto dun ataque especulativo acordado por algúns operadores dos mercados financeiros, ataque planificado nunha reunión da que informou o diario Wall Street Journal en febreiro de 2010. Este ataque planificouse no marco dun ataque xeral ao euro e ás economías dos países do Mediterráneo a través da súa débeda. Desde setembro pasado a especulación centrouse en alimentos, materias primas enerxéticas e débeda soberana, xerando a denominada “guerra de divisas” que enfrontou aos integrantes do G-20 tras a última reunión de Seúl. Tras o recente terremoto, tsunami e crise nuclear en Xapón, a actividade voitre dos especuladores internacionais obrigou ao G-7 a saír no seu defensa.

Ante este tipo de ataques especulativos, o economista alemán Paul Bernd Spahn propuxo un imposto a dúas bandas ou de dobre alícuota. En períodos ordinarios de funcionamento dos mercados financeiros os tipos serían baixos, pero en momentos de ataques intensivos e/ ou planificados contra as moedas se adoptaría automática e puntualmente unha banda superior do imposto de forma que

disuadise absolutamente os movementos especulativos. Esta banda sitúaa con tipos do 50% en diante.

Con todo, a especulación financeira non se centra exclusivamente nos mercados de cambio de divisas, a pesar de ser os máis castigados. A des-regulación bancaria e financeira en xeral, así como a liberdade absoluta nos mercados, fai que os grandes capitais poidan pasar duns activos a outros en busca do beneficio e evitando as incipientes regulacións en determinados mercados. É moi coñecida a inversión especulativa dos fondos de investimento (Hedges Funds) situados polo xeral nos opacos paraísos fiscais ou centros offshore extraterritoriais, ou dos fondos de pensións anglosaxóns, aseguradoras, fondos soberanos e en xeral dos chamados inversores institucionais, e que nas súas carteiras de inversión distribúen os seus capitais entre diferentes activos equilibrando e distribuíndo riscos.

O investimento destes fondos especulativos centrouse en múltiples instrumentos, como as divisas, os valores, os bonos e en particular bonos soberanos da débeda dos Estados, obrigacións, os títulos de hipotecas, os mercados de futuros dos alimentos e de combustibles fósiles, os produtos derivados e calquera produto sobre o que as poderosas finanzas poidan sacar un rápido beneficio sen importarlles en absoluto os efectos daniños, e mesmo criminais, que provocan ao redor do mundo. É por iso polo que diversos actores, tanto gobernamentais como de ONG e movementos sociais, veñen propondo desde diversas ópticas nos últimos anos unha modalidade de imposto que grave a todo tipo de transaccións financeiras: un ITF (Imposto ás Transaccións Financeiras). O ditame do Consello Económico e Social Europeo sobre “O imposto sobre as transaccións financeiras”, aprobado en sesión do 15 de Xullo 2010 (2011/C 44/14) Diario Oficial da Unión Europea C 44/81 11.02.2011, e a recente Resolución do Parlamento europeo, de 8 de marzo de 2011, sobre un financiamento innovador a escala mundial e europea (2010/2105 (INI)) P7_TA-PROV(2011)0080, han respondido e ratificado estas demandas, sumándose aos pronunciamentos de

distintas administracións públicas locais e autonómicas de España e outros países da Unión Europea.

O Imposto ás Transaccións Financeiras (ITF) habería de reunir as seguintes características:

1. Actuar sobre todo tipo de transicións financeiras.

Para dar unha medida xusta da especulación actual, hai que sinalar que a economía especulativa da que falamos, dirixida polos grandes capitais e orientada a crear valor sobre os diversos produtos financeiros incidindo nas flutuacións na súa respectivos mercados, é dicir, a chamada “economía virtual ou economía de casino” multiplicaba por 73,5 veces os intercambios da economía real en 2007, isto é, a actividade que ten lugar mediante os intercambios na produción, distribución e consumo de bens e servizos. Hai que retornar a unha economía real e social, comezando por pór freo á especulación.

2. Hai que expor tipos fiscais que disuadan aos especuladores.

Habemos de expornos que, para quitar o poder á economía financeira e devolvelo aos pobos, o principio de disuadir eficazmente a especulación ha de ser prioritario ao principio de “quen especula paga”. Non son adecuados tipos baixísimos pensando unicamente na recadación, sirva para o que sirva, e coa idea de que a súa inocuidade será aceptada polos mercados financeiros, especuladores internacionais con rostros, nomes e apelidos. Hai que pensar que ningunha recadación é suficiente para combater os males que orixina a propia economía especulativa de rapina “aquela que busca o beneficio no moi curto prazo” e as súas crises sociais e económicas derivadas. Como recentemente manifestou Jean Ziegler “que foi Relator Especial da ONU para o Dereito á Alimentación entre 2000 e 2008 e que actualmente é Vicepresidente do Consello Asesor do Consello de Dereitos Humanos de Nacións Unidas”, “A solución á fame non é dar máis, senón roubar menos”, e é un feito que o maior roubo aos pobos e cidadáns ao longo de todo o planeta dáse actualmente mediante a rapina especulativa

utilizando os paraísos fiscais. Iso no entanto non descarta que a recadación resultante do ITF sirva para diversos motivos, pero pensamos que, dado que o sistema financeiro ha de estabilizarse co imposto e iso ha de repercutir positivamente sobre as economías dos diversos países desenvolvidos e en vías de desenvolvemento, a recadación ha de dirixirse fundamentalmente a combater as grandes secuelas da humanidade, aos máis desfavorecidos, e nese sentido podería ser unha axuda importante á consecución dos obxectivos do Milenio.

3. O ITF idóneamente tería que ser mundial, pero a Unión Europea (UE) ou a Eurozona pode e debe comezar a implementalo.

Este imposto habería de ser global e tería que servir para combater a circulación do catro billóns de dólares que se destinan diariamente a especulación financeira. Pero, mentres non haxa un consenso no conxunto da comunidade internacional, os países da Unión Europea (UE), ou na súa falta a Eurozona, serían unha base suficiente para adoptalo. A pesar dos agoiros creados por expectativas de fuxida de capitais nos países ou rexións que adopten o ITF, se non se adopta a nivel global, tampouco podemos esquecer o círculo vicioso e perverso que se dá neste suposto, que actúa como eterna chantaxe para que nada se mova ante a urxente necesidade de aplicar impostos internacionais de calquera tipo. Neste sentido tampouco é menos certo que os capitais que primeiro foxen son os que non teñen ningún valor social por ser de carácter especulativo, e esta fuxida dificilmente afecta os capitais que basean o seu inversión na economía produtiva e que teñen como basee economías estables, innovación tecnolóxica e capital social e/ ou humano competente. Isto é o que levou ao Goberno de Brasil a implantar o seu imposto ás operacións financeiras (IOF) de forma unilateral e cun constatable beneficio para a súa economía en 2003, e cuxo tipo subiu do inicial 1,5% ao 6% en 2010, dada a autonomía de que actualmente goza o seu Goberno para implementar medidas monetarias e económicas.

4. A comunidade internacional podería delegar nun organismo democraticamente constituído no senón da ONU a xestión do fondo xerado con

este imposto, e, no seu caso, a Unión Europea vería incrementado o seu escuálido orzamento.

A estrutura técnica e material das transferencias internacionais de capital segue sendo esencialmente nacional, polo que consideramos como a opción máis factible que o imposto sexa recadado no lugar de pago, ou sexa, onde se liquidan os contratos de cambio, o cal se realiza mediante os sistemas de pagos electrónicos nacionais.

Na Unión Europea (UE), os bancos centrais haberían de remitir o recadado, estimado en non menos de 250.000 millóns de euros/ano só na UE, a un tipo do 0,05%, ao organismo xestor do orzamento común controlado politicamente polo Parlamento Europeo, ou ben ao organismo creado para ese efecto na Eurozona se é exclusivo para esta.

5. Dado que a existencia dos paraísos fiscais ou centros offshore extraterritoriais podería ser un obstáculo á transparencia e control dos intercambios financeiros, e dada a esencia delituosa destes centros, esta proposta sobre o ITF entendemos que é necesariamente complementaria a outra proposta para combater os paraísos fiscais.

Por todo o exposto con anterioridade, formúlase a seguinte

PROPOSICIÓN NON DE LEI:

O Parlamento de Galicia manifesta o apoio a un imposto ás transaccións financeiras (ITF) e insta a dar os pasos necesarios ao Goberno de España para que o propoña no Parlamento Español, no Parlamento Europeo e na Comisión Europea, entendendo que este imposto ten que afectar á totalidade dos mercados financeiros suxeitos a movementos especulativos e ten que ser o suficientemente alto como para disuadir da especulación, tanto en períodos ordinarios como en períodos extraordinarios de ataques especulativos intensivos, momentos nos que

os tipos teñen que subir ostensiblemente para frear os devanditos ataques, así como que a extensión xeográfica de dita medida ata que non haxa un consenso mundial debe exporse e adoptarse na UE como mínimo.

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2013.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. da AGE.
Xosé M. Beiras Torrado
Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 20/05/2013 10:24:48

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 20/05/2013 10:24:57



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da **Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, a iniciativa dos seus deputados, **Ramón Vázquez Díaz e Xabier Ron Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara do Parlamento de Galicia, presenta a seguinte **Proposición non de Lei**, para o seu debate na Comisión, relativa ás actuacións que necesariamente debe acometer o Goberno da Xunta de Galicia dirixidas a finalizar as obras comprometidas no **CEIP Rosalía de Castro de O Grove**.

O CEIP Rosalía de Castro do Grove é un centro de ensino construído na década dos 60 e conta pois con mais de 40 anos de existencia. É un dos colexios mais antigos da comarca e ten 330 alumnas e alumnos matriculados.

No ano 2010, todos os grupos políticos con representación no Pleno do Concello do Grove, aprobaron por unanimidade, a petición da ANPA do CEIP Rosalía de Castro, unha moción para solicitarlle a Xunta a construción dun novo colexio público para O Grove, dado o estado ruinoso no que se atopaba o máis céntrico e máis concorrido dos centros educativos de O Grove. Tanto o Goberno Local como os partidos da oposición e unha representación da ANPA, acudiron varias veces a Santiago de Compostela e conseguiron do Conselleiro de Educación, non o compromiso da construción dun novo colexio, pero si unha reforma integral do mesmo logo de comprobar que a estrutura estivera en bo estado.

Dita reforma tiña tres fases. Unha primeira fase de reparación do tellado e fachada, que se cumpriu no verán do 2011, unha segunda de adecentamento dos aseos, corredores e aulas, que se cumpriu no verán do 2012 e unha terceira fase que “consistiría na reparación do pequeno Pavillón do Centro” previsto para o verán de 2013.

O longo do presente curso o citado pavillón permaneceu sen uso en numerosas ocasións polas abundantes goteiras que ateigan o tellado, un feito que impide o emprego das instalacións para impartir docencia na área de Educación Física, pero tamén para celebrar festivais ou representacións de obras teatrais ou conmemoracións escolares.

Sorprendentemente, a Consellería de Educación anunciou un cambio de plans e informou a través do Goberno Local, que o arranxo do Pavillón non se ía levar a cabo, acometéndose unicamente a finalización do arranxo dun aseo e dúas fiestras da segunda planta, que estaban programados na segunda fase do compromiso adquirido pola Xunta e que quedaran pendentes. Estas obras foron orzamentadas en 120.000€, cantidade que semella demasiado elevada para unha obra desta índole.

Este feito, ademais de supoñer un incomprensible incumprimento das promesas realizadas á comunidade educativa de O Grove, implica unhas nefastas consecuencias educativas pois o Pavillón permite realizar actividades de docencia pero tamén de recreo e xogo os días de choiva e frío.

O certo é que a pesares das necesarias obras realizadas, o centro aínda precisa de urxentes intervencións, ademais da xa citada en referencia o pavillón cuberto. Urxe o pintado e adecentamento da fachada do patio interior, é imprescindible a instalación de porterías e canastras no patio citado así como a colocación de elementos de seguridade en esquinas e paredes da zona de xogos. O patio infantil precisa da súa adaptación á normativa de seguridade e prevención de accidentes.

O Conselleiro de Educación coñece ben as necesidades do centro pois desprazouse en dúas ocasións ao mesmo, momentos nos que reafirmou o seu compromiso coa realización das obras anteriormente sinaladas.

Por todo elo, o grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento Galego insta o Goberno Galego a

1/ Rematar de xeito urxente as obras comprometidas para o CEIP Rosalía de Castro, incluíndo as intervencións necesarias na cuberta e rehabilitación do Pavillón do centro, contempladas na terceira fase aínda pendente de execución.

2/ Iniciar os estudos para a acometida dos traballos de pintado e adecentamento da fachada do patio interior, instalación de porterías e canastras no patio citado, colocación de elementos de seguridade en esquinas, muros e paredes da zona de xogos e adaptación á normativa de seguridade e prevención de accidentes do Parque de Xogos Infantil.

Compostela, 20 de maio de 2013.

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asinado dixitalmente por:

Ramón Vázquez Díaz na data 20/05/2013 12:35:47

José Javier Ron Fernández na data 20/05/2013 12:35:51



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, a iniciativa dos seus deputados, **Ramón Vázquez Díaz e Xabier Ron Fernández**, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara do Parlamento de Galicia, presenta a seguinte **Proposición non de Lei**, para o seu debate en **Comisión**, relativa a adscripción das Ensinanzas Artísticas Superiores á Universidade.

Numerosas sentenzas do Tribunal Supremo relativas ao recurso presentado por varias Universidades contra a ordenación das Ensinanzas Artísticas Superiores establecida no Real Decreto 1614/2009, sitúan ás Administracións educativas diante da necesidade de dar unha rápida resposta a unha situación que veñen padecendo estas ensinanzas desde hai tempo.

Urxe polo tanto a transformación dos estudos artísticos superiores en ensinanzas de Grao e Posgrao, en paridade coas titulacións universitarias, porque do contrario asistiremos a unha desvalorización e un deterioro destas ensinanzas inadmisíbel para o alumnado, que xa está cursando nestes momentos os estudos en Ensinanzas Artísticas, e para o colectivo de docentes que veñen demostrando o seu compromiso co proceso de converxencia destas ensinanzas no Espazo Europeo da Educación Superior.

De acordo co contido das sentenzas, a integración plena e definitiva das Ensinanzas Artísticas Superiores no Sistema Universitario Galego debe producirse de xeito inmediato, o que inclúe o recoñecemento dos títulos que ofrecen os centros como Graos Universitarios, mediante os mecanismos que se deban establecer. Este proceso debe facerse atendendo ás particularidades e especificidades propias de cada ensinanza.

A normativa educativa vixente, concretamente a LOE, permite solucionar esta problemática sen necesidade de novos desenvolvementos normativos, pois o seu artigo 58, no apartado 4, establece que as Comunidades Autónomas e as Universidades do seus ámbitos territoriais poderán establecer convenios para a organización destas ensinanzas.

Instamos á Administración a que inicie canto antes os pasos para un proceso de integración no que se atenda tanto esas particularidades coma os lexítimos intereses do profesorado e dos diferentes sectores das comunidades educativas. Este proceso deberá realizarse con claridade, determinación e contando coa colaboración necesaria e a participación activa dos axentes educativos, sociais e artísticos propios das Ensinanzas Artísticas Superiores.

Por todo isto, preséntase a seguinte **PROPOSICIÓN NON DE LEI**, para o seu debate na Comisión:

- O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que con data do 1 de xullo de 2013 os centros que imparten as Ensinanzas Artísticas Superiores se adscriban á Universidade e se poña igualmente en marcha un proceso que permita que nun prazo razoable de tempo se poida dar a integración plena de centros e ensinanzas na Universidade, para garantir que o alumnado afectado poida recibir no remate dos estudos a titulación de Grao, pero tamén para iniciar un camiño que permita a plena integración destas ensinanzas na Universidade, e desenvolver así todo o seu potencial no eido da docencia e da investigación.

Compostela, 20 de maio do 2013.

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Ramón Vázquez Díaz



Asinado dixitalmente por:

Ramón Vázquez Díaz na data 20/05/2013 12:36:34

José Javier Ron Fernández na data 20/05/2013 12:36:39



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa do seu deputado **Cosme Pombo Rodríguez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

A Dirección Xeral de Tributos, do Ministerio de Facenda estableceu que os servizos de comedores escolares deberán facturar o 21% de IVE para alumnos maiores de 6 anos e o 10% de IVE para o alumnado de menor idade.

Por considerar inxusta esta medida foron presentadas varias iniciativas no Parlamento Europeo interesándose sobre o particular. Ante os requerimentos presentados, Algirdas Semeta (Comisario de Fiscalidade) anunciou que pedirá información a España para verificar por qué non se exime do IVE aos servizos de coidados infantís.

O propio Comisario sinalou que "a xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da UE parece aceptar que os servizos de coidado infantil (que inclúen o coidado dos cativos en idade preescolar e dos cativos en idade escolar fóra do horario lectivo) poden considerarse a prestación dun servizo que entra no ámbito da asistencia social e da seguridade social, así como da protección da infancia e da xuventude", o que permitiría consideralos exentos de IVE.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo exposto, presentase a seguinte Proposición non de lei:

"O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a poñer os mecanismos necesarios para garantir a exención do IVE nos servizos de comedores Escolares."

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2013

Asdo.: Cosme Pombo Rodríguez

Deputado do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 20/05/2013 13:30:47

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 20/05/2013 13:30:55

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Raúl Fernández Fernández e Carmen Gallego Calvar**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

Exposición de motivos

Dende o ano 2008 se puxeron en marcha diferentes tramos ferroviarios en Galicia que, en moitas ocasións, reduciron os quilómetros para algúns dos distintos servizos prestados. Por exemplo – e segundo as propias Notas do Ministerio – xa incluso na actualidade no eixo atlántico, entre Vigo e Santiago – aínda estando pendente de poñer en marcha moitos dos tramos pendentes e actualmente en obras - a distancia reduciuse en 6 quilómetros, pasando dos 105 a 99.

Estes feitos teñen importancia ao respecto do cálculo das tarifas, posto que estas se establecen en relación aos datos de quilómetros realmente recorridos. Pero a empresa pública Rende Operadora non trasladou estas rebaixas a súas correspondentes tarifas (nin as súas revisións anuais), co que se están a trasladar ás tarifas maiores contías cas que deberan resultar, co conseguinte aumento inxustificado de custe para os seus usuarios.

A Xunta de Galicia, a través da Xunta Arbitral de Transportes da Dirección Xeral de Mobilidade, acaba de dar a razón, nun Laudo de data 7 de febreiro de 2013, neste sentido a usuarios que reclamaran a devolución dos importes indebidamente tarifados, pese as razóns esgrimidas pola operadora pública ferroviaria Renfe que aducía que as tarifas se calculaban en base a unhas supostas “unidades tarifarias” que non coincidían cos quilómetros reais, sendo superiores.

Esta reclamación puntual – que ademais, dado o carácter normativo dun Laudo, non ten forza legal suficiente – debe servir para que Renfe modifique con carácter as súas tarifas, establecéndoas en función dos novos traxectos postos en servizo e que, en moitas ocasións, reducen as

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

distancias de moitos dos servizos ferroviarios. Así se recolle tamén no artigo 19.3 da Lei 16/1987, do 30 de xullo, da Ordenación dos transportes terrestres, onde se reflicte que *“tanto a fixación inicial como as sucesivas revisións das tarifas deberán realizarse tendo en conta a situación, as modificacións e a interacción recíproca do conxunto de variables que se determinen como elementos integrantes da estrutura tarifaria”*.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Fomento para que dea as instrucións necesarias ao obxecto de conseguir que as tarifas dos servizos ferroviarios que establece Renfe se calculen en función dos quilómetros realmente recorridos, tendo en consta as reducións producidas.

Pazo do Parlamento, 20 de maio de 2013

Asdo.: Raúl Fernández Fernández
Carmen Gallego Calvar
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Raúl Fernández Fernández na data 20/05/2013 14:09:15

María Carmen Gallego Calvar na data 20/05/2013 14:09:24

Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/05/2013 14:09:30

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerdas**, por iniciativa do seu deputado **David Fernández Calviño** e a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Comisión**.

O Anteproxecto de Lei de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, de reforma da Lei de Bases de Réxime Local, nos termos informados polo Consello de Ministros na súa reunión de 15 de febreiro de 2013, establece que as entidades de ámbito territorial inferior ao municipio carecerán de personalidade xurídica.

Con todo, o Estatuto de Autonomía de Galicia na súa Art.º 2.2. indica que a organización territorial deberá ter en conta a distribución da poboación galega e as súas formas tradicionais de convivencia e asentamento, atribuíndolle á Comunidade Autónoma de Galicia a cualificación para “recoñecer personalidade xurídica á parroquia rural” como entidade local propia (Art.º 27.2 e 40.3). Tamén a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, dota na súa exposición de motivos “á parroquia rural, de longa tradición no campo galego, verdadeira trama celular da vida local do noso pobo e auténtico sinal de identidade, da condición de ente local de carácter territorial”, indicando que esta debe gozar de autonomía para a xestión dos seus intereses e prevendo a súa futura regulamentación por Lei específica do Parlamento.

Así, na redacción modificada do Art. 45, proposta no citado Anteproxecto, indícase que “*Las leyes de las Comunidades Autónomas sobre régimen local regularán las entidades de ámbito territorial inferior al Municipio, **que carecerán de personalidad jurídica** [...] e que “Sólo podrán crearse este tipo de entidades si resulta una opción más eficiente para la administración desconcentrada de núcleos de población separados de acuerdo con lo previsto*

en la Ley Orgánica 2/2012.” Inclúese aínda unha disposición transitoria terceira, de “*Disolución de entidades de ámbito territorial inferior al Municipio*” e unha disposición transitoria quinta “*Entidades de ámbito territorial inferior al Municipio en constitución*”, que só deixa aberta a posibilidade de manter a personalidade xurídica a aquelas entidades que estivesen constituídas ou que inicien o procedemento de constitución antes do 1 de xaneiro de 2013. A redacción orixinal, polo contrario, non impedía o recoñecemento da personalidade xurídica deste tipo de entidades e permitía aínda o establecemento do réxime de Concello Aberto, fórmula de democracia directa que tamén é suprimida na redacción proposta.

Por todo iso, de verificarse a súa aprobación nos termos informados polo Consello de Ministros, e facéndose evidente a vulneración das disposicións do Estatuto de Autonomía de Galicia, resulta preciso que os órganos de asesoramento xurídico do Goberno e Parlamento de Galicia inicien a preparación de demandas de interposición de recurso de inconstitucionalidade contra os preceptos relativos á personalidade xurídica das paróquias. Neste sentido, o Art. 32 da Lei Orgánica 2/1979, de 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, faculta aos órganos colexiados executivos e ás asembleas das Comunidades Autónomas o exercicio do recurso de inconstitucionalidade contra as leis do Estado que afecten o seu ámbito de autonomía, como é o caso, debendo formularse estes no termo de tres meses desde a publicación da Lei.

Neste sentido, compre acordar que o propio Goberno Galego xa interpuxo recurso de inconstitucionalidade en relación a este mesmo Art. 45, na súa redacción orixinal de 1985, e que a Sentenza do Tribunal Constitucional 214/1989, de 21 de decembro de 1989, ditou que parte das as súas previsións carecían do carácter de norma básica e non resultaban de directa aplicación no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. De non verse alterada a interpretación do Tribunal Constitucional, parece evidente que o criterio de

respecto polas previsións do Estatuto de Autonomía debe primar e que a disposición de que as entidades de ámbito territorial inferior ao municipio carezan de personalidade xurídica é inconstitucional.

Finalmente, é necesario ter en conta que a falta de desenvolvemento lexislativo do recoñecemento da personalidade xurídica da parroquia en Galicia deixa as máis de 3.700 parroquias existentes en Galicia nunha situación de absoluta indefensión para a conservación do dereito a existir xurídicamente establecido no Estatuto. Ante esta conxuntura, faise urxente a actuación decidida do Parlamento de Galicia para garantir a continuidade dunha institución diferencial e milenar que se presenta como instrumental para a dinamización da participación política en democracia directa e para o desenvolvemento e supervivencia do noso mundo rural.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia,

- 1) Amosa o seu rexeitamento ao Anteproxecto de Lei de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, de reforma da Lei de Bases de Réxime Local, nos termos informados polo Consello de Ministros na súa reunión de 15 de febreiro de 2013, unha vez que non respecta o modelo territorial de Galicia e as previsións do Estatuto de Autonomía de Galicia, en particular no que concierne ao recoñecemento da personalidade xurídica das parroquias.
- 2) Insta á Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España a retirada de todas as modificacións ao Art. 45 da Lei de Bases de Réxime Local, así como das disposicións adicionais terceira e quinta do Anteproxecto de

Lei de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local antes da súa aprobación como Proxecto de Lei.

- 3) Insta á Xunta de Galicia a realizar un informe xurídico que determine si o anteproxecto de Lei de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, nos termos informados polo Consello de Ministros, vulnera o Estatuto de Autonomía de Galicia, co obxectivo de realizar as accións pertinentes no ámbito político, administrativo, parlamentario e xudicial, incluído o recurso de inconstitucionalidade de aprobarse a Lei nos termos do actual Anteproxecto.

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2013.

Asdo.: David Fernández Calviño

Deputado do G.P. da AGE.

Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

David Fernández Calviño na data 21/05/2013 10:01:39

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 21/05/2013 10:01:44

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerdas**, por iniciativa do seu deputado **David Fernández Calviño** e a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Actualmente existe unha solicitude da modificación de características da concesión administrativa e declaración de utilidade pública do aproveitamento dos ríos Salas e Limia, nos termos municipais de Muiños, Lobios, Lobeira, Calvos de Randín e Entrimo (Ourense), para a produción de enerxía eléctrica. Central reversible Salas-Conchas publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense co n.º 285 do 13-12-2012.

O encoro de Salas forma parte do Espazo Natural Protexido de carácter internacional “Parque Transfronteirizo Gerês-Xurés” declarado recentemente como Reserva da Biosfera pola UNESCO zona de gran riqueza medioambiental, patrimonial, cultural...que comparte usos e costumes dende tempo inmemorial a ambos os dous lados da Raia.

Os encoros de Salas e As Conchas contan cun diferente estado trófico e ecolóxico, desta forma, o encoro de Salas encóntrase clasificado como mesotrófico e o Das Conchas como eutrófico. No estudo do hábitat fluvial no encoro Das Conchas detectáronse cianobacterias con porcentaxes superiores ao 99% sendo catro taxóns tóxicos, e cualificándose no verán do ano 2011 como hipertrófico. Tendo en conta os principais parámetros indicadores do potencial ecolóxico (biolóxicos e físico-químicos), clasificouse o encoro de Salas como MODERADO en primavera e verán de 2010 e como BO en primavera de 2011 e MODERADO en verán de 2011, mentres que o encoro

Das conchas como MODERADO en primavera e verán de 2010; e DEFICIENTE en primavera de 2011 e MALO en verán en 2011. Así, a posta en contacto das dúas masas de augas do encoro das Conchas e do Salas, con características hidrolóxicas e condicións fisicoquímicas da auga moi diferentes, provocará alteracións significativas no estado de calidade das augas, así como alteracións significativas en relación ás concentracións de nitratos e amonio de ambas as dúas masas de augas e alteracións nas comunidades taxonómicas do fitoplancto producindo unha contaminación antropoxénica que afectará ao estado de calidade das augas, non alcanzándose o bo potencial ecolóxico segundo os criterios da Directiva Marco da auga.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.^a:

O Parlamento de Galicia insta ó Goberno galego a que rexeite o proxecto e se formule unha declaración de impacto ambiental en sentido negativo para o proxecto aproveitamento hidroeléctrico reversible de Salas-Conchas con n.º expediente: H/32/01054 e H/32/01240 (20100361HID).

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2013.

Asdo.: David Fernández Calviño

Deputado do G.P. da AGE.

Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:



David Fernández Calviño na data 21/05/2013 10:09:49

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 21/05/2013 10:09:59

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados, **Beatriz Sestayo Doce, José Luis Méndez Romeu e José Manuel Gallego Lomba**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A comarca de Ferrolterra está inmersa nunha profunda crise económico-social. As taxas de paro son case iguais que as de ocupación, os datos da emigración moza é alarmante e o desmantelamento da cidade e da comarca é un feito que se produce ante un incomprensible desleixo dos gobernos do PP que parecen dispostos a sacrificar a poboación que vive nesta terra.

A crise do naval segue a crecer mentres todas e cada unha das promesas fóronse esvaecendo: o centro de reparacións, o dique flotante, os remolcadores, os quimiqueiros, e ata o flotel. As mentiras deixaron paso a un silencio vergoñento.

Esta deputada ten solicitado ao abeiro do Regulamento da Cámara, de cumprimento imperativo, os xa «famosos contratos de Pémex». A petición está formulada de todas as formas posibles, sexan contratos como afirmaba Feijoo, sexan documentos, sexan «memorandum de intencións». O certo é que o Goberno autonómico incumpre o deber de ser controlado politicamente pola Cámara poñendo en perigo o mesmo sistema democrático, constitucional e estatutario. A presidenta do Parlamento está a ser cómplice ao permitir que o Goberno desprece à Cámara de representación popular.

Representantes do PP alleos ao Parlamento teñen feito manifestacións públicas de ter visto os contratos de Pemex que non obstante, a Xunta nega aos que estatutaria e legalmente temos a lexitimidade para exercer o control do executivo.

En virtude do exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

 Grupo Parlamentario

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a exhibir de forma inmediata á oposición os supostos contratos de Pemex dos que Feijoo afirmou ser testemuña na sinatura televisada pola TVG.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 20 de maio de 2013

Asinado dixitalmente por:

Beatriz Sestayo Doce na data 21/05/2013 10:49:35

José Luís Méndez Romeu na data 21/05/2013 10:49:49

José Manuel Gallego Lomba na data 21/05/2013 10:50:03

Abel Fermín Losada Álvarez na data 21/05/2013 10:50:16



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa das súas deputadas **Ana Belén Pontón Mondelo** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión** relativa á mellora da atención sanitaria primaria en Santiago de Compostela.

O concello de Santiago de Compostela presenta deficiencias non cubertas en relación coa atención sanitaria primaria. Os centros de saúde de Vite, As Fontiñas e Conxo e o ambulatorio de Concepción Arenal son totalmente insuficientes para atender ás case 130.000 persoas asignadas ás cotas médicas dotadas na cidade. Hai problemas de espazo e persoal, que por exemplo, impiden a ampliación da quenda de mañá –a máis demandada- en todo Santiago.

Estas condicións obxectivas xustifican a demanda que existe de dotar ao concello de Santiago de dous novos centros de Saúde, un en Galeras e outro en Conxo. Compromisos que a Xunta de Galiza ignorou, incapaz de iniciar a construción destes equipamentos e a pesar de ter comprometido o inicio dos mesmos no ano 2010. De feito, o único que temos é o anuncio de que se ían licitar as obras do centro de Galeras xusto antes das eleccións e a decisión de non construír o equipamento previsto para Conxo. Unha decisión arbitraria e inxustificada cando era –e é- evidente que existen condicións obxectivas que xustifican a construción deste novo centro de saúde. No caso do centro de Saúde Galeras, resulta inxustificábel que a estas alturas, e despois de reiterados anuncios continúe sen adxudicarse e iniciarse as obras deste equipamento sanitario.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo dito formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

1. Adxudicar no prazo de quince días as obras do Centro de Saúde de Galeras.
2. Iniciar os trámites necesarios para a construción do centro de saúde que estaba previsto no barrio de Conxo en Santiago de Compostela, asumindo directamente desde o ámbito público os custes de investimento precisos para a súa construción e xestión.

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2013

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Deputada e Portavoz S. do G.P. do BNG

Montserrat Prado Cores

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 21/05/2013 11:09:40

María Montserrat Prado Cores na data 21/05/2013 11:09:49

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, **José Luis Méndez Romeu, Beatriz Sestayo Doce e José Manuel Gallego Lomba**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

A central térmica das Pontes, explotada pola empresa ENDESA, é unha das empresas tractoras do emprego e da economía da comarca. Como todas as empresas operadoras no mercado da enerxía, está sendo afectada polas continuas modificacións do marco regulatorio, fiscal e de incentivos, que o Goberno de España vén desenvolvendo. Agora a nova normativa de emisións de gases industriais, con prazos axustados para a súa entrada en vigor, crea un novo escenario restritivo, esixindo grandes investimentos, cando aínda non foron amortizados os efectuados no ano 2009 para adaptarse á normativa vixente entón.

O Goberno galego non pode quedar pasivo diante dunha nova diminución da capacidade industrial de Galicia. Cómpre negociar unha moratoria ata que a recuperación económica libere novos recursos económicos, ou polo menos negociar coas autoridades comunitarias un calendario máis amplo. Outros países como o Reino Unido están traballando na consecución dese obxectivo.

Días pasados, o Concello das Pontes aprobaba coa unanimidade dos seus grupos políticos, a seguinte Declaración Institucional:

“O cumprimento da normativa sobre emisión de gases industriais impón entre outras, ás grandes instalacións de combustión uns valores límite de emisión a cumprir, establecendo prazos para iso. Así, as centrais térmicas deberán comunicar a súa intención de cumprir ditos valores, para o cal deberán afrontar unha serie de adaptacións que supoñen grandes investimentos, que no caso da central térmica de Endesa nas Pontes ascende a 200 millóns de euros.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Este marco normativo obriga a tomar esta decisión transcendental, nun escenario moi preocupante de baixada da demanda de enerxía eléctrica, aumento de presenza de enerxías renovables e despois dunha nova carga impositiva á produción con carbón que complica a rendibilidade dos complexos termoeléctricos como o das Pontes.

A central térmica das Pontes vén realizando distintos procesos de transformación para rebaixar os seus niveis de emisións e de gases contaminantes, con importantísimos esforzos investidores por parte da empresa e do Estado; a última foi realizada nos anos 2006/07, cun investimento superior aos 200 millóns de euros que a deixou moi preto de cumprir os novos valores límite. O complexo leva máis de 30 anos sendo o motor económico deste concello, e un dos máis importantes de Galicia do que dependen centos de empregos directos, indirectos e inducidos, o que fai que o mantemento da súa actividade no futuro sexa esencial para garantir o progreso económico e social do entorno, polo que o Pleno do Concello das Pontes acorda:

1.- Requirir á Xunta de Galicia e aos ministerios de Industria e Medio Ambiente que adopten as medidas necesarias para que se garantan a adaptación e a continuidade da Central Térmica das Pontes.

2.- No caso de non acadarse acordo coas empresas propietarias das centrais térmicas, requirir á Xunta de Galicia e aos ministerios de Industria e Medio Ambiente que negocien unha moratoria nos prazos de decisión que establece a directiva, á espera que mellore o escenario económico no que se teñen que adoptar as referidas decisións de investimento, tan considerables polo seu importe e despois das realizadas tan recentemente para o mesmo fin.”

O Grupo Parlamentario Socialista ten demandado insistentemente na Cámara, a definición e execución dunha política enerxética e industrial propia, que impida a desaparición das principais industriais do país, a perda de emprego cualificado e a desertización industrial. Ata agora con cativo éxito. As Pontes e a súa comarca, seguen sendo un dos poucos enclaves industriais de Galicia.

Grupo Parlamentario

É imprescindible garantir a continuidade das empresas alí radicadas, nomeadamente das que teñen capacidade tractora ou vertebradora doutras empresas auxiliares.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

En consecuencia, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a trasladar o Goberno de España:

1.^a) A necesidade de adoptar as medidas precisas para garantir a continuidade das actuais centrais térmicas galegas

2.^a) A oportunidade de desenvolver unha acción política, xunto con outros países, diante das autoridades comunitarias para o impulso dun novo regulamento do mercado de CO₂, para que non prexudique ás empresas eléctricas e ás empresas industriais no seu comercio exterior extracomunitario.

Pazo do Parlamento, 21 de maio de 2013

Asinado dixitalmente por:

José Luís Méndez Romeu na data 21/05/2013 13:23:00

Beatriz Sestayo Doce na data 21/05/2013 13:23:14

José Manuel Gallego Lomba na data 21/05/2013 13:23:23

Abel Fermín Losada Álvarez na data 21/05/2013 13:23:35

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario Socialista**, por iniciativa dos seus deputados **José Ramón Val Alonso, Francisco Caamaño Domínguez e José Manuel Gallego Lomba**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

A recente aprobación do "Plan para a xestión do polbo para os anos 2013 e 2014" ten causado un profundo malestar en parte do sector.

No plan a época autorizada de vixencia abarcará desde o 16 de maio de 2013 ata a data de inicio da veda do ano 2014, que se fixará polo correspondente Plan de xestión que se publicará antes do 15 de abril de 2014.

Ademais da duración da campaña, outra das novidades importantes é o réxime de calamento das nasas. Así, de Cabo Silleiro a Corrubedo as nasas terán que levantarse todos os días, coa excepción daquelas que estean establecidas en fondos superiores aos 25 metros que poderán permanecer no seu calado de luns a venres sen ser levadas a porto. No resto do litoral galego, as nasas poderán permanecer caladas sen ser levadas a porto, incluso durante o período de descanso semanal.

Esta diferenciación é a que ten levado ao sector a se manifestar e incluso a parar a súa actividade en sinal de protesta contra unha medida que considera inxusta, e que incluso pode provocar situacións de inseguridade na frota ao verse obrigadas todas as embarcacións a recoller e cargar todos os venres as artes de pesca.

O Grupo Parlamentario socialista considera que é necesario por riba de todo priorizar a seguridade, e aplicar medidas que non sexan inxustas e insolidarias co sector, por esta razón o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

 Grupo Parlamentario

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1.º) Derrogar o actual Plan de xestión do polbo no que corresponde coa zona de Cabo Silleiro a Corrubedo por considerar que pode levar a frota a situacións de inseguridade e do mesmo xeito consideralo inxusto e in-solidario.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2.º) Elaborar urxentemente un novo plan de xestión consensuado co sector, onde se prime a seguridade e onde se podan establecer medidas compensatorias para que deixar as nasas caladas durante a fin de semana non supoña un aumento do esforzo pesqueiro.

Pazo do Parlamento, 21 de maio de 3013

Asinado dixitalmente por:

José Ramón Val Alonso na data 22/05/2013 10:13:32

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 22/05/2013 10:13:45

José Manuel Gallego Lomba na data 22/05/2013 10:13:53

Abel Fermín Losada Álvarez na data 22/05/2013 10:14:20



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa das deputadas **María do Carme Adán Villamarín** e **Ana Belén Pontón Mondelo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos

A Lei 3/2008 do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galiza considera necesario que unha actividade tan relevante desde o punto de vista socioeconómico e medioambiental como é a minaría conte cunha planificación a nivel de Galiza co obxecto de establecer os principios e as directrices para unha ordenación mineira baseada en criterios de estabilidade e sustentabilidade. Para este fin a Lei contempla no seu título III que a planificación da minería debe realizarse a través da redacción dun Plan sectorial de actividades extractivas. Este Plan está chamado a desenvolver os eixes básicos de actuación administrativa en Galiza no sector, polo que se debe propiciar a coordinación das accións, o seu desenvolvemento sustentábel, a mellora tecnolóxica e a diversificación económica.

Segundo o artigo 7 de dita Lei o Plan Sectorial debe contar cos informes oportunos do Consello da Minaría de Galiza, para despois ser consensuado entre a administración, as organizacións sindicais e empresariais do sector, as asociacións de defensa da natureza, das comunidades de montes en man común, dos concellos mineiros, dos colexios profesionais competentes en materia mineira e da Cámara Oficial Mineira de Galicia.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recentemente o goberno galego presentou o Plan Sectorial de Actividade Extractivas de Galiza, un documento elaborado sen consenso e no que se toma clamaramente partido por unha concepción do territorio galego como unha mina na súa globalidade. O feito de que o goberno do PP non constituíra nunca o Consello da Minaría de Galiza, creado pola Lei 3/2008 do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galiza, implica que organizacións tan importantes como as que traballan no ámbito da defensa da natureza ou as comunidades de montes en mancomún quedarán completamente fóra da redacción do PSAEG. A vontade do goberno semella ter o sesgo da exclusión para poder facilitar as demandas de especuladores e multinacionais da minaría.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a retirar o Plan Sectorial de Actividades Extractivas de Galiza e consensuar un novo cos axentes que forman parte do Consello Galego da Minería como marca a Lei 3/2008 do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galiza”.

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2013

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Deputada e Portavoz S. do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputada e Portavoz S. do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 22/05/2013 10:50:04

Ana Belén Pontón Mondelo na data 22/05/2013 10:50:14



A MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da **ALTERNATIVA GALEGA DA ESQUERDA (EU-ANOVA)**, a iniciativa dos seus deputados **Ramón Vázquez Díaz** e **Xabier Ron Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión**, relativa a evitar as actuacións da Xunta tendentes a xestionar unha visita papal a Galicia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise económica e social que está a padecer Galicia e o número crecente de galegas e galegos que se ven dirixidos á miseria cada vez en maior número constitúen unha realidade que preocupa tanto aos que a padecen como ao conxunto da cidadanía galega. Todos os recursos do país deben ir dirixidos polo tanto, de xeito prioritario, a procurar a solución dun problema que explica o drama de moitas familias.

O pasado día 17 de Maio, o presidente da Xunta de Galicia Alberto Núñez Feijoo, xunto con membros destacados do Goberno Galego e o Alcalde de Compostela Angel Currás, recibiron no Aeroporto de Compostela ao Secretario de Estado do Vaticano o señor Tarcisio Bertone, quen permaneceu en Galicia durante tres días.

Nestas datas, o Presidente da Xunta anunciou en reiteradas ocasións a súa intención de traer o Papa Jorge Mario Bergoglio (Francisco I) a Galicia co gallo do VIII aniversario da peregrinación de San Francisco de Asís a Compostela e fixo públicas as xestións dirixidas a conseguir dito acontecemento.

Unha nova visita papal que suporá, de realizarse, un novo dispendio de recursos públicos, nun momento en que milleiros de galegos e galegas carecen de emprego, vivenda e dos recursos mais básicos para poder vivir con dignidade.

Temos que recordar que a pasada visita do Papa Joseph Ratzinger (Benedicto XVI) a Galicia, realizada no mes de novembro de 2010, amais da anulación das normas constitucionais durante a visita, supuxo un custe de máis de tres millóns de euros nunha estadía de pouco máis de 7 horas de duración no noso país. Un custe de 6.500 euros por cada un dos minutos que o máximo representante da Igrexa Católica permaneceu en Galicia.

Dende o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda consideramos inadmisíble que nun estado laico e aconfesional os recursos públicos se empreguen en pagar visitas de autoridades relixiosas, mais aínda cando eses recursos se lle negan a cidadanía para acceder a servizos básicos como a educación ou a sanidade. Cando a chamada política de austeridade da que fai gala este goberno provoca que cada vez mais galegos e galegas vivan en condicións de exclusión social.

Por todo elo o grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda presenta a proposición non de lei para o seu debate na Comisión:

O Parlamento Galego insta o Goberno Galego

- 1) a cancelar as actuacións dirixidas a xestionar a visita do Papa Francisco I a Galicia.
- 2) a non adicar ningún recurso público no caso de que se produza a visita do máximo representante da Igrexa Católica.

Compostela, 22 de maio do 2013.

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Xabier Ron Fernández



Asinado dixitalmente por:

Ramón Vázquez Díaz na data 22/05/2013 10:35:39

José Javier Ron Fernández na data 22/05/2013 10:35:42

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario Socialista**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, **José Luis Méndez Romeu, Beatriz Sestayo Doce e José Manuel Gallego Lomba**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

O fracaso da política enerxética do Goberno Núñez Feijoo, é clamoroso. Concurso eólico non desenvolto e hoxe inviable, modificacións lexislativas, fiscais e do réxime de primas que imposibilitan o retorno dos investimentos, abandono das fontes renovables, peche das fábricas de compoñentes, etc.

Nesta semana coñeciamos tres novos episodios. Dunha banda a empresa Gas Natural Fenosa, primeira beneficiada do concurso eólico, pecha os seus servizos de atención ao cliente en Galicia, deslocalizando totalmente o servizo. Doutra, Gamesa, primeiro fabricante de compoñentes e menosprezado no devandito concurso, liquida un terzo do seu cadro de persoal. Ademais, Acciona, outra das grandes firmas construtora e xestora, pecha o seu centro de control en Galicia.

O Goberno galego, non ten opinión, non está, como non está na política de emprego ou na política industrial. Agás introducir recortes na democracia, no sistema representativo ou no Estado de benestar, o Goberno non existe.

Cómpre lembrar que no caso de Acciona, trátase dunha grande empresa multinacional, de matriz española, presente en moi distintas áreas da actividade económica, e beneficiaria de moitos concursos en Galicia, por exemplo das obras da Cidade da Cultura. É unha empresa, como outras grandes e diversificadas, que debe asumir retornos dos seus contratos en forma de emprego ou investimento.

Porque mentres Galicia exporta os beneficios que producen os seus recursos endóxeos, como o vento ou a auga, nin as empresas galegas nin os consumidores se benefician de tarifas singulares ou de retornos industriais.

Grupo Parlamentario

A explotación sistemática, por longos períodos de tempo, dos recursos naturais, non pode exercerse sen contrapartidas, e lle corresponde ao Goberno galego definilas e esixilas. É a mínima acción política que pode desenvolver un Executivo e non ten custos económicos.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Acciona Enerxía xestionaba ata agora dende Santiago todas as instalacións eólicas nas que participa, en total mil megavatios. Nos anos 2011 e 2012 foi despedido o 45 % do seu cadro de persoal e agora pretenden aplicar un expediente de regulación de emprego para o despedimento doutro 39 %. Unha situación paradoxal pois no resto do Estado será despedido o dez por cento dos empregados. A máis recurso xerador de beneficios en Galicia, correspóndese menor cadro de persoal. Unha ecuación propia de países desenvolvidos.

Os traballadores de Santiago remitiron un escrito ao Sr. presidente da Xunta, que ata hoxe non dou resposta. Quizais os bolos no escenario estatal, as declaracións e ameazas para contrarrestar a falta de explicacións, o balbordo mediático que non tapa a falta de política económica, non lle deixaron tempo para a resposta.

En consecuencia, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a esixir das empresas titulares de concesións administrativas ou de contratos de subministro de bens e servizos, retornos en forma de emprego directo ou investimentos industriais en volumes proporcionais ao importe dos beneficios previstos.

Pazo do Parlamento, 22 de maio de 2013

Asinado dixitalmente por:



Grupo Parlamentario

José Luís Méndez Romeu na data 22/05/2013 11:47:26

Beatriz Sestayo Doce na data 22/05/2013 11:47:41

José Manuel Gallego Lomba na data 22/05/2013 11:47:49

Abel Fermín Losada Álvarez na data 22/05/2013 11:47:56

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O Grupo Parlamentar da **ALTERNATIVA GALEGA DA ESQUERDA (EU-ANOVA)**, a iniciativa dos seus deputados **Ramón Vázquez Díaz** e **Xabier Ron Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**, relativa a sinalética en galego nas peaxes das autoestradas do país.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As empresas concesionarias das autopistas galegas veñen de substituír os sinais de peaxe previos ás cabinas de pago traducíndoas ao castelán, despois de ter recibido ata 54 boletíns de denuncia por un importe de mais de 150.000 euros.

Ditas sancións prodúcense, sen que se producira queixa algunha, nin se teña constancia de que os sinais en galego leven a confusión ou produzan problema algún na xestión do tráfico das vías sinaladas. Polo que, de novo, provócase un conflito lingüístico onde non o hai, co único fin de atacar ao galego.

As sancións prodúcense, ademais, contradicindo non só o Estatuto de Autonomía e a Lei de Normalización Lingüística de Galicia senón que contravén a propia normativa de tráfico.

O Real Decreto 2296/1981 sobre a sinalización de estradas, aeroportos, estacións ferroviarias, de autobuses, marítimas e servizos públicos de interese xeral das Comunidades Autónomas con lingua oficial distinta do castelán, establece que “as indicacións escritas que inclúan ou acompañen ós paneis de sinalización das estradas, figurarán ben no idioma castelán, ben en dito idioma e no da outra lingua oficial da comunidade autónoma”. No mesmo sentido se expresa o R.D. 334/1982.

O Real Decreto 1428/2003 polo que se aproba o regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre o tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real decreto Legislativo 339/1990, establece que as indicacións escritas que se inclúan ou acompañen aos paneis de sinalización das vías públicas, figurarán no idioma castelán, na lingua oficial da comunidade recoñecida no estatuto de autonomía, cando a sinal se atope no ámbito territorial de dita comunidade.

Toda a normativa de desenvolvemento e, por suposto, a xa citada normativa galega recoñece o dereito e a obriga de empregar o galego na sinalética das vías de tránsito.

A Dirección Xeral de tráfico vén de anunciar a retirada das sancións despois das numerosas protestas e queixas realizadas por diferentes colectivos sociais e organizacións diante dun novo ataque a lingua galega, tratada coma se fose unha lingua estranxeira máis en Galicia, e sométese a un constante acoso idiomático. O decreto do Plurilingüismo, a LOMCE e a nova Lei do Sistema Universitario de Galicia son probas contundentes desta situación.

O Goberno Galego ten a obriga de exercer as súas competencias na defensa da lingua de Galicia e na defensa do cumprimento da Lei, mais se cabe, tendo en conta que as empresas adxudicatarias das autoestradas reciben importantes cantidades de recursos públicos galegos.

Por todo elo o Grupo Parlamentar de Alternativa Galega da Esquerda presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento Galego insta ao Goberno Galego

A esixir das empresas concesionarias das autoestradas galegas o inmediato restablecemento dos sinais modificados, para que ditos sinais sexan rotulados en

galego.

Compostela, 22 de maio do 2013.

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asinado dixitalmente por:

José Javier Ron Fernández na data 22/05/2013 12:07:47

Ramón Vázquez Díaz na data 22/05/2013 12:07:50

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Moisés Blanco Paradelo, Agustín Baamonde Díaz, Aurelio Núñez Centeno, Carmen Pardo López, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Julia Rodríguez Barreira, Cristina Romero Fernández e M^a Dolores Faraldo Botana**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos

A **Apertura de Datos** é unha iniciativa que promove que os datos e información en poder das administracións públicas expóñanse e fáganse accesibles á sociedade e, dentro dela, a Reutilización da Información do Sector Público é un dos principais obxectivos.

A Comisión Europea promoveu a través da Directiva 2003/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello, a lexislación sobre reutilización da información do sector público en cada Estado membro.

A Administración pública galega está avanzando en varias liñas de servizos de proximidade ao cidadán que se articulan ao redor do Decreto 198/2010, de 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes e do Decreto 201/2011, do 13 de outubro, polo que se regula a presenza da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia na internet e que acaba de demostrar o interese da Xunta por regular, ordenar e consolidar as novas formas de relación que xorden, como novas oportunidades, grazas ao emprego das TIC.

A importancia económica dos datos abertos evidénciase xa no informe PIRA, que realizou a Comisión Europea no ano 2000 baixo o nome de *Commercial exploitation of Europe's public sector information*, que mostra que este sector representou no ano 1999 case o 1% do produto nacional bruto na Unión Europea.

Hoxe en día existe xa un crecente sector económico ao redor da Reutilización da Información do Sector Público. A maior oferta e calidade desa información redunda directamente na sociedade que recibirá deste sector recursos encamiñados a ofrecer un valor engadido sobre a información publicada.

A Administración debe ser neste sentido moi proactiva en canto á publicación dos datos, preguntando ao sector infomediario acerca da información que pode ser máis interesante e xerar máis valor.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión.

“ O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a, avanzar nas medidas orientadas á Reutilización da Información do Sector Público e á identificación dos conxuntos de datos que podan ter un maior interese para a xeración de aplicacións e servizos, impulsando a creación de recursos atractivos que podan xerar valor e posibilitar a xeración ao seu redor de novos modelos de desenvolvemento económico”.

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2013

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 22/05/2013 17:28:18

Moisés Blanco Paradelo na data 22/05/2013 17:28:33

Agustín Baamonde Díaz na data 22/05/2013 17:28:49

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 22/05/2013 17:29:05

María Carmen Pardo López na data 22/05/2013 17:29:14

Jose Alberto Pazos Couñago na data 22/05/2013 17:29:33

Paula Prado del Río na data 22/05/2013 17:29:52

María Julia Rodríguez Barreira na data 22/05/2013 17:30:08

Cristina Isabel Romero Fernández na data 22/05/2013 17:30:24

María Dolores Faraldo Botana na data 22/05/2013 17:30:33



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a instancias da deputada **María do Carme Adán Villamarín** e **Daniel Rodas Chapela**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos

Pescanova é unha empresa galega con filiais e produción externalizada en diversos lugares do mundo. Conta con 85 buques factoría e con 25 plantas de procesado. Na actualidade, Pescanova distribúe os seus produtos en Europa, Estados Unidos e Xapón entre outros destinos, e é líder en produtos do mar conxelados no Estado Español e Portugal, con cotas de mercado do 23% e do 15%, respectivamente.

Pescanova conta con máis de 1.000 traballadores/as en Galiza segundo os sindicatos, número que ascende a mais de 8.000 en todo o mundo. Atendendo aos datos aportados polos sindicatos pódese falar de máis de 5.000 postos de traballo indirectos no noso país, co seu impacto na creación de riqueza.

Esta empresa ten recibido en múltiples ocasións axudas públicas do goberno galego desde que en 1995 o goberno galego inxectara 42 millóns de euros para evitar a súa compra por parte de Unilever. Mesmo a Xunta é socia de Pescanova, xa que Xesgalicia, a través de Sodiga, é accionista dunha das filiais: Frinova, na que Sodiga controla un 9,6%. Os seus xestores viron como, 10 días antes do concurso, Fernández de Sousa procedía a suprimir o seu consello de administración, para pasar a contar cun administrador único, Pescanova. Frinova é unha das sete sociedades filiais que serviron



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a Pescanova para articular, supostamente, un endebedamento á marxe do balance da compañía.

Neste momento o futuro da compañía pende dun fío. O goberno galego, despois de contestar ao grupo parlamentar do BNG na Comisión 6ª deste Parlamento que faría todo o que esta na súa man para buscar unha solución, acaba de deixar claro que se desentende da situación de PESCANOVA ao negarlle os avais ao Administrador concursal.

Por todo isto e ante a gravidade dos feitos acontecidos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza acorda requirir ao goberno galego a súa inmediata comparecencia na Cámara para explicar o Plan de futuro que ten a Consellaría de Economía e Industria para PESCANOVA. A urxencia desta comparecencia ven motivada polo carácter sistémico que ten a compañía para a economía de Galiza”

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2013

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Deputada e Portavoz S. do G.P. do BNG

Daniel Rodas Chapela

Deputado do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 22/05/2013 17:12:31

Daniel Rodas Chapela na data 22/05/2013 17:12:37



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do seu deputado **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de Lei** para o seu tratamento en **Comisión**, relativa á posta en marcha dun plan de desenvolvemento económico da comarca da Costa da Morte.

O Goberno Galego e o PP están a utilizar o proxecto de repotenciación das minicentrais do río Xallas coma unha das medidas exemplares para sacar da crise económica á Costa da Morte, defendendo que a mesma será capaz de xerar ata 700 postos de traballo.

Para o Bloque Nacionalista Galego trátase dunha opción errada que afonda nun modelo económico que espolia recursos en favor de multinacionais e que destrúe a posibilidade dunha economía de diversificación da riqueza e oportunidades máis xusta para o conxunto da sociedade. As consecuencias, as de sempre: deterioro ambiental irreversible, perda de recursos estratéxicos para Galiza, grave afección aos sectores produtivos que sosteñen parte do emprego e da riqueza da comarca, e que finalmente alimentan o despoboamento e migración.

A Costa da Morte ten un enorme potencial no ámbito das actividades vinculadas ao mar, rural, téxtil, turismo, á natureza e paisaxe, ocio e lecer, e tamén daquelas pequenas industrias de aproveitamento e transformación destes recursos. Contra a incomprensible decadencia económica deste territorio, que se ceba coa



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

destrución de emprego, resulta **urxente** poñer en marcha medidas que contribúan a superar as deficiencias estruturais que impiden xestionar todo este potencial de modo rendíbel, viábel, e competitivo.

Estas son as razóns que levan ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a formular a seguinte Proposición non de Lei para o seu tratamento en Comisión:

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Rexeitar o novo plan de actuacións hidroeléctricas previsto para o río Xallas, e **desbotar** o falso desenvolvemento económico que pretende representar para a Costa da Morte. O Xallas mantén treitos fluviais de alto valor ecolóxico, e unha das últimas fragas costeiras da Galiza caracterizada por ser a máis occidental de Europa.

2.- Impulsar un plan especial de desenvolvemento económico da Costa da Morte, asentado na excelencia dos seus produtos, as vantaxes do seu territorio e o aproveitamento sustentable, coa posta en valor dos recursos procedentes do mar, da agrogandeiría, e do patrimonio natural, cultural e turístico presentes nesta comarca. O Plan deberá executarse con carácter urxente e contar coa dotación económica suficiente para a súa implantación.

3.- O Plan de desenvolvemento económico da Costa da Morte contemplará, cando menos, as seguintes actuacións:

3.1.- Fomento do cooperativismo no sector téxtil, impulsando a creación dun clúster que fomente que se complete o ciclo da roupa na Costa da Morte. desde o



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

deseño ata a venda e distribución, fomentando sinerxías con produtos xa recoñecidos coma o Encaixe de Camariñas ou o liño de Zas.

3.2.- Aportación de valor aos produtos da pesca e do marisqueo, en particular os procedentes da extracción artesanal e tradicional, por medio da creación dun selo de Indicación Xeográfica Protexida (IXP) “Procedencia do Mar da Costa da Morte” e o fomento do aproveitamento de recursos mariños de emerxente interese comercial.

3.3.- Mellorar a dotación de infraestruturas e equipamentos portuarios e a súa optimización como portos de descarga das capturas das embarcacións locais. Coordinar e mellorar as poxas nos portos da comarca e o funcionamento dos centros de expedición, depuración, e venda do marisco e outros aproveitamentos.

3.4.- Proceder ao saneamento integral das rías e a erradicación dos puntos de contaminación .

3.5.- Recuperar a economía produtiva agrogandeira da Costa da Morte a través do impulso unha rede de explotacións agrogandeiras competitiva e de calidade, a creación dun selo de orixe e o fortalecemento das canles de transformación, distribución e comercialización.

3.6.- Promover o banco de terras coa finalidade de incorporar as terras en desuso e con vocación agraria a explotacións que a precisen, e protexer a destrución das terras de cultivo fronte a ocupación de cultivos forestais.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.7.- Impulsar a horto-fruticultura e facilitar a súa comercialización asesorando e apoiando a obtención de produtos da máxima calidade cara a atención de demandas emerxentes.

3.8.- Fomentar a agrupación de propietarios forestais e o aproveitamento multifuncional do monte, impulsando unha silvicultura baseada na produción de madeira de calidade que favoreza as posibilidades de estruturar o sector da transformación.

3.9.- Crear unha Plataforma de promoción e divulgación turística que impulse iniciativas de posta en valor dos recursos

3.10.- Impulsar o Parque Natural do Monte Pindo, incluíndo un plan para a Fervenza do Ézaro e desenvolver a Rede Natura 2000 da Costa da Morte, coa aprobación dos seus plans de conservación, dotación económica, e promoción.

3.11.- Apoiar e impulsar a Reserva Mariña dos Miñarzos en Carnota, en conexión coa promoción de turismo mariñeiro e gastronómico.

3.12.- Dotar economicamente o Plan Director do Cabo Fisterra, co obxecto de recuperar a afluencia turística perdida na última década.

3.13.- Elaborar o Plan de Paisaxe da Costa da Morte, co impulso dos seus elementos e monumentos paisaxísticos protexidos.

3.14.- Posta en marcha dun roteiro turístico de longo recorrido pola Costa da Morte, incorporando o Camiño de Santiago ao seu paso pola comarca, unha Rede Turística de Cabos e Faros da Costa da Morte, incluíndo a conversión e/ou



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

adaptación de Faros en instalacións para atender a demanda turística (restauración, hostalería, museística).

3.15.- Recuperar e impulsar o Plan de Megalitismo, poñendo en valor todo o patrimonio arqueolóxico e histórico da Costa da Morte coas súas respectivas medidas de urxente protección.

3.16.- Impulsar actividades de ocio e lecer vinculadas ao turismo e á natureza da comarca (deportes de vela, surf, kayak de mar, sendeirismo, roteiros de btt e ciclismo de estrada) e promover a oferta de areas e festas turísticas da Costa da Morte.

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2013

Asdo.: Francisco Xesús Jorquera Caselas
Portavoz do Grupo Parlamentar do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 22/05/2013 20:13:34



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a instancias da deputada **María do Carme Adán Villamarín** e do deputado **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos

Feijóo decidiu anular o Concurso Eólico do anterior Goberno da Xunta, un concurso que por primeira vez excluía a implantación de novos parques na Rede Natura e que, por cesión voluntaria dos promotores, o Goberno Galego tería máis do 14% do capital dos novos parques, alén disto, participación sobre a facturación para os/as propietarios/as dos montes.

A súa derogación supuxo unha paralización do sector eólico en Galiza que provocou o peche de diversas industrias: Metalúrxica do Atlántico en Mugardos, Barlovento en Fene, LM nas Pontes e Ordes, Eymosa en Narón, unha grande redución do cadro de persoal en Gamesa nas Somozas, etc., o que supuxo que moitos/as traballadores/as perderan o seu emprego. O BNG ten demandado a elaboración dun informe xurídico sobre as consecuencias da suspensión do Concurso Eólico do Goberno Bipartito, que analice as responsabilidades dos xestores políticos e da asesoría xurídica da Xunta que, formalmente, lle deu cobertura a esta suspensión.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A pesares das posíbeis trabas normativas e o risco real dun cambio na retribución do sector, o PP anunciou un novo concurso que sería o maior plan industrial de Galiza. En palabras de Feijoo no Parlamento, crearía 14.000 empregos e un investimento total, tanto nos parques eólicos como nos proxectos asociados, de 6.000 millóns de euros.

En outubro de 2011, o Goberno de Zapatero presentaba un borrador de Real Decreto, que co adianto electoral non foi aprobado, para modificar os incentivos económicos ás enerxías renovábeis a partires do ano 2013, onde se recollía unha minoración nas primas dun 44%. Por aquel entón a reacción contraria do Conselleiro de Economía e Industria fora do oposición total. Mais coa chegada do PP ao Goberno Central, sen previo aviso nin ningunha negociación coas comunidades autónomas e adiantándose un ano sobre o previsto, apróbase o Real Decreto-Lei 1/2012 que non só suprime os incentivos económicos ás novas instalacións de enerxía renovábel, senón que tamén pecha o rexistro de preasignación, cando Galiza só ten rexistrados uns 50 MW dos total de 2.352 MW do concurso eólico. Deste xeito, a realización do concurso eólico do PP en Galiza é inviábel, pois as primas supoñen entre o 30% e o 40% dos ingresos destas instalacións. Cando, ademais, os novos parques terían que competir cos que xa están en funcionamento que si manterán o anterior sistema retributivo.

Posteriormente o “RD-L 2/2013, de 1 de febreiro, de medidas urxentes no sistema eléctrico e no sector financeiro” recorta aínda máis as primas á enerxía eléctrica, polo que reincide na vía de facer recaer toda a responsabilidade do déficit tarifario nas primas ás renovables, nunha clara aposta polas fontes de



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

enerxía tradicionais, incluída a nuclear, fronte ás renovables. Este recorte prodúcese mediante dous mecanismos:

- Por unha banda, cámbiase o índice co que se revisan anualmente as tarifas do sistema (primas, transporte, distribución, pago aos sistemas eléctricos das illas...). Até a aprobación do RD-L actualizábase coa inflación menos medio punto, pero a partir da súa aprobación, farase coa “inflación subxacente a impostos constantes”.
- Por outra banda, as instalacións de renovables terán que elixir entre se reciben a tarifa regulada ou van ao mercado. Suprímese a posibilidade de ir ao mercado máis a prima.

As medidas do Goberno de Rajoy supuxeron un golpe forte para as enerxías renovábeis en Galiza, con potenciais de desenvolvemento do sector das enerxías eólicas, que ademais poden ser o motor industrial e arrastrar investimentos asociados. A estratexia enerxética que está a levar a cabo o goberno impide que Galiza poida desenvolver a súa economía e o seu sector enerxético a partir do aproveitamento de recursos renovables propios e, en especial, fréase o desenvolvemento eólico, de vital importancia nun momento de recesión económica como a que atravesamos, pois a supresión das primas fan inviábel o investimento. Por tanto, as enerxías renovábeis e o sistema de primas para o seu impulso foron e seguen sendo usadas como chivo expiatorio para xustificar a subida da tarifa da luz.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo informacións aparecidas na prensa das Illas Canarias, esta comunidade terá as primas as renovábeis antes do verán. O compromiso foi adoptado polo Ministerio de Industria diante do goberno canario. O que evidencia o erro que significou a eliminación das primas e a flexibilidade do goberno de Estado con certos territorios.

Por todo o aquí exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a demandar do goberno do Estado a reposición das primas ás enerxías renovábeis en Galiza dado o carácter estratéxico deste sector para a nosa economía. Asemade o goberno galego desenvolverá as accións necesarias para que o sector das enerxías renovábeis non abandone a produción en Galiza”

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2013

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 23/05/2013 10:26:27

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 23/05/2013 10:26:35

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputada, **Moisés Blanco Paradelo, José Manuel Balseiro Orol, Isabel García Pacín, Angel Camino Copa, Hipólito Fariñas Sobrino, Santiago Freire Abeijón, Vidal Martínez-Sierra López e Miguel Prado Patiño**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos

Nas últimas semanas veñen de producirse en Galicia unha serie de xeadas –con descenso das temperaturas de ata -5°C- que causaron múltiples danos en comarcas como a ourensá de Valdeorras e nos viñedos de Rubiá, O Barco, Larouco e o Bolo. Segundo estimacións do Consello Regulador estas circunstancias puideron ter provocado a perda de ata un 80% da colleita nos viñedos citados.

Para a cobertura deste tipo de eventualidades existe unha ampla gama de seguros agrarios que constitúen unha ferramenta eficaz de protección dos agricultores e gandeiros contra as adversidades meteorolóxicas e outros fenómenos alleos ao seu control que poidan causar perdas nas súas explotacións.

Dentro dos riscos asegurables máis habituais destacan pola súa importancia no volume de contratación os seguros para viticultura, cereais, cultivos protexidos así como a maior parte das producións agrícolas galegas (kiwi, fresa, tomate, faba verde, faba, cebola e outras).

Polo exposto con anterioridade, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión.

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a seguir desenvolvendo cantas medidas de apoio sexan precisas para incentivar a contratación de seguros agrarios, co obxectivo de avanzar no proceso de inclusión no seguro de todos os sectores produtivos e dos riscos naturais que afectan as explotacións”.

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2013.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 22/05/2013 18:51:17

Moisés Blanco Paradelo na data 22/05/2013 18:51:24

José Manuel Balseiro Orol na data 22/05/2013 18:51:42

María Isabel García Pacín na data 22/05/2013 18:51:54

Angel Camino Copa na data 22/05/2013 18:52:05

Hipólito Fariñas Sobrino na data 22/05/2013 18:52:17

José Santiago Freire Abeijón na data 22/05/2013 18:52:27

Vidal Martínez-Sierra López na data 22/05/2013 18:52:37

Jesús Miguel Prado Patiño na data 22/05/2013 18:52:46



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa das súas deputadas **Tereixa Paz Franco** e **Ana Belén Pontón Mondelo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á reparación dos danos ambientais ocasionados polos residuos contaminantes da antiga explotación da mina a ceo aberto de Feldepatos Sarreaus S.L.

O pasado ano o Xulgado de 1ª Instancia e Instrución de Xinzo de Limia ordenou logo dunha denuncia contra a mina de feldepatos a realización de traballos para facer fronte ás consecuencias de vertidos altamente contaminantes ocasionados por dita explotación.

O día 28 de xuño de 2012 a empresa xestora de residuos SOGARISA S.L. realizou os traballos de limpeza para a retirada, carga, análise e transporte dos residuos máis perigosos que segundo os datos achegados a este Grupo Parlamentar supuxo a retirada dun volume de residuos de máis de 25.000 quilos.

Porén tendo en conta que os efectos contaminantes sobre o medio son froito dunha actividade empresarial, lucrativa e privada de quen tiña a concesión de dita explotación de feldepatos existen varias cuestións ás que desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego consideramos que se deberan dar cumprida conta por parte do Goberno Galego.

En primeiro lugar suscitamos a cuestión que ten que ver cos gastos que se xeraron polos traballos de limpeza e posterior tratamento destes residuos.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outro lado, á vista da situación actual compre saber si por parte das autoridades ambientais da Xunta de Galiza se ten realizado algunha inspección acerca das condicións ambientais nas que se encontran os terreos sobre os que se realizou a explotación e o seu entorno e si se realizaron de forma óptima todas as labores conducentes á eliminación de todos os posíbeis elementos contaminantes.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través das deputadas asinantes, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego a realizar as seguintes actuacións en relación cos traballos de reparación ambiental dos danos ocasionados polos vertidos contaminantes ocasionados pola antiga explotación mineira de feldespatos Sarreaus S.L.:

1.- Realizar unha exhaustiva avaliación da situación actual dos terreos onde se realizou a explotación e do seu entorno na que se analicen os resultados dos traballos de retirada dos residuos contaminantes executados, persistencia de elementos contaminantes, estado das augas e os labores de rexeneración e restauración hidrolóxico e ambiental necesarios.

2.-Elaborar, en función de dita avaliación, un plan de restauración e rexeneración no que se especifiquen todas as actuacións pendentes de realizar para a completa eliminación dos efectos da actividade mineira.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.- Reclamar, no seu caso, da empresa contaminante a restitución ao erario público de todos os gastos ocasionados pola realización das tarefas de limpeza e posterior tratamento dos residuos contaminantes.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2013

Asdo.: Tereixa Paz Franco

Deputada do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputada e Portavoz S. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tareixa Paz Franco na data 23/05/2013 13:11:27

Ana Belén Pontón Mondelo na data 23/05/2013 13:11:37

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Carmen Acuña do Campo, Carmen Gallego Calvar e Vicente Docasar Docasar**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

Exposición de motivos

O artigo 27.2 da nosa Constitución proclama que "a educación terá por obxecto o pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais".

Así mesmo, no artigo 9.2 establécese a obriga dos poderes públicos de promover as condicións e remover os obstáculos para que a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra, sexa real e efectiva.

Un recente informe, publicado pola FELGTB e COGAM, pon de manifesto a problemática existente en torno ao acoso escolar homofóbico e risco de suicidio en adolescentes e mozas lesbianas, gays e bisexuais (LGB).

O suicidio, segundo os datos oficiais publicados polo Instituto Nacional de Estatística, é unha das principais causas externas de falecemento en adolescentes e mozos. Pero non resulta posible coñecer cantos deses suicidios se produciron entre persoas LGTB.

Sen embargo, si existen numerosas testemuñas da marxinación e acoso que sofren moitos mozos LGTB, así como denuncias sobre a falta de solucións segundo testemuñan dende eses colectivos sociais.

Como os novos, pasan o maior tempo nesas idades en centros educativos, é precisamente nos propios centros onde comprobamos a homofobia existente na sociedade e onde a aplican directamente sobre eles, en forma de acoso.

Grupo Parlamentario

Non é admisible que na nosa sociedade, os centros educativos non sexan espazos seguros para os/as mozos LGTB. Polo que resulta imprescindible loitar contra a discriminación causada pola orientación sexual e identidade de xénero e poñer solución a falta de apoio que atopan hoxe as persoas que o están a sufrir.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Profesionais da psicoloxía, manifestan a diario as graves consecuencias destas situacións que se traducen en: angustia, **ansiedade**, depresión, abandono escolar, tendencia ao abuso de sustancias tóxicas... e suicidio.

A orientación sexual e a identidade de xénero no son un problema si o entorno non o percibe como tal. Ninguén se suicida por ser homosexual, bisexual ou transexual, senón por sufrir a violencia da discriminación ante a súa orientación.

Estamos ante un problema que precisa dunha resposta dos responsables das políticas educativas e sanitarias.

Por elo e coa finalidade de proporcionar unhas políticas educativas e sanitarias adecuadas para a prevención do acoso escolar dirixido contra os/as mozos LGTB, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar un estudio con datos oficiais sobre os casos de suicidio entre a poboación adolescente e a mocidade LGTB, así como establecer un programa de prevención sobre esta problemática.
2. Incluír formación específica tanto para o profesorado como para o persoal sanitario sobre a diversidade e contra o acoso escolar discriminatorio pola orientación sexual e identidade de xénero.
3. Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria preste en todas as etapas educativas, unha atención especial o dereito á igualdade de trato e non discriminación ante a diversidade e a orientación sexual.

Grupo Parlamentario

4. Que a Consellería de Sanidade desenrole campañas preventivas e de sensibilización entre os e as profesionais para detectar, previr e tratar as consecuencias que para a saúde poida ter o acoso escolar discriminatorio por orientación sexual e identidade de xénero.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 20 de maio de 2013

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Carmen Gallego Calvar
Vicente Docasar Docasar
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa das súas deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Ana Belén Pontón Mondelo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á petición de anulación da Resolución da Secretaría Xeral de Medios, pola que se convocan axudas económicas, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas a empresas xornalísticas e de radiodifusión para o ano 2013.

A día de hoxe o panorama que ofrece Galiza no ámbito de medios de comunicación en galego é desolador. Nos últimos anos sucedéronse os peches de diversos medios de comunicación integramente en galego, tanto impresos como dixitais.

Non só non se está a avanzar no establecido nos mandatos legais hoxe vixentes: Estatuto de Autonomía, Lei de Normalización Lingüística, Plano Xeral de Normalización da Lingua Galega ou a Carta Europea de Linguas Rexionais ou minorizadas, senón que se está a retroceder a niveis descoñecidos desde as primeiras iniciativas normalizadoras do idioma galego.

Estamos no peor momento para os medios de comunicación en galego das últimas décadas. Mentres o idioma galego desaparece dos medios de comunicación subvencionados pola Xunta, os medios en galego están practicamente excluídos das axudas públicas.

Neste contexto o mércores 22 de maio o Diario Oficial de Galiza publicaba a



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Resolución do 20 maio de 2013, da Secretaría Xeral de Medios, pola que se convocan axudas económicas, en réxime de concorrência non competitiva, destinadas a empresas xornalísticas e de radiodifusión para o ano 2013.

Faise unha convocatoria para conceder axudas públicas en base a criterios de mercado, aumentando a valoración outorgada á difusión de exemplares, e non a criterios de promoción e impulso de medios propios galegos e en galego. Rebaixase, aínda máis, as porcentaxes de valoración polo emprego regular do galego e pola normalización da lingua galega. Tampouco establece a orde ningún criterio de valoración vinculado co respecto e mellora das condicións laborais d@s traballador@s.

Os criterios que establece a orde non só non rectifican os de convocatorias anteriores, que vulneraban o mandato estatutario de defensa e promoción da lingua propia de Galiza, e primaban aos grandes medios, senón que afonda nos mesmos.

É preciso avanzar na procura dos imprescindíbeis elementos de protección e desenvolvemento dos medios de comunicación en galego, é preciso que o Goberno galego aposte por medios de comunicación que garantan a existencia dun espazo de comunicación galego e en galego.

Tendo en conta a situación dramática e de desolación existente neste ámbito é polo que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en comisión:

O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

-Anular a *Resolución do 20 maio de 2013, da Secretaría Xeral de Medios, pola que se convocan axudas económicas, en réxime de concorrência non competitiva, destinadas a empresas xornalísticas e de radiodifusión para o ano 2013*, e facer unha nova convocatoria onde se establezan criterios de valoración destinados a garantir a existencia dun espazo de comunicación galego e en galego, que garantice a viabilidade de medios de comunicación íntegramente en galego.

-Vincular as axudas aos medios de comunicación, ao uso e incremento real da presenza do galego e da normalización da lingua galega e á estabilidade laboral d@s traballadores/as,

-Aumentar a cuantía económica destinada á concesión de axudas dirixidas a empresas que realicen información íntegramente en galego.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2013

Asdo.:**Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz S. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 23/05/2013 17:02:34

Ana Belén Pontón Mondelo na data 23/05/2013 17:02:40



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada **Ana Belén Pontón Mondelo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ás actuacións que debe desenvolver a Xunta de Galiza para garantir que a sinalética das estradas non discrimine a presenza da lingua galega.

Nos últimos días tivemos coñecemento de que a concesionaria da AP-9 eliminaba da súa sinalética a marxinal presenza que na mesma tiña o galego. Segundo información difundida en prensa, a causa desta decisión son ás multas que Tráfico impuxo ás concesionarias de autoestradas por ter sinais coa lenda “Peaxe- Toll”. Hai que lembrar que estes eran os únicos sinais que existían en galego nesta autoestrada que discorre integramente por territorio galego, privatizada a prezo de saldo polo Sr. Aznar e que trouxo como consecuencia abusivas peaxes financiadas polos petos de galegos e galegas.

O Bloque Nacionalista Galego (BNG) considera un auténtico esperpento que tráfico multe por empregar o galego na Galiza, unha mostra máis do desprezo cara a nosa lingua. Certamente o galego é tratado na Galiza como lingua estranxeira. Con todo, cuestionamos que ningún Regulamento poda estar por riba do dereito que nos asiste como galegos e galegas a que a nosa lingua poda ser empregada en territorio galego con normalidade, en todo espazo e lugar público ou privado. É evidente que prohibir os sinais en galego é unha barbaridade que non pode ter acomodo legal pois vulnera os dereitos humanos fundamentais, os dereitos lingüísticos, a Carta Europea das linguas Rexionais ou



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Minoritarias, o Estatuto de Autonomía e a propia Lei de Normalización Lingüística. As explicacións que ten ofrecido a Dirección Xeral de Tráfico parécennos insuficientes e pouco convincentes, cómpre pois aclarar en profundidade o sucedido e depurar responsabilidades por un asunto que ten grande relevancia e que causou moito malestar.

Realmente estamos ante un auténtico sen sentido, un despropósito que non é de recibo. A presenza do galego na sinalética é residual. A lóxica a prol da normalización da lingua galega reclama incremento da sinalización na nosa lingua propia, sen esquecermos do preciso respecto na mesma pola toponimia, en demasiadas ocasións barbaramente deturpada ao longo da rede viaria galega.

En todo caso, non consideramos froito do azar que xusto nun momento de ofensiva contra a nosa lingua-, de “ofensiva españolizadora” en palabras do Ministro Wert- se produzan estes feitos. É evidente que esta actuación debe seguir algún tipo de directriz e que non responde a un obxectivo neutral. Enmárcase na ofensiva contra o galego que ten iniciado o PP.

Polo dito formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

-O Parlamento de Galiza acorda presentar unha **Queixa Formal** ante o Goberno do Estado pola agresión perpetrada contra a lingua galega, ao multar a concesionarias de autoestradas pola presenza de sinais en galego e solicitar que cesen os ataques e hostilidades contra a lingua galega. Esta queixa incluírá un



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

recordatorio do dereito que nos asiste como galegos e galegas a usarmos a nosa lingua propia no territorio galego e normalizar a súa presenza en todos os ámbitos sociais, así como dos diferentes textos legais (internacionais, comunitarios, estatais e galegos) que amparan tal dereito.

-O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a dirixirse ao Goberno Central para:

1. Lembrarlle a obriga legal de que a sinalética que se emprace no noso territorio, cando empreguen indicacións escritas, debe incluír a lingua galega.

2. Reclamar que todas as indicacións escritas que se empreguen na sinalética emprazada no territorio galego inclúan a lingua galega.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2013

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo
Deputada e Portavoz S. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 23/05/2013 17:07:22



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, por iniciativa das súas deputadas **Ana Belén Pontón Mondelo e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

O pasado 21 de Maio, inaugurábase o ciclo de de concertos “Pel de Galiña” na Cidade da Cultura coa presenza da cantora israelí, Noa. A presenza desta artista foi motivo de censura e crítica por parte das asociacións e persoas solidarias coa causa palestina, por ter esta artista realizado en reiteradas ocasións o seu apoio ao sionismo colonialista de Israel. Segundo tivemos constancia o colectivo BDS Galiza dirixiuse ao Conselleiro de Cultura e Educación -na súa calidade de Presidente do Padroado da Fundación Cidade da Cultura- solicitando a anulación desta actuación. Porén, o certo é que a Xunta fixo oídos xordos e ignorou as protestas e malestar provocado en sectores da sociedade galega, desconformes con patrocinar con fondos públicos dos galegos e galegas, a quen xustifican e amparan a masacre e xenocidio do pobo palestino, así como a vulneración de todos os acordos e resolucións da ONU. O Grupo Parlamentar do BNG súmase a este malestar e protesta, considera un desatino a presenza desta actuación e que a Xunta non atendera ás razóns de quen defenden os dereitos humanos e o dereito do pobo palestino a existir en liberdade.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

De feito, uns días antes (15.05.2013) o Parlamento de Galiza aprobaba unha resolución co seguinte tenor literal:

“Declaración institucional do Parlamento de Galicia sobre o pobo palestino

Este 15 de maio, aniversario do comezo do éxodo do pobo palestino, o Parlamento de Galicia reclama da comunidade internacional que esixa a Israel:

O cumprimento das resolución das Nacións Unidas.

O respecto absoluto dos dereitos humanos de palestinas e palestinos.

O respecto absoluto dos dereitos colectivos do pobo palestino.

O recoñecemento do dereito ao retorno das persoas e comunidades ás terras e casas de que foron expulsadas.

Manifestamos o noso máis firme compromiso cos dereitos inalienábeis da persoa, coa liberdade e co máis pleno respecto á dignidade humana.

O Parlamento de Galicia non escatimará esforzos en contribuír desde Galicia a construír unha orde internacional xusta baixo o respaldo da legalidade internacional, un mundo no que a forza fiquese sempre sometida ao dereito.”

Consideramos que en virtude desta declaración cumpre que Xunta de Galiza asuma os seus compromisos e amose unha actitude activa a prol da causa Palestina. É coñecido que un dos instrumentos que está a empregar o estado de Israel para a súa lexitimación e ocultar a ocupación Palestina é unha campaña a



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

través dos seus axentes culturais. É preciso pois que evitemos sufragar con fondos públicos dos galegos e galegas a quen xustifica, ampara e defende a violencia que o estado sionista realiza contra o pobo palestino, con violación sistemática dos dereitos humanos, a limpeza étnica, a expoliación dos seus recursos e ocupación do seu territorio.”

Polo dito formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a non sufragar con fondos públicos dos galegos e galegas a artistas que se teñan pronunciado publicamente a prol das actuacións de masacre e violación dos dereitos humanos que perpetra o estado de Israel contra o pobo de Palestina.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2013

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo
Portavoz Suplente do G. P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Belén Pontón Mondelo na data 23/05/2013 17:40:12

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario Socialista**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **José Luis Méndez Romeu e María Concepción Burgo López**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

A función dos investigadores é xerar, transferir, aplicar e revisar o coñecemento. Un proceso que engade valor ás actividades económicas e á calidade de vida das persoas. As aplicacións do coñecemento en todas as áreas e a súa influencia directa na produtividade económica, fan necesaria a intervención do sector público. O que diferencia a unha sociedade evolucionada dunha sociedade en desenvolvemento é precisamente esa capacidade de crear coñecemento e aplicalo.

Mais a investigación non agroma espontaneamente. Fanse necesarias condicións de traballo, estabilidade, integración, que se producen nas universidades, nos organismos públicos de investigación, nalgúns empresas.

En Galicia, as dificultades para consolidar unha carreira investigadora son notables, de xeito que a única vía que se pode usar para acceder á investigación en universidades está rexida por criterios docentes.

Así, un profesor universitario ten que realizar labores docentes e investigadoras e, noutros centros públicos alleos á universidade, a figura do investigador nin sequera está recoñecida. Sería necesaria a creación dun tecido investigador galego. Un corpo de investigadores cunha estabilidade laboral vinculada á revisión da súa produtividade. A consecuencia fundamental disto sería incrementar a xeración e transferencia continua de coñecementos, é dicir, a base do modelo económico que se defende na actualidade.

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Na creación desta rede de investigación ten que intervir fundamentalmente, a Administración pública, dun xeito máis ou menos similar ao que xa fixeron outras comunidades autónomas como Cataluña e Euskadi, que son quen, non só de reter o seu talento investigador, senón tamén de captar investigadores de alto nivel procedentes doutras zonas (entre elas Galicia, por suposto). A razón fundamental desta captación é a estabilidade laboral da que gozan estes investigadores e a posibilidade de desenvolver proxectos de alto nivel.

A actual política da Xunta perfila a universidade como único ente investigador. A realidade é outra. Non só se fai investigación na universidade, tamén hai organismos non universitarios nos que se fai investigación. Estes organismos non universitarios inclúen centros tecnolóxicos (CETMAR, AIMEN, ANFACO, CIS-MADEIRA, INGACAL, ...) e centros de coñecemento (Plataforma de Innovación Sanitaria e Fundacións no Servizo Galego de Saúde (Sergas) ou os centros situados en Galicia pertencentes ao Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC). A Xunta clasifica estes organismos non universitarios como centros innovadores, pero a realidade é que son maioritariamente investigadores.

Ademais, cómpre priorizar a captación de investigadores con produtividade acreditada, como é o caso dos investigadores do programa Parga Pondal que, malia estaren acreditados, non contan cunha seguridade no seu futuro como investigadores, xa que moitas veces a única vía de estabilización está unida ás posibilidades docentes dun departamento universitario. Ademais, non hai que esquecer o investimento realizado nestes investigadores, empezando polas bolsas de estudo na súa etapa de licenciatura ou grao, bolsas pre e postdoutorais, cursos de formación, asistencia a congresos, bolsas para estadias de investigación en centros de prestixio, proxectos de investigación financiados, 5 anos de contrato como investigadores sénior, etc. Todos estes conceptos supoñen unha aposta realizada fundamentalmente polo sector público que redunda nunha altísima formación destes investigadores e a sociedade que fixo esa aposta merece agora o retorno dela.

Grupo Parlamentario

A Lei de fomento da investigación e a innovación de Galicia, non aborda os ditos problemas. En consecuencia, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1.^a) Crear un corpo de investigadores da Comunidade Autónoma, que poidan prestar servizos en diferentes centros universitarios, OPIS e outros.

2.^a) Diseñar mecanismos que permitan a retención do talento investigador autóctono acreditado

3.^a) Propoñer áreas de investigación centrais, de acordo coa estratexia de desenvolvemento de Galicia, cuxa problemática poida ser abordada polos investigadores.

4.^a) Abordar a creación e reutilización de infraestruturas para o desenvolvemento da actividade investigadora, centrada nun maior aproveitamento dos espazos actuais, que redundaría nunha maior produtividade.

5.^a) Implantar un proceso de avaliación periódica, cada 3 ou 5 anos, da actividade dos investigadores vinculada á súa estabilidade laboral e ao seu salario. Vinculando ademais produtividade e salario.

6.^a) Promover a investigación básica

Pazo do Parlamento, 23 de maio de 2013

Asinado dixitalmente por:

José Luís Méndez Romeu na data 23/05/2013 17:53:29

María Concepción Burgo López na data 23/05/2013 17:53:44



 **Grupo Parlamentario**

Abel Fermín Losada Álvarez na data 23/05/2013 17:54:14

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Román Rodríguez González, Marisol Piñeiro Martínez, Agustín Baamonde Díaz, Moisés Blanco Paradelo, M^a Dolores Faraldo Botana, Antonio Mouriño Villar e Alberto Pazos Couñago**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos

Pese aos temos de crise económica actual, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria está a apostar pola mellora do Sistema Universitario de Galicia (SUG), a través de diversas actuacións, sobre todo, ao dotalo dun marco estable de financiamento universitario.

Ademais de colaborar coas tres universidades que integran o SUG, a Administración educativa galega, sempre de acordo coas competencias que ten atribuídas, traballa para propiciar o mantemento da cohesión social e da garantía da igualdade de oportunidades para os usuarios da educación universitaria superior en Galicia.

O Grupo Parlamentario Popular valora que, a través da xestión da Secretaría Xeral de Universidades, o Goberno galego estea a levar adiante unha política que permite que Galicia conte coas taxas máis baixas do Estado, xa que sen dúbida isto facilita o acceso aos estudos de moitas persoas.

Tamén recoñece melloras na asistencia económica aos estudantes que quedan concretadas en diversas accións, co obxecto de favorecer, dentro das limitacións orzamentarias, a mobilidade, así como a competencia, a igualdade de oportunidades e a excelencia no rendemento académico.

Aínda así, entendemos que non podemos darnos por satisfeitos, de xeito que, pese ás dificultades económicas, avogamos por un novo esforzo da Administración galega para conseguir paliar as dificultades que aínda algunhas persoas poidan ter para acceder á Universidade.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia, a reforzar, de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias, liñas de axudas para aquelas persoas que queiran realizar estudos de ensino superior nas universidades galegas”.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2013

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 23/05/2013 17:59:14

Román Rodríguez González na data 23/05/2013 17:59:30

María Soledad Piñeiro Martínez na data 23/05/2013 17:59:43

Agustín Baamonde Díaz na data 23/05/2013 17:59:54

Moisés Blanco Paradelo na data 23/05/2013 18:00:36

María Dolores Faraldo Botana na data 23/05/2013 18:00:49

Antonio Mouriño Villar na data 23/05/2013 18:00:58

Jose Alberto Pazos Couñago na data 23/05/2013 18:01:05

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

gp-pp@parlamentodegalicia.es

www.ppdeg Galicia.com

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Román Rodríguez González, Marisol Piñeiro Martínez, Agustín Baamonde Díaz, Moisés Blanco Paradelo, M^a Dolores Faraldo Botana, Antonio Mouriño Villar e Alberto Pazos Couñago**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos

O fomento e posta en valor do ensino en materia de Formación Profesional ten sido unha das máximas prioridades da Xunta de Galicia na pasada lexislatura e o está a ser tamén no que vai desta.

O impulso dado á FP tense materializado en moi diversas accións e medidas, tanto desde o punto de vista normativo como organizativo. Sen dúbida, todas elas teñen contribuído a mellorar a percepción social sobre este nivel educativo.

A relación cada vez máis próxima entre a demanda dos sectores produtivos galegos e os contidos formativos dos diferentes ciclos formativos, tanto de grado medio como de grado superior, así como a realización de prácticas, supoñen un atractivo para os estudantes.

O carácter formativo teórico e práctico da Formación Profesional esperta cada vez máis o interese da mocidade, xa que son conscientes de que o mesmo contribúe a mellorar as súas oportunidades de cara ao acceso a un posto de traballo.

Dado que a demanda desta modalidade de estudos non deixou de crecer nos últimos anos atraídos pola oferta de ciclos, parece oportuno que o Goberno galego continúe pola senda de melloras progresivas na FP.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a, dentro das súas competencias, flexibilizar e adaptar a estrutura da FP para mellorar a oferta de practicas formativas e acadar unha maior adaptación das mesmas ao mundo empresarial e laboral”.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2013

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 23/05/2013 18:01:43

Román Rodríguez González na data 23/05/2013 18:01:57

María Soledad Piñeiro Martínez na data 23/05/2013 18:02:18

Agustín Baamonde Díaz na data 23/05/2013 18:02:29

Moisés Blanco Paradelo na data 23/05/2013 18:02:41

María Dolores Faraldo Botana na data 23/05/2013 18:02:58

Antonio Mouriño Villar na data 23/05/2013 18:03:06

Jose Alberto Pazos Couñago na data 23/05/2013 18:03:15

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Os Grupos Parlamentares do **Bloque Nacionalista Galego (BNG)** e da **Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, a través dos voceiros, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, presentan a solicitude de **COMPARECENCIA en Pleno polo trámite de urxencia do conselleiro de cultura, educación e ordenación universitaria**, para informar do anuncio sorpresa da presentación dun descoñecido pola comunidade educativa “**protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar**”.

Compostela, 23 de maio do 2013

Asdo : Francisco Xesús Jorquera Caselas
Portavoz do G.P. do BNG

Yolanda Díaz Pérez
Vice-voceira do G.P. da AGE

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 23/05/2013 13:58:51

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 23/05/2013 14:00:54

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario Socialista**, por iniciativa dos seus deputados e deputadas, ao abeiro do disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, solicita a esa Mesa se proceda á maior brevidade posible á tramitación de **comparecencia en Pleno** do Sr. conselleiro de Economía e Industria para que explique as actuacións da Xunta de Galicia para garantir o emprego industrial e o mantemento do sector enerxético.

Pazo do Parlamento, 21 de maio de 2013

Asinado dixitalmente por:

Manuel Vázquez Fernández na data 21/05/2013 14:02:09

Abel Fermín Losada Álvarez na data 21/05/2013 14:02:27

María Carmen Gallego Calvar na data 21/05/2013 14:03:38

José Luís Méndez Romeu na data 21/05/2013 14:03:45

Pablo García García na data 21/05/2013 14:03:56

María Remedios Quintas Álvarez na data 21/05/2013 14:04:06

Juán Carlos González Santín na data 21/05/2013 14:04:23

María Soledad Soneira Tajés na data 21/05/2013 14:04:47

María Concepción Burgo López na data 21/05/2013 14:04:57

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 21/05/2013 14:05:15

Raúl Fernández Fernández na data 21/05/2013 14:05:26

Beatriz Sestayo Doce na data 21/05/2013 14:05:38

José Manuel Gallego Lomba na data 21/05/2013 14:05:53

María Carmen Acuña do Campo na data 21/05/2013 14:06:02



 [Grupo Parlamentario](#)

José Antonio Sánchez Bugallo na data 21/05/2013 14:06:12

José Ramón Val Alonso na data 21/05/2013 14:06:22

Patricia Vilán Lorenzo na data 21/05/2013 14:06:28

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 21/05/2013 14:06:37

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 147 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **interpelación con trámite de urxencia**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Xustificación da urxencia

A urxencia vén dada pola preocupación social que existe en torno ás medidas que vai aprobar o Goberno de España con respecto a Lei de calidade alimentaria.

Nos pasados días foi aprobada no Congreso dos Deputados a Lei de calidade alimentaria. Nesta lei existía o compromiso por parte do Goberno galego e o Goberno de España para introducir importantes aspectos lexislativos encamiñados a normalizar as relacións contractuais no sector lácteo entre produtores e industrias.

Ditos compromisos, se recolleron no acordo asinado polos representantes dos produtores e polo Goberno de Galicia no pasado mes de decembro.

Houbo numerosas iniciativas onde o Parlamento de Galicia se posicionou favorablemente para introducir na Lei de calidade alimentaria aspectos que favoreceran unha mellor garantía dos prezos en orixe para o leite.

O propio Goberno de Galicia no trámite inicial da lei de calidade alimentaria remitiu emendas neste mesmo sentido.

Sen embargo, no trámite parlamentario este obxectivo non foi acadado.

O sector lácteo leva seis meses paralizado esperando á aprobación definitiva desta lei, sen que paralelamente se adoptasen ningún tipo de medidas ao respecto. Seguimos tendo os prezos máis baixos de toda Europa, e día tras día as explotacións de leite están pechando.

Grupo Parlamentario

Diante disto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia interpela ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Como valora a Xunta de Galicia todo o proceso de negociación levada a cabo dende o mes de decembro con respecto a este tema?
2. Segue considerando a Xunta de Galicia imprescindible para a supervivencia do sector lácteo unha normativa que regule as relacións contractuais entre industria e produtores?
3. Que medidas vai a por en marcha o Goberno galego unha vez que a nova Lei de calidade alimentaria non recolle eses aspectos?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 24 de maio de 2013

Asinado dixitalmente por:

Manuel Vázquez Fernández na data 24/05/2013 16:56:11

Abel Fermín Losada Álvarez na data 24/05/2013 16:56:18

María Carmen Gallego Calvar na data 24/05/2013 16:56:24

José Luís Méndez Romeu na data 24/05/2013 16:56:27

Pablo García García na data 24/05/2013 16:56:34

María Remedios Quintas Álvarez na data 24/05/2013 16:56:42

Juán Carlos González Santín na data 24/05/2013 16:56:47

María Soledad Soneira Tajés na data 24/05/2013 16:56:53

María Concepción Burgo López na data 24/05/2013 16:56:59

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 24/05/2013 16:57:04

Raúl Fernández Fernández na data 24/05/2013 16:57:10

Beatriz Sestayo Doce na data 24/05/2013 16:57:16

José Manuel Gallego Lomba na data 24/05/2013 16:57:22



 Grupo Parlamentario

María Carmen Acuña do Campo na data 24/05/2013 16:57:27

José Antonio Sánchez Bugallo na data 24/05/2013 16:57:32

José Ramón Val Alonso na data 24/05/2013 16:57:38

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo na data 24/05/2013 16:57:42

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 24/05/2013 16:57:44



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Francisco Xesús Jorquera Caselas, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**.

A destrución do tecido produtivo galego acelera o incremento do desemprego e a recesión en Galiza. A combinación da crise económica coa ausencia de entidades financeiras propias e unha pasividade total por parte do Goberno galego está a ter un resultado desolador na economía e no emprego na nosa terra. O recente mes de abril acaba de ser especialmente trágico no que a situación de varias empresas se refire, se ben o caso paradigmático é o de Pescanova, moitas outras acaban de anunciar peches, entrada en concurso de acredores ou de EREs ou ERTes no seo das súas plantillas, etc., tal e como podemos observar a continuación na seguinte enumeración que non pretende ser exhaustiva senón indicativa:

- (09/04/13) Darty (antiga San Louis) acaba de anunciar o seu peche, o que suporá o peche de 10 tendas en Galiza que empregan a 150 persoas.
- (15/04/13) Caramelo en concurso de acredores. Presentación dun ERE.
- (16/4/13) T-Solar. Dedícase aos paneis solares. Conta con 170 traballadores e está nestes momentos negociando un ERE extintivo. O proxecto de T-Solar naceu fai cinco anos e contou con 16,2 millóns de euros de axudas directas de Estado, Xunta e Deputación de Ourense.
- (19/04/13) Pórtico. Conta con aproximadamente 800 traballadores. Nestes momentos, renegociando a súa débeda e aplicando un ERTE dende setembro do 2012.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Estímase que o sector dos “call centers” perdeu 1.200 postos de traballo nos últimos dous anos. Nestes momentos:
- Atento planea realizar 142 despidos na Coruña. Nestes momentos anunciaron a paralización dos despidos e negociación cos traballadores.
- Unísono tramitou un expediente de mobilidade xeográfica para o seu centro de atención telefónica en Vigo, que afecta a 97 traballadores/as. Posteriormente presentou a proposta dun ERE suspensivo para as e os 97 traballadores/as.

Ante esta situación, formulamos a seguinte Interpelación:

1. Que impacto cree o Goberno galego que terá na economía galega, nomeadamente na previsión de evolución do PIB para o presente ano, as accións que están a levar a cabo as citadas empresas?

2. Nos orzamentos presentados pola Xunta de Galiza estímase para o ano 2013 un descenso do 0,9% do PIB. Que impacto terá no PIB estimado para o 2013 o peche ou redución de plantillas que se están a anunciar nestas empresas?

3. O escenario macroeconómico galego previsto para o 2013 contaba cos peches ou reestruturacións destas empresas?

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2013

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Deputada e deputado do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 16/05/2013 12:28:06

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 16/05/2013 12:28:13



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Francisco Xesús Jorquera Caselas, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**.

A destrución do tecido produtivo galego acelera o incremento do desemprego e a recesión en Galiza. A combinación da crise económica coa ausencia de entidades financeiras propias e unha pasividade total por parte do Goberno galego está a ter un resultado desolador na economía e no emprego na nosa terra. O recente mes de abril acaba de ser especialmente trágico no que a situación de varias empresas se refire, se ben o caso paradigmático é o de Pescanova, moitas outras acaban de anunciar peches, entrada en concurso de acredores ou de EREs ou ERTes no seo das súas plantillas, etc., tal e como podemos observar a continuación na seguinte enumeración que non pretende ser exhaustiva senón indicativa:

- (09/04/13) Darty (antiga San Louis) acaba de anunciar o seu peche, o que suporá o peche de 10 tendas en Galiza que empregan a 150 persoas.
- (15/04/13) Caramelo en concurso de acredores. Presentación dun ERE.
- (16/4/13) T-Solar. Dedícase aos paneis solares. Conta con 170 traballadores e está nestes momentos negociando un ERE extintivo. O proxecto de T-Solar naceu fai cinco anos e contou con 16,2 millóns de euros de axudas directas de Estado, Xunta e Deputación de Ourense.
- (19/04/13) Pórtico. Conta con aproximadamente 800 traballadores. Nestes momentos, renegociando a súa débeda e aplicando un ERTE dende setembro do 2012.
- Estímase que o sector dos “call centers” perdeu 1.200 postos de traballo nos últimos dous anos. Nestes momentos:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

- Atento planea realizar 142 despidos na Coruña. Nestes momentos anunciaron a paralización dos despidos e negociación cos traballadores.
- Unísono tramitou un expediente de mobilidade xeográfica para o seu centro de atención telefónica en Vigo, que afecta a 97 traballadores/as. Posteriormente presentou a proposta dun ERE suspensivo para as e os 97 traballadores/as.

Ante estes feitos, formulamos a seguinte Interpelación:

1. Que medidas vai desenvolver o goberno galego desde o IGAPE ou o organismo que considere para frear esta situación?
2. Que medidas vai adoptar o goberno galego para reverter esta situación?
3. Como valora a Consellaría de Economía e Industria a destrución do tecido industrial do país?

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2013

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme Adán Villamarín na data 16/05/2013 12:23:11

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 16/05/2013 12:23:17

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Luis Méndez Romeu, José Antonio Sánchez Bugallo, e José Manuel Gallego Lomba, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Unha información publicada polo xornal “Faro de Vigo”, informa da posible renovación do convenio vixente coa compañía aérea Ryanair, vixente dende 2005. De acordo con esa información, a Xunta estaría revisando o seu compromiso anterior, enunciado en 2012, de non renovar ese tipo de acordos de colaboración e substituílos por investimento na promoción dos destinos galegos.

É sabido que a Xunta carece dunha política firme e definida na promoción de Galicia, tanto como destino turístico como de oportunidades de investimento. Os cambios de criterio, mesmo locais, indican unha indefinición estratéxica que afecta ao desenvolvemento de sectores de actividade económica. Iniciativas sen continuidade, baseadas en consideracións localistas ou de conxuntura, son respostas habituais mesmo nas áreas económicas do Goberno.

A política aeroportuaria é un exemplo claro. O presidente ten anunciado a consideración de Galicia como terminal aérea única, unha vaguidade sen contido; tamén unha política de promoción exterior ata hoxe inexistente. Denunciou o comité de Rutas creado pola anterior Administración estatal, ata deixalo sen efecto, anunciou unha xestión moderna. *Facta non verba*, debemos exclamar.

Os lamentos periódicos sobre o desenvolvemento aeroportuario de Oporto, ou sobre os investimentos realizados nos tres aeroportos galegos polo anterior ministro de Fomento, son meras cortinas de fume. Galicia ten potencial de crecemento nas tres terminais existentes, sempre que atendan a tráfico diferenciados e non compitan directamente entre si. Para facelo hai estratexias coñecidas e aplicadas noutros territorios. A improvisación non é unha delas.

Grupo Parlamentario

En consecuencia, os deputados que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

- 1.^a) Que política aeroportuaria desenvolverá o Goberno galego?
- 2.^a) Vai continuar a cerimonia da confusión actual?
- 3.^a) Que obxectivos cuantitativos e cualitativos se pretenden?
- 4.^a) Que previsións defende para cada aeroporto galego?

Pazo do Parlamento, 16 de maio de 2013

Asinado dixitalmente por:

José Luís Méndez Romeu na data 16/05/2013 12:53:32

José Antonio Sánchez Bugallo na data 16/05/2013 12:53:42

José Manuel Gallego Lomba na data 16/05/2013 12:54:01

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez, Carmen Gallego Calvar, Carmen Acuña do Campo e José Luis Méndez Romeu, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O presidente da Xunta de Galicia, na sesión do Pleno do Parlamento de Galicia celebrada o pasado 15 de maio, manifestou que a Xunta de Galicia procedera a destruír diversa documentación da Administración autonómica, entre ela, os contratos previos ao ano 2003. Dentro deste conxunto se incluírían os que tería realizado o SERGAS na época en que, precisamente, o Sr. Núñez Feijoo ocupou un alto cargo en tal organismo, coas empresas ligadas a Marcial Dorado, persoa coa que confraternizaba.

O presidente non especificou a lexislación concreta que ampara tal actuación, que acaso poida referirse á unha normativa vixente meramente no ámbito contable xeral, pero non abarca unha visión máis xeral sobre as normas vixentes en materia de conservación de documentos públicos nin do deber de custodia que ten a administración sobre os seus documentos.

Sobre esta cuestión, os deputados e as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que norma ampara a destrución de documentos levada a cabo?
2. Que criterios e trámites administrativos se seguiron para a destrución de tal documentación?
3. A que organismos , departamentos, ou en xeral centros de gasto da Xunta de Galicia afectou?
4. Existe relación da documentación destruída?
5. Foron emitidas algún tipo de resolucións neste sentido?
6. Se reuniu a algún tipo de Comisión para valorar que documentos da administración autonómica podían ser destruídos?

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

7. En relación a esta Comisión, no seu caso, cando se constituíu, a quen se deu conta, que cargos ou persoas participaron e que accións se acordaron?
8. En que datas concretas se levou a cabo a destrución de cada unha da documentación?
9. En relación a esta última cuestión, en que medida foi realizada directamente por medios da administración ou se contratou algún tipo de empresa externa para ditos traballos de destrución?
10. Neste último caso, que empresas foron contratadas, cando, con que procedemento de contratación e cal foi o importe dos seus traballos?
11. Cando levaron a cabo a destrución da documentación?

Pazo do Parlamento, 16 de maio de 2013

Asdo.: Abel Losada Alvarez

Carmen Gallego Calvar

Carmen Acuña do Campo

José Luis Méndez Romeu

Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 16/05/2013 15:49:57

María Carmen Gallego Calvar na data 16/05/2013 15:50:04

María Carmen Acuña do Campo na data 16/05/2013 15:50:06

José Luís Méndez Romeu na data 16/05/2013 15:50:17



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cosme Pombo Rodríguez, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**.

A Dirección Xeral de Tributos, do Ministerio de Facenda estableceu que os servizos de comedores escolares deberán facturar o 21% de IVE para alumnos maiores de 6 anos e o 10% de IVE para o alumnado de menor idade.

Por considerar inxusta esta medida foron presentadas varias iniciativas no Parlamento Europeo interesándose sobre o particular. Ante os requerimentos presentados, Algirdas Semeta (Comisario de Fiscalidade) anunciou que pedirá información a España para verificar por qué non se exime do IVE aos servizos de coidados infantís.

O propio Comisario sinalou que “a xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da UE parece aceptar que os servizos de coidado infantil (que inclúen o coidado dos cativos en idade preescolar e dos cativos en idade escolar fóra do horario lectivo) poden considerarse a prestación dun servizo que entra no ámbito da asistencia social e da seguridade social, así como da protección da infancia e da xuventude”, o que permitiría consideralos exentos de IVE.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través do seu deputado, formula a seguinte Interpelación:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- 1.- É consciente a Xunta da situación na que se atopan quen ten que facturar no servizo de comedores escolares?
- 2.- Comparte a Xunta a idea de que, na Galiza, debera aplicarse a exención do IVE nos servizos de comedores escolares?
- 3.- De ser así, cales son os prazos previstos para solicitar a exención?
- 4.- Que previsións ten a Xunta de Galiza en relación coas actuacións necesarias para conseguir a exención do IVE nos servizos de comedores escolares?

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2013

Asdo.: Cosme Pombo Rodríguez

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 20/05/2013 12:59:45

Á Mesa do Parlamento

José Luis Méndez Romeu, Beatriz Sestayó Doce e José Manuel Gallego Lomba, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A central térmica das Pontes, explotada pola empresa ENDESA, é unha das empresas tractoras do emprego e da economía da comarca. Como todas as empresas operadoras no mercado da enerxía, está sendo afectada polas continuas modificacións do marco regulatorio, fiscal e de incentivos, que o Goberno de España vén desenvolvendo. Agora a nova normativa de emisións de gases industriais, con prazos axustados para a súa entrada en vigor, crea un novo escenario restritivo, esixindo grandes investimentos, cando aínda non foron amortizados os efectuados no ano 2009 para adaptarse á normativa vixente entón.

O Goberno galego non pode quedar pasivo diante dunha nova diminución da capacidade industrial de Galicia. Cómpre negociar unha moratoria ata que a recuperación económica libere novos recursos económicos, ou polo menos negociar coas autoridades comunitarias un calendario máis amplo. Outros países como o Reino Unido están traballando na consecución dese obxectivo.

Días pasados, o Concello das Pontes aprobaba coa unanimidade dos seus grupos políticos, a seguinte Declaración Institucional:

“O cumprimento da normativa sobre emisión de gases industriais impón entre outras, ás grandes instalacións de combustión uns valores límite de emisión a cumprir, establecendo prazos para iso. Así, as centrais térmicas deberán comunicar a súa intención de cumprir ditos valores, para o cal deberán afrontar unha serie de adaptacións que supoñen grandes investimentos, que no caso da central térmica de Endesa nas Pontes ascende a 200 millóns de euros.

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Este marco normativo obriga a tomar esta decisión transcendental, nun escenario moi preocupante de baixada da demanda de enerxía eléctrica, aumento de presenza de enerxías renovables e despois dunha nova carga impositiva á produción con carbón que complica a rendibilidade dos complexos termoeléctricos como o das Pontes.

A central térmica das Pontes vén realizando distintos procesos de transformación para rebaixar os seus niveis de emisións e de gases contaminantes, con importantísimos esforzos investidores por parte da empresa e do Estado; a última foi realizada nos anos 2006/07, cun investimento superior aos 200 millóns de euros que a deixou moi preto de cumprir os novos valores límite. O complexo leva máis de 30 anos sendo o motor económico deste concello, e un dos máis importantes de Galicia do que dependen centos de empregos directos, indirectos e inducidos, o que fai que o mantemento da súa actividade no futuro sexa esencial para garantir o progreso económico e social do entorno, polo que o Pleno do Concello das Pontes acorda:

1.- Requirir á Xunta de Galicia e aos ministerios de Industria e Medio Ambiente que adopten as medidas necesarias para que se garantan a adaptación e a continuidade da Central Térmica das Pontes.

2.- No caso de non acadarse acordo coas empresas propietarias das centrais térmicas, requirir á Xunta de Galicia e aos ministerios de Industria e Medio Ambiente que negocien unha moratoria nos prazos de decisión que establece a directiva, á espera que mellore o escenario económico no que se teñen que adoptar as referidas decisións de investimento, tan considerables polo seu importe e despois das realizadas tan recentemente para o mesmo fin.”

O Grupo Parlamentario Socialista ten demandado insistentemente na Cámara, a definición e execución dunha política enerxética e industrial propia, que impida a desaparición das principais industriais do país, a perda de emprego cualificado e a desertización industrial. Ata agora con cativo éxito. As Pontes e a súa comarca, seguen sendo un dos poucos enclaves industriais de Galicia.

Grupo Parlamentario

É imprescindible garantir a continuidade das empresas alí radicadas, nomeadamente das que teñen capacidade tractora ou vertebradora doutras empresas auxiliares.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

En consecuencia, os deputados e a deputada que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos.

1.^a) Que actuacións impulsa a Xunta co Goberno central para evitar que a nova normativa de emisións prexudique ás centrais térmicas galegas?

2.^a) Que iniciativas coordinará a Xunta co Goberno central para modificar a directiva europea, tan lesiva para a industria e ineficaz para o cambio climático?

3.^a) Considera suficiente o marco de axudas estatais ás empresas afectadas?

Pazo do Parlamento, 21 de maio de 2013

Asinado dixitalmente por:

José Luís Méndez Romeu na data 21/05/2013 13:26:27

Beatriz Sestayo Doce na data 21/05/2013 13:26:40

José Manuel Gallego Lomba na data 21/05/2013 13:26:49



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín, Ana Belén Pontón Mondelo e Francisco Xesús Jorquera Caselas deputadas e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**.

A Lei 3/2008 do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galiza considera necesario que unha actividade tan relevante desde o punto de vista socioeconómico e medioambiental como é a minaría conte cunha planificación a nivel de Galiza co obxecto de establecer os principios e as directrices para unha ordenación mineira baseada en criterios de estabilidade e sustentabilidade. Para este fin a Lei contempla no seu título III que a planificación da minería debe realizarse a través da redacción dun Plan sectorial de actividades extractivas. Este Plan está chamado a desenvolver os eixes básicos de actuación administrativa en Galiza no sector, polo que se debe propiciar a coordinación das accións, o seu desenvolvemento sustentábel, a mellora tecnolóxica e a diversificación económica.

Segundo o artigo 7 de dita Lei o Plan Sectorial debe contar cos informes oportunos do Consello da Minaría de Galiza para que deste xeito este consensuado entre a administración galega, as organizacións sindicais e



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

empresariais do sector, as asociacións de defensa da natureza, as comunidades de montes en man común, os concellos mineiros, os colexios profesionais competentes en materia mineira e a Cámara Oficial Mineira de Galicia.

Recentemente o goberno galego presentou Plan Sectorial de Actividade Extractivas de Galiza, un documento elaborado sen consenso e no que se toma claramente partido por unha concepción do territorio galego como unha mina na súa globalidade. O feito de que o goberno do PP non constituíra nunca o Consello da Minaría de Galiza, creado pola Lei 3/2008 do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galiza, implica que organizacións tan importantes como as que traballan no ámbito da defensa da natureza ou as comunidades de montes en man común quedarán completamente fora da redacción do PSAEG. A vontade do goberno semella ter o sesgo da exclusión para poder facilitar as demandas de especuladores e multinacionais da minaría.

Por todo isto, formulamos a seguinte interpelación:

1. Quen elaborou o PSAEG?

2. Por que non se consensuou o PSAEG coas organizacións sindicais e empresariais do sector, as asociacións de defensa da natureza, as comunidades de montes en man común ou os concellos mineiros como manda a Lei 3/2008 do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galiza ?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Sobre que presupostos socioeconómicos se elaborou o PSAEG?

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2013

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Ana Belén Pontón Mondelo

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 22/05/2013 11:32:01

Ana Belén Pontón Mondelo na data 22/05/2013 11:32:14

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 22/05/2013 11:32:21

Á Mesa do Parlamento

José Luis Méndez Romeu, Beatriz Sestayo Doce e José Manuel Gallego Lomba, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O fracaso da política enerxética do Goberno Núñez Feijoo, é clamoroso. Concurso eólico non desenvolto e hoxe inviable, modificacións lexislativas, fiscais e do réxime de primas que imposibilitan o retorno dos investimentos, abandono das fontes renovables, peche das fábricas de compoñentes, etc.

Nesta semana coñeciamos tres novos episodios. Dunha banda a empresa Gas Natural Fenosa, primeira beneficiada do concurso eólico, pecha os seus servizos de atención ao cliente en Galicia, deslocalizando totalmente o servizo. Doutra, Gamesa, primeiro fabricante de compoñentes e menosprezado no devandito concurso, liquida un terzo do seu cadro de persoal. Ademais, Acciona, outra das grandes firmas construtora e xestora, pecha o seu centro de control en Galicia.

O Goberno galego, non ten opinión, non está, como non está na política de emprego ou na política industrial. Agás introducir recortes na democracia, no sistema representativo ou no Estado de benestar, o Goberno non existe.

Cómpre lembrar que no caso de Acciona, trátase dunha grande empresa multinacional, de matriz española, presente en moi distintas áreas da actividade económica, e beneficiaria de moitos concursos en Galicia, por exemplo das obras da Cidade da Cultura. É unha empresa, como outras grandes e diversificadas, que debe asumir retornos dos seus contratos en forma de emprego ou investimento.

Porque mentres Galicia exporta os beneficios que producen os seus recursos endóxeos, como o vento ou a auga, nin as empresas galegas nin os consumidores se benefician de tarifas singulares ou de retornos industriais.

Grupo Parlamentario

A explotación sistemática, por longos períodos de tempo, dos recursos naturais, non pode exercerse sen contrapartidas, e lle corresponde ao Goberno galego definilas e esixilas. É a mínima acción política que pode desenvolver un Executivo e non ten custos económicos.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Acciona Enerxía xestionaba ata agora dende Santiago todas as instalacións eólicas nas que participa, en total mil megavatios. Nos anos 2011 e 2012 foi despedido o 45 % do seu cadro de persoal e agora pretenden aplicar un expediente de regulación de emprego para o despedimento doutro 39 %. Unha situación paradoxal pois no resto do Estado será despedido o dez por cento dos empregados. A máis recurso xerador de beneficios en Galicia, correspóndese menor cadro de persoal. Unha ecuación propia de países desenvolvidos.

Os traballadores de Santiago remitiron un escrito ao Sr. presidente da Xunta, que ata hoxe non dou resposta. Quizais os bolos no escenario estatal, as declaracións e ameazas para contrarrestar a falta de explicacións, o balbordo mediático que non tapa a falta de política económica, non lle deixaron tempo para a resposta.

En consecuencia, os deputados que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos.

1.^a) Apoia o Goberno galego que as empresas beneficiarias dos recursos naturais do país, externalicen emprego e beneficios?

2.^a) Non están esixindo retornos de emprego ou industriais?

3.^a) Que medidas adoptará o Goberno galego para evitar a perda de emprego na devandita empresa?

Pazo do Parlamento, 22 de maio de 2013



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

José Luís Méndez Romeu na data 22/05/2013 11:49:32

Beatriz Sestayo Doce na data 22/05/2013 11:49:49

José Manuel Gallego Lomba na data 22/05/2013 11:49:57

Partido dos
Socialistas
de Galicia



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Daniel Rodas Chapela, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**.

Pescanova é unha empresa galega con filiais e produción externalizada en diversos lugares do mundo. Conta con 85 buques factoría e con 25 plantas de procesado. Na actualidade, Pescanova distribúe os seus produtos en Europa, Estados Unidos e Xapón entre outros destinos, e é líder en produtos do mar conxelados no Estado Español e Portugal, con cotas de mercado do 23% e do 15%, respectivamente.

Pescanova conta con máis de 1.000 traballadores/as en Galiza segundo os sindicatos, número que ascende a mais de 8.000 en todo o mundo. Atendendo aos datos aportados polos sindicatos pódese falar de máis de 5.000 postos de traballo indirectos no noso país, co seu impacto na creación de riqueza.

Esta empresa ten recibido en múltiples ocasións axudas públicas do goberno galego desde que en 1995 o goberno galego inxectara 42 millóns de euros para evitar a súa compra por parte de Unilever. Mesmo a Xunta é socia de Pescanova, xa que Xesgalicia, a través de Sodiga, é accionista dunha das filiais: Frinova, na que Sodiga controla un 9,6%. Os seus xestores viron como, 10 días antes do concurso, Fernández de Sousa procedía a suprimir o seu consello de administración, para pasar a contar cun administrador único, Pescanova. Frinova é unha das sete sociedades filiais que serviron a Pescanova para articular, supostamente, un endebedamento á marxe do balance da compañía.

Neste momento o futuro da compañía pende dun fío. O goberno galego, despois de contestar ao grupo parlamentario do BNG na Comisión 6ª deste Parlamento que faría todo o que esta na súa man para buscar unha solución, acaba de deixar claro que se desentende da situación de PESCANOVA ao negarlle os avais ao Administrador concursal.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formulamos a seguinte Interpelación:

1. Que plan de futuro ten o goberno galego para Pescanova?
2. Que accións vai realizar para manter a súa galeguidade?
3. Que accións vai realizar manter o emprego?
4. Por que se lle negaron os avais ao Administrador Concursal?

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2013

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Daniel Rodas Chapela

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 22/05/2013 17:38:35

Daniel Rodas Chapela na data 22/05/2013 17:38:41

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández, José Antonio Sánchez Bugallo, Francisco Manuel Caamaño Domínguez, Marisol Soneira Tajés e José Luis Méndez Romeu, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O Goberno galego acaba de iniciar a exposición pública do Plan sectorial de minas para a planificación desta actividade na Comunidade Autónoma.

Este feito, xunto coa proliferación de solicitudes de explotacións mineiras que se veñen producindo nos últimos anos, é observado con gran preocupación pola cidadanía, diante dun Goberno especialmente pouco rigoroso no cumprimento das normativas ambientais.

Un bo exemplo destas actuacións é o acontecido coa pretendida explotación mineira de ouro de Corcoesto.

O día 15 de decembro de 2012, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas emitiu informe favorable á Declaración de Impacto Ambiental na explotación mineira de ouro, na localidade de Corcoesto, pola compañía canadense “EDGEWATER CORPORATION”.

A moita preocupación e interese da sociedade e de todos os concellos limítrofes por este proxecto esixe que, de seguires adiante, se faga coas máximas garantías e con toda a seguridade sobre a prevención de riscos directos e indirectos.

Ante tal situación, no mes de marzo do presente ano, parlamentarios socialistas na UE fixeron unha pregunta á Comisión, no senso seguinte: Podería aclarar si o procedemento para a explotación da mina de ouro de Corcoesto cumpre a normativa comunitaria? En caso contrario, vai adoptar a Comisión medidas urxentes a fin de asegurar o seu cumprimento e evitar os riscos que, para o entorno natural da zona e a saúde humana, podería entrañar a posta en marcha desta explotación mineira?

Grupo Parlamentario

A resposta da Comisión da UE -en concreto, do Sr. Potočnik, foi a seguinte:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

“La Comisión tiene conocimiento de que las autoridades españolas han aprobado la declaración de impacto ambiental de una mina de oro en Corcoesto (Galicia) y que en dicha declaración se menciona la inmediata proximidad del lugar de importancia comunitaria ES1110015 Río Anllóns.

De acuerdo con el artículo 6, apartado 3, de la Directiva de hábitats todo plan o proyecto que pueda tener un efecto negativo sobre los lugares de Natura 2000 debe someterse a una evaluación apropiada que tenga en cuenta los objetivos de conservación de los lugares. Esta evaluación debe considerar los efectos tanto directos como indirectos en el lugar de Natura 2000. A la luz de las conclusiones de la evaluación, las autoridades competentes darán su acuerdo al plan o proyecto solo después de asegurarse de que no causará perjuicio a la integridad del lugar. Si ello no fuera posible, el plan o proyecto solo podrá seguir adelante en las condiciones excepcionales que se exponen en el artículo 6, apartado 4, de la Directiva, siempre que sea objeto de las oportunas medidas compensatorias.

La Comisión solicitará información a las autoridades españolas respecto a las autorizaciones concedidas para el proyecto de mina de oro en Corcoesto con el fin de garantizar el cumplimiento estricto de la legislación medioambiental pertinente de la UE, incluidas las disposiciones de la Directiva de hábitats”.

O parágrafo 4 do artigo 6 da directiva mencionada na resposta da Comisión da UE establece que, si, a pesares das conclusións negativas da avaliación das repercusións sobre o lugar e a falta de solucións alternativas, tivese que se realizar un plan ou proxecto por razóns imperiosas de interese público de primeiro orde, incluídas razóns de índole social ou económica, o Estado membro tomará cantas medidas compensatorias sexan necesarias para garantir que a coherencia global de Natura 2000 quede protexida. Dito Estado membro informará á Comisión das medidas compensatorias que adoptara. No caso de que o lugar considerado albergue un tipo de hábitat natural e/ou unha especie prioritarios, unicamente se poderán alegar consideracións relacionadas coa saúde humana e a seguridade pública ou

Grupo Parlamentario

relativas a consecuencias positivas de primordial importancia para o medio ambiente ou ben, previa consulta á Comisión, outras razóns imperiosas de interese público de primeiro orde.

Semella que non concorren os supostos excepcionais aos que se refire o artigo 6 da directiva.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Polo exposto, as deputadas e os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Entende o Goberno de Galicia que as súas actuacións nos proxectos de explotacións mineiras son coherentes coa normativa comunitaria en materia de medio ambiente?
2. Dirixiuse ao Goberno da Xunta de Galicia a Comisión Europea para solicitarlle información respecto ás autorizacións concedidas para o proxecto de mina de ouro en Corcoesto?
3. No caso de resposta positiva, cal foi a información remitida?
4. Considera o Goberno da Xunta de Galicia que, neste caso concreto, concorre o suposto excepcional do parágrafo 4 do artigo 6 da Directiva de hábitats, é dicir, que concorren razóns imperiosas de interese público de primeiro orde?

Pazo do Parlamento, 23 de maio de 2013

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo

Raúl Fernández Fernández

José Antonio Sánchez Bugallo

Francisco Manuel Caamaño Domínguez

Marisol Soneira Tajés

José Luis Méndez Romeu

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentario

Patricia Vilán Lorenzo na data 23/05/2013 17:26:22

Raúl Fernández Fernández na data 23/05/2013 17:26:29

José Antonio Sánchez Bugallo na data 23/05/2013 17:26:36

**Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 23/05/2013
17:26:42**

María Soledad Soneira Tajés na data 23/05/2013 17:26:47

José Luís Méndez Romeu na data 23/05/2013 17:26:56

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Luis Méndez Romeu e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A función dos investigadores é xerar, transferir, aplicar e revisar o coñecemento. Un proceso que engade valor ás actividades económicas e á calidade de vida das persoas. As aplicacións do coñecemento en todas as áreas e a súa influencia directa na produtividade económica, fan necesaria a intervención do sector público. O que diferencia a unha sociedade evolucionada dunha sociedade en desenvolvemento é precisamente esa capacidade de crear coñecemento e aplicalo.

Mais a investigación non agroma espontaneamente. Fanse necesarias condicións de traballo, estabilidade, integración, que se producen nas universidades, nos organismos públicos de investigación, nalgúns empresas.

En Galicia, as dificultades para consolidar unha carreira investigadora son notables, de xeito que a única vía que se pode usar para acceder á investigación en universidades está rexida por criterios docentes.

Así, un profesor universitario ten que realizar labores docentes e investigadoras e, noutros centros públicos alleos á universidade, a figura do investigador nin sequera está recoñecida. Sería necesaria a creación dun tecido investigador galego. Un corpo de investigadores cunha estabilidade laboral vinculada á revisión da súa produtividade. A consecuencia fundamental disto sería incrementar a xeración e transferencia continua de coñecementos, é dicir, a base do modelo económico que se defende na actualidade.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Na creación desta rede de investigación ten que intervir fundamentalmente, a Administración pública, dun xeito máis ou menos similar ao que xa fixeron outras comunidades autónomas como Cataluña e Euskadi, que son quen, non só de reter o seu talento investigador, senón tamén de captar investigadores de alto nivel procedentes doutras zonas (entre elas Galicia, por suposto). A razón fundamental desta captación é a estabilidade laboral da que gozan estes investigadores e a posibilidade de desenvolver proxectos de alto nivel.

A actual política da Xunta perfila a universidade como único ente investigador. A realidade é outra. Non só se fai investigación na universidade, tamén hai organismos non universitarios nos que se fai investigación. Estes organismos non universitarios inclúen centros tecnolóxicos (CETMAR, AIMEN, ANFACO, CIS-MADEIRA, INGACAL, ...) e centros de coñecemento (Plataforma de Innovación Sanitaria e Fundacións no Servizo Galego de Saúde (Sergas) ou os centros situados en Galicia pertencentes ao Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC). A Xunta clasifica estes organismos non universitarios como centros innovadores, pero a realidade é que son maioritariamente investigadores.

Ademais, cómpre priorizar a captación de investigadores con produtividade acreditada, como é o caso dos investigadores do programa Parga Pondal que, malia estaren acreditados, non contan cunha seguridade no seu futuro como investigadores, xa que moitas veces a única vía de estabilización está unida ás posibilidades docentes dun departamento universitario. Ademais, non hai que esquecer o investimento realizado nestes investigadores, empezando polas bolsas de estudo na súa etapa de licenciatura ou grao, bolsas pre e postdoutorais, cursos de formación, asistencia a congresos, bolsas para estadias de investigación en centros de prestixio, proxectos de investigación financiados, 5 anos de contrato como investigadores sénior, etc. Todos estes conceptos supoñen unha aposta realizada fundamentalmente polo sector público que redunda nunha altísima formación destes investigadores e a sociedade que fixo esa aposta merece agora o retorno dela.

A Lei de fomento da investigación e a innovación de Galicia, non aborda os ditos problemas. En consecuencia, cómpre que o Parlamento galego debata as necesidades existentes, polo que interpelamos o Goberno galego nos seguintes termos.

1.^a) É consciente o Goberno galego de que a Lei de investigación e innovación non resolve o status laboral dos investigadores galegos?

2.^a) Coñece as limitacións do marco universitario para garantir a estabilidade dos investigadores?

3.^a) Que medidas serán adoptadas para captar investigadores de excelencia procedentes doutros territorios e consolidar os propios?

4.^a) Considera a posibilidade de creación dun corpo de investigadores da Comunidade Autónoma, que poidan prestar servizos en diferentes centros universitarios, OPIS e outros?

Pazo do Parlamento, 23 de maio de 2013

Asinado dixitalmente por:

José Luís Méndez Romeu na data 23/05/2013 17:52:26

María Concepción Burgo López na data 23/05/2013 17:52:36

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Carmen Gallego Calvar, Carmen Acuña do Campo e María Quintas Alvarez, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O pasado 25 de abril deste ano un ente mixto constituído entre o Consorcio galego e Benestar e o concello de Moaña seleccionou unha listaxe de alumnos e alumnas para a escola infantil de Moaña, listaxe que xerou moitas protestas entre os pais e nais polos criterios empregados.

Chama a atención esta apresurada selección de alumnos e alumnas toda vez que esta escola infantil non está rematada nin en condicións de albergar aos nenos e nenas para recibir unhas prestacións de calidade.

Ante esta situación, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cal e a situación actual da escola infantil de Moaña?

Pazo do Parlamento, 15 de maio de 2013

Asdo.: Carmen Gallego Calvar
Carmen Acuña do Campo
María Quintas Alvarez
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Carmen Gallego Calvar na data 15/05/2013 18:33:04

María Carmen Acuña do Campo na data 15/05/2013 18:33:12

María Remedios Quintas Álvarez na data 15/05/2013 18:33:17



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Francisco Xesús Jorquera Caselas, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral no Pleno**.

A destrución do tecido produtivo galego acelera o incremento do desemprego e a recesión en Galiza. A combinación da crise económica coa ausencia de entidades financeiras propias e unha pasividade total por parte do Goberno galego está a ter un resultado desolador na economía e no emprego na nosa terra. O recente mes de abril acaba de ser especialmente trágico no que a situación de varias empresas se refire, se ben o caso paradigmático é o de Pescanova, moitas outras acaban de anunciar peches, entrada en concurso de acredores ou de EREs ou ERTes no seo das súas plantillas, etc., tal e como podemos observar a continuación na seguinte enumeración que non pretende ser exhaustiva senón indicativa:

- (09/04/13) Darty (antiga San Louis) acaba de anunciar o seu peche, o que suporá o peche de 10 tendas en Galiza que empregan a 150 persoas.
- (15/04/13) Caramelo en concurso de acredores. Presentación dun ERE.
- (16/4/13) T-Solar. Dedícase aos paneis solares. Conta con 170 traballadores e está nestes momentos negociando un ERE extintivo. O proxecto de T-Solar naceu fai cinco anos e contou con 16,2 millóns de euros de axudas directas de Estado, Xunta e Deputación de Ourense.
- (19/04/13) Pórtico. Conta con aproximadamente 800 traballadores. Nestes momentos, renegociando a súa débeda e aplicando un ERTE dende setembro do 2012.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Estímase que o sector dos “call centers” perdeu 1.200 postos de traballo nos últimos dous anos. Nestes momentos:
- Atento planea realizar 142 despidos na Coruña. Nestes momentos anunciaron a paralización dos despidos e negociación cos traballadores.
- Unísono tramitou un expediente de mobilidade xeográfica para o seu centro de atención telefónica en Vigo, que afecta a 97 traballadores/as. Posteriormente presentou a proposta dun ERE suspensivo para as e os 97 traballadores/as.

Ante estes feitos, formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno:

Como valora a Consellaría de Economía e Industria a destrución do tecido industrial do país?

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2013

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 16/05/2013 12:21:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2013 12:31
Nº Rexistro: 7976
Data envío: 16/05/2013 12:31:55.948



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 16/05/2013 12:22:03



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Francisco Xesús Jorquera Caselas, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A destrución do tecido produtivo galego acelera o incremento do desemprego e a recesión en Galiza. A combinación da crise económica coa ausencia de entidades financeiras propias e unha pasividade total por parte do Goberno galego está a ter un resultado desolador na economía e no emprego na nosa terra. O recente mes de abril acaba de ser especialmente trágico no que a situación de varias empresas se refire, se ben o caso paradigmático é o de Pescanova, moitas outras acaban de anunciar peches, entrada en concurso de acredores ou de EREs ou ERTes no seo das súas plantillas, etc., tal e como podemos observar a continuación na seguinte enumeración que non pretende ser exhaustiva senón indicativa:

- (09/04/13) Darty (antiga San Louis) acaba de anunciar o seu peche, o que suporá o peche de 10 tendas en Galiza que empregan a 150 persoas.
- (15/04/13) Caramelo en concurso de acredores. Presentación dun ERE.
- (16/4/13) T-Solar. Dedícase aos paneis solares. Conta con 170 traballadores e está nestes momentos negociando un ERE extintivo. O proxecto de T-Solar naceu fai cinco anos e contou con 16,2 millóns de euros de axudas directas de Estado, Xunta e Deputación de Ourense.
- (19/04/13) Pórtico. Conta con aproximadamente 800 traballadores. Nestes momentos, renegociando a súa débeda e aplicando un ERTE dende setembro do 2012.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Estímase que o sector dos “call centers” perdeu 1.200 postos de traballo nos últimos dous anos. Nestes momentos:
- Atento planea realizar 142 despidos na Coruña. Nestes momentos anunciaron a paralización dos despidos e negociación cos traballadores.
- Unísono tramitou un expediente de mobilidade xeográfica para o seu centro de atención telefónica en Vigo, que afecta a 97 traballadores/as. Posteriormente presentou a proposta dun ERE suspensivo para as e os 97 traballadores/as.

Ante estes feitos, formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno:

Que impacto terá no PIB estimado para o 2013 esta situación?

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2013

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 16/05/2013 12:07:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2013 12:32
Nº Rexistro: 7977
Data envío: 16/05/2013 12:32:09.495



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 16/05/2013 12:07:20

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Luis Méndez Romeu, José Antonio Sánchez Bugallo, e José Manuel Gallego Lomba, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Unha información publicada polo xornal “Faro de Vigo”, informa da posible renovación do convenio vixente coa compañía aérea Ryanair, vixente dende 2005. De acordo con esa información, a Xunta estaría revisando o seu compromiso anterior, enunciado en 2012, de non renovar ese tipo de acordos de colaboración e substituílos por investimento na promoción dos destinos galegos.

É sabido que a Xunta carece dunha política firme e definida na promoción de Galicia, tanto como destino turístico como de oportunidades de investimento. Os cambios de criterio, mesmo locais, indican unha indefinición estratéxica que afecta ao desenvolvemento de sectores de actividade económica. Iniciativas sen continuidade, baseadas en consideracións localistas ou de conxuntura, son respostas habituais mesmo nas áreas económicas do Goberno.

A política aeroportuaria é un exemplo claro. O presidente ten anunciado a consideración de Galicia como terminal aérea única, unha vaguidade sen contido; tamén unha política de promoción exterior ata hoxe inexistente. Denunciou o comité de Rutas creado pola anterior Administración estatal, ata deixalo sen efecto, anunciou unha xestión moderna. *Facta non verba*, debemos exclamar.

Os lamentos periódicos sobre o desenvolvemento aeroportuario de Oporto, ou sobre os investimentos realizados nos tres aeroportos galegos polo anterior ministro de Fomento, son meras cortinas de fume. Galicia ten potencial de crecemento nas tres terminais existentes, sempre que atendan a tráfico diferenciados e non compitan directamente entre si. Para facelo hai estratexias coñecidas e aplicadas noutros territorios. A improvisación non é unha delas.

Grupo Parlamentario

En consecuencia, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Que previsións defende o Goberno galego para cada aeroporto galego?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 16 de maio de 2013

Asinado dixitalmente por:

José Luís Méndez Romeu na data 16/05/2013 13:53:24

José Antonio Sánchez Bugallo na data 16/05/2013 13:53:43

José Manuel Gallego Lomba na data 16/05/2013 13:53:52

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez, Carmen Gallego Calvar, Carmen Acuña do Campo e José Luis Méndez Romeu, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O presidente da Xunta de Galicia, na sesión do Pleno do Parlamento de Galicia celebrada o pasado 15 de maio, manifestou que a Xunta de Galicia procedera a destruír diversa documentación da Administración autonómica, entre ela, os contratos previos ao ano 2003. Dentro deste conxunto se incluírían os que tería realizado o SERGAS na época en que, precisamente, o Sr. Núñez Feijoo ocupou un alto cargo en tal organismo, coas empresas ligadas a Marcial Dorado, persoa coa que confraternizaba.

O presidente non especificou a lexislación concreta que ampara tal actuación, que acaso poida referirse á unha normativa vixente meramente no ámbito contable xeral, pero non abarca unha visión máis xeral sobre as normas vixentes en materia de conservación de documentos públicos nin do deber de custodia que ten a administración sobre os seus documentos.

Sobre esta cuestión, os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que norma ampara a destrución de documentos levada a cabo?

Pazo do Parlamento, 16 de maio de 2013

Asdo.: Abel Losada Alvarez

Carmen Gallego Calvar

Carmen Acuña do Campo

José Luis Méndez Romeu

Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 16/05/2013 15:54:18

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Carmen Gallego Calvar na data 16/05/2013 15:54:24

María Carmen Acuña do Campo na data 16/05/2013 15:54:26

José Luís Méndez Romeu na data 16/05/2013 15:54:32



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Francisco Xesús Jorquera Caselas, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno** relativa ao peche do principal hotel de Sada explotado ate o de agora en réxime de concesión administrativa por unha empresa.

Sada, pola súa situación na área metropolitana da Coruña e pola súa tradición dos últimos decenios é un dos concellos de referencia para o turismo no norte de Galiza.

Desde a segunda metade do pasado século Sada encamiñou o seu futuro cara á especialización no sector servizos e no turístico. Para elo foise dotando de infraestruturas que se complementaban, entre as que destaca o porto deportivo que a converte nun referente da náutica recreativa ao contar co porto deportivo con maior número de amarres de Galiza.

Tamén como consecuencia de terreos gañados ao mar na súa fachada litoral, con data 12 de novembro de 1985 o goberno do Estado entregou ao Concello de Sada os terreos da zona marítimo-terrestre coas parcelas nas que se facía constar o uso ao que ían ser destinadas, unha delas a Hotel, para o que prestou a súa conformidade o 27 de abril de 1990 o Ministerio de Obras Públicas.

O Hotel foi construído, pois, en terreos municipais, e explotado a través dunha concesión administrativa a 75 anos. Na actualidade quedan 49 ata que revirta o pleno dominio ao Concello no ano 2062.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As dificultades económicas fixeron que desde o mes de outubro de 2012 o Hotel Sada Marina deixara de ter actividade, atopándose actualmente en precurso de acreedores e o seu persoal en pleno proceso dun ERE de extinción.

O BNG nesa localidade presentou iniciativas ao goberno local presidido por un alcalde do Partido Popular sen que estas foran tidas en conta, nin se adoptara medida alguna para modificar esta grave situación.

Un concello turístico como Sada non pode manter pechado o seu principal Hotel de referencia, porque non se trata dun negocio máis que pecha como consecuencia da crise económica, senón dunha concesión administrativa do Concello.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada e do deputado asinantes, formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Ten previsto o goberno da Xunta algunha medida en coordinación co goberno municipal de Sada tendente a evitar o peche definitivo do Hotel Sada Marina?

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2013

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 16/05/2013 18:28:34

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 16/05/2013 18:28:40



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cosme Pombo Rodríguez, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Dirección Xeral de Tributos, do Ministerio de Facenda estableceu que os servizos de comedores escolares deberán facturar o 21% de IVE para alumnos maiores de 6 anos e o 10% de IVE para o alumnado de menor idade.

Por considerar inxusta esta medida foron presentadas varias iniciativas no Parlamento Europeo interesándose sobre o particular. Ante os requerimentos presentados, Algirdas Semeta (Comisario de Fiscalidade) anunciou que pedirá información a España para verificar por qué non se exime do IVE aos servizos de coidados infantís.

O propio Comisario sinalou que “a xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da UE parece aceptar que os servizos de coidado infantil (que inclúen o coidado dos cativos en idade preescolar e dos cativos en idade escolar fóra do horario lectivo) poden considerarse a prestación dun servizo que entra no ámbito da asistencia social e da seguridade social, así como da protección da infancia e da xuventude”, o que permitiría consideralos exentos de IVE.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través do seu deputado, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que previsións ten a Xunta de Galiza en relación coas actuacións necesarias para conseguir a exención do IVE nos servizos de comedores escolares?

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2013

Asdo.: Cosme Pombo Rodríguez

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 20/05/2013 13:22:42

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández e Consuelo Martínez García, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en **Pleno**, relativa ao proxecto de construción dun centro comercial e de ocio en Liñeiriños (Vigo).

En datas recentes a empresa de inversión EUROFUND INVESTMENTS anunciou a súa intención de construír un centro comercial e ocio nos terrenos comprendidos na ámbito do PXOM de Vigo coñecido como “Liñeiriños. Esta ficha, que suma un millón e medio de metros cadrados contén aproximadamente 300.000 metros cadrados de terreno forestal de man común e outra parte de particulares.

O proxecto obrigaría ao Concello de Vigo a expropiar forzosamente os terreos de monte comunal e negociar cos particulares afectados. A empresa EUROFUND fala de máis de 300 millóns de inversións e uns supostos 5000 empregos directos no proxecto.

A propia empresa facía pública na prensa con data 1 de marzo que “recibira a bendición por parte da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, indicando que a Consellería “valorou positivamente a iniciativa do fondo de inversión británico”.

Sendo coñecedores das atribucións legais que en materia de urbanismo ten o Concello de Vigo e da necesidade de que o desenvolvemento deste planeamento urbanístico sexa aprobado pola xerencia de urbanismo e tendo constancia que ate o de agora non existe ningún proxecto nin desenvolvemento urbanístico aprobado para este ámbito de “Liñeiriños”, o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA) formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Ten recibido a Consellería de Industria proxecto algún para este centro comercial e de ocio que pretende construír Eurofund?

Compostela, 20 de maio de 2013

Asdo. Eva Solla Fernández
Consuelo Martínez García
Deputadas do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

María Consuelo Martínez García na data 20/05/2013 17:52:39

Eva Solla Fernández na data 20/05/2013 17:52:44

Á Mesa do Parlamento

Beatriz Sestayo Doce, José Luis Méndez Romeu e José Manuel Gallego Lomba, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A comarca de Ferrolterra está inmersa nunha profunda crise económico-social. As taxas de paro son case iguais que as de ocupación, os datos da emigración moza é alarmante e o desmantelamento da cidade e da comarca é un feito que se produce ante un incomprensible desleixo dos gobernos do PP que parecen dispostos a sacrificar a poboación que vive nesta terra.

A crise do naval segue a crecer mentres todas e cada unha das promesas fóronse esvaecendo: o centro de reparacións, o dique flotante, os remolcadores, os quimiqueiros, e ata o flotel. As mentiras deixaron paso a un silencio vergoñento.

Esta deputada ten solicitado ao abeiro do Regulamento da Cámara, de cumprimento imperativo, os xa «famosos contratos de Pémex». A petición está formulada de todas as formas posibles, sexan contratos como afirmaba Feijoo, sexan documentos, sexan «memorandum de intencións». O certo é que o Goberno autonómico incumpre o deber de ser controlado politicamente pola Cámara poñendo en perigo o mesmo sistema democrático, constitucional e estatutario. A presidenta do Parlamento está a ser cómplice ao permitir que o Goberno desprece à Cámara de representación popular.

Representantes do PP alleos ao Parlamento teñen feito manifestacións públicas de ter visto os contratos de Pemex que non obstante, a Xunta nega aos que estatutaria e legalmente temos a lexitimidade para exercer o control do executivo.

En virtude do exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Grupo Parlamentario

Por que o executivo non entrega a este grupo parlamentario os contratos de Pemex, vulnerando fragrantemente o funcionamento democrático neste país?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 20 de maio de 2013

Asinado dixitalmente por:

Beatriz Sestayo Doce na data 21/05/2013 10:46:23

José Luís Méndez Romeu na data 21/05/2013 10:46:31

José Manuel Gallego Lomba na data 21/05/2013 10:46:45

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Luis Méndez Romeu, Beatriz Sestayo Doce e José Manuel Gallego Lomba, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A central térmica das Pontes, explotada pola empresa ENDESA, é unha das empresas tractoras do emprego e da economía da comarca. Como todas as empresas operadoras no mercado da enerxía, está sendo afectada polas continuas modificacións do marco regulatorio, fiscal e de incentivos, que o Goberno de España vén desenvolvendo. Agora a nova normativa de emisións de gases industriais, con prazos axustados para a súa entrada en vigor, crea un novo escenario restritivo, esixindo grandes investimentos, cando aínda non foron amortizados os efectuados no ano 2009 para adaptarse á normativa vixente entón.

O Goberno galego non pode quedar pasivo diante dunha nova diminución da capacidade industrial de Galicia. Cómpre negociar unha moratoria ata que a recuperación económica libere novos recursos económicos, ou polo menos negociar coas autoridades comunitarias un calendario máis amplo. Outros países como o Reino Unido están traballando na consecución dese obxectivo.

Días pasados, o Concello das Pontes aprobaba coa unanimidade dos seus grupos políticos, a seguinte Declaración Institucional:

“O cumprimento da normativa sobre emisión de gases industriais impón entre outras, ás grandes instalacións de combustión uns valores límite de emisión a cumprir, establecendo prazos para iso. Así, as centrais térmicas deberán comunicar a súa intención de cumprir ditos valores, para o cal deberán afrontar unha serie de adaptacións que supoñen grandes investimentos, que no caso da central térmica de Endesa nas Pontes ascende a 200 millóns de euros.

Este marco normativo obriga a tomar esta decisión transcendental, nun escenario moi preocupante de baixada da demanda de enerxía eléctrica, aumento de presenza de enerxías renovables e despois dunha nova carga impositiva á produción con carbón que complica a rendibilidade dos complexos termoeléctricos como o das Pontes.

A central térmica das Pontes vén realizando distintos procesos de transformación para rebaixar os seus niveis de emisións e de gases contaminantes, con importantísimos esforzos investidores por parte da empresa e do Estado; a última foi realizada nos anos 2006/07, cun investimento superior aos 200 millóns de euros que a deixou moi preto de cumprir os novos valores límite. O complexo leva máis de 30 anos sendo o motor económico deste concello, e un dos máis importantes de Galicia do que dependen centos de empregos directos, indirectos e inducidos, o que fai que o mantemento da súa actividade no futuro sexa esencial para garantir o progreso económico e social do entorno, polo que o Pleno do Concello das Pontes acorda:

1.- Requirir á Xunta de Galicia e aos ministerios de Industria e Medio Ambiente que adopten as medidas necesarias para que se garantan a adaptación e a continuidade da Central Térmica das Pontes.

2.- No caso de non acadarse acordo coas empresas propietarias das centrais térmicas, requirir á Xunta de Galicia e aos ministerios de Industria e Medio Ambiente que negocien unha moratoria nos prazos de decisión que establece a directiva, á espera que mellore o escenario económico no que se teñen que adoptar as referidas decisións de investimento, tan considerables polo seu importe e despois das realizadas tan recentemente para o mesmo fin.”

O Grupo Parlamentario Socialista ten demandado insistentemente na Cámara, a definición e execución dunha política enerxética e industrial propia, que impida a desaparición das principais industriais do país, a perda de emprego cualificado e a desertización industrial. Ata agora con cativo éxito. As Pontes e a súa comarca, seguen sendo un dos poucos enclaves industriais de Galicia.

Grupo Parlamentario

É imprescindible garantir a continuidade das empresas alí radicadas, nomeadamente das que teñen capacidade tractora ou vertebradora doutras empresas auxiliares.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

En consecuencia, os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Que actuacións impulsa a Xunta co Goberno central para evitar que a nova normativa de emisións prexudique ás centrais térmicas galegas?

Pazo do Parlamento, 21 de maio de 2013

Asinado dixitalmente por:

José Luís Méndez Romeu na data 21/05/2013 13:27:12

Beatriz Sestayo Doce na data 21/05/2013 13:27:23

José Manuel Gallego Lomba na data 21/05/2013 13:27:42



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno** relativa ás actuacións que ten previsto desenvolver a Xunta de Galiza para evitar a eliminación da sinalética en galego.

Nos últimos días tivemos coñecemento de que a concesionaria da AP-9 eliminaba da súa sinalética a marxinal presenza que na mesma tiña o galego. Segundo información difundida en prensa, a causa desta decisión obedece ás multas que Tráfico impuxo á concesionaria por ter sinais coa lenda “Peaxe-Toll”. Hai que lembrar que estes eran os únicos sinais que existían en galego nesta autoestrada que discorre integramente por territorio galego, privatizada a prezo de saldo polo Sr. Aznar e que trouxo como consecuencia abusivas peaxes financiadas polos petos de galegos e galegas.

O Bloque Nacionalista Galego (BNG) considera un auténtico esperpento que tráfico multe por empregar o galego na Galiza. É unha mostra máis do desprezo cara a nosa lingua. Faise certo iso de que o galego é tratado na Galiza como lingua estranxeira. Con todo, cuestionamos que ningún Regulamento poda estar por riba do dereito que nos asiste como galegos e galegas a que a nosa lingua poda ser empregada en territorio galego con normalidade, en todo espazo e lugar público ou privado.

A presenza de sinais en galego é realmente residual e chama poderosamente a atención que a actuación de Tráfico, cos múltiples problemas de seguridade viaria que poderían atender, se centre xustamente nesta cuestión. Ou



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que nunca, Goberno e Tráfico, reclamara o cumprimento da lexislación en materia de toponimia, aberrantemente deturpada en moita da sinalética que se pode atopar ao longo da rede viaria galega.

En todo caso, non consideramos froito do azar que xusto nun momento de ofensiva contra a nosa lingua-, de “ofensiva españolizadora” en palabras do Ministro Wert- se produzan estes feitos. É evidente que esta actuación debe seguir algún tipo de directriz e que non responde a un obxectivo neutral. Enmárcase na ofensiva contra o galego que ten iniciado o PP.

Polo dito formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que actuacións ten previsto realizar a Xunta de Galiza ante o esperpento de que se multe ás concesionarias galegas por usar a lingua galega na Galiza?

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2013

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo
Deputada e Portavoz S. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Belén Pontón Mondelo na data 21/05/2013 16:23:20



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Tereixa Paz Franco, María do Carme Adán Villamarín e Cosme Pombo Rodríguez, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, modificada polas Leis: 3/1994, do 18 de xullo e 1/2002, do 26 de marzo e 8/2008, do 10 de xullo, crea e regula a figura do Valedor do Pobo como comisionado do Parlamento galego para “abrir novas vías que completen a garantía dos dereitos que consagra o título I da Constitución no funcionamento transparente e eficaz da Administración Pública de Galicia” como figura no propio preámbulo da lei. No seu articulado de dita lei recóllese claramente no Capítulo VI dedicado “As resolucións” que o Valedor cando o considere emitira resolucións con recomendacións ou suxestións que a Administración pública galega deberá ter presente nos próximos actos administrativos de natureza análoga.

A resolución 1967 do Valedor do Pobo trae causa dunha queixa presentada ante esta institución por un profesor dun centro público galego a raíz da modificación das notas de avaliación de segundo de bacharelato na materia de Física por parte da Comisión de Supervisión das Cualificacións no curso 2011-2012. Nesta resolución establece como suxestión para a administración educativa galega o seguinte:

“Que se prevea na normativa pola que se establece o procedemento que convén seguir nas reclamacións das cualificacións outorgadas no segundo curso de bacharelato establecido na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, o acceso por parte do profesorado afectado aos expedientes co fin de evitaren a súa indefensión. Doutro modo, o acto de revisión das cualificacións académicas dun profesor levado a cabo por



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

outro órgano administrativo podería quedar sen posibilidade de impugnación para o profesor por falta de lexitimación activa mesmo naqueles supostos nos que o órgano revisor non cumpre co principio de especialización que garante a discrecionalidade técnica, ou o devandito órgano actúa con vulneración das normas esenciais para a formación da vontade ou nos casos nos que o Tribunal Constitucional admite o control da discrecionalidade técnica por vicios como a arbitrariedade, a irracionalidade, a desviación de poder, ou o erro grave ou manifesto”.

Desta suxestión, con data de saída do 29/04/13, despréndese a necesaria actuación da Consellaría de Educación e Cultura no referido ao procedemento que cómpre seguir nas reclamación da cualificación outorgadas no segundo curso do bacharelato establecido na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación o curso 2012-2013. Sen embargo, a Consellaría regula esta materia a través da Circular nº2/2013 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se desenvolve a O rde do 22 de abril de 2010 asinada polo Director Xeral, Sr. Manuel Corredoira o 10 de maio de 2013, sen variar en absoluto a Circular do ano anterior. Máxime cando a propia argumentación do Valedor reconece a importancia do: “coñecemento por parte do profesor destas eventuais desviacións é relevante para evitalas no futuro, ao ser o parámetro de control a correspondente programación didáctica, un elemento plenamente obxectivo. Deste xeito, o coñecemento dos criterios aplicados polo órgano revisor evitaría un recurso sistemático á Comisión de Supervisión por parte do alumnado do profesor”.

Ante esta circunstancia e entendendo este grupo parlamentar que debemos incrementar a transparencia e o bo facer dos procesos de reclamacións das cualificacións para garantir os dereitos de ambas partes, formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por que non se incorporou a resolución formulada polo Valedor ao procedemento regulado pola Consellaría de Educación e Cultura a través da Circular nº2/2013?

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2013

Asdo.: **Tereixa Paz Franco**

María do Carme Adán Villamarín

Cosme Pombo Rodríguez

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tareixa Paz Franco na data 21/05/2013 19:17:19

María do Carme Adán Villamarín na data 21/05/2013 19:17:29

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 21/05/2013 19:17:35



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín, Ana Belén Pontón Mondelo e Francisco Xesús Jorquera Caselas deputadas e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

A Lei 3/2008 do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galiza considera necesario que unha actividade tan relevante desde o punto de vista socioeconómico e medioambiental como é a minaría conte cunha planificación a nivel de Galiza co obxecto de establecer os principios e as directrices para unha ordenación mineira baseada en criterios de estabilidade e sustentabilidade. Para este fin a Lei contempla no seu título III que a planificación da minería debe realizarse a través da redacción dun Plan sectorial de actividades extractivas. Este Plan está chamado a desenvolver os eixes básicos de actuación administrativa en Galiza no sector, polo que se debe propiciar a coordinación das accións, o seu desenvolvemento sustentábel, a mellora tecnolóxica e a diversificación económica.

Segundo o artigo 7 de dita Lei o Plan Sectorial debe contar cos informes oportunos do Consello da Minaría de Galiza para que deste xeito este consensuado entre a administración galega, as organizacións sindicais e empresariais do sector, as asociacións de defensa da natureza, as comunidades de montes en man común, os concellos mineiros, os colexios profesionais competentes en materia mineira e a Cámara Oficial Mineira de Galicia.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recentemente o goberno galego presentou Plan Sectorial de Actividade Extractivas de Galiza, un documento elaborado sen consenso e no que se toma claramente partido por unha concepción do territorio galego como unha mina na súa globalidade. O feito de que o goberno do PP non constituíra nunca o Consello da Minaría de Galiza, creado pola Lei 3/2008 do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galiza, implica que organizacións tan importantes como as que traballan no ámbito da defensa da natureza ou as comunidades de montes en man común quedarán completamente fora da redacción do PSAEG. A vontade do goberno semella ter o sesgo da exclusión para poder facilitar as demandas de especuladores e multinacionais da minaría.

Por todo isto, formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno:

Sobre que presupostos socioeconómicos se elaborou o PSAEG?

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2013

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Ana Belén Pontón Mondelo

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme Adán Villamarín na data 22/05/2013 11:31:12

Ana Belén Pontón Mondelo na data 22/05/2013 11:31:18

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 22/05/2013 11:31:23

Á Mesa do Parlamento

José Luis Méndez Romeu, Beatriz Sestayo Doce e José Manuel Gallego Lomba, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O fracaso da política enerxética do Goberno Núñez Feijoo, é clamoroso. Concurso eólico non desenvolto e hoxe inviable, modificacións lexislativas, fiscais e do réxime de primas que imposibilitan o retorno dos investimentos, abandono das fontes renovables, peche das fábricas de compoñentes, etc.

Nesta semana coñecemos tres novos episodios. Dunha banda a empresa Gas Natural Fenosa, primeira beneficiada do concurso eólico, pecha os seus servizos de atención ao cliente en Galicia, deslocalizando totalmente o servizo. Doutra, Gamesa, primeiro fabricante de compoñentes e menosprezado no devandito concurso, liquida un terzo do seu cadro de persoal. Ademais, Acciona, outra das grandes firmas construtora e xestora, pecha o seu centro de control en Galicia.

O Goberno galego, non ten opinión, non está, como non está na política de emprego ou na política industrial. Agás introducir recortes na democracia, no sistema representativo ou no Estado de benestar, o Goberno non existe.

Cómpre lembrar que no caso de Acciona, trátase dunha grande empresa multinacional, de matriz española, presente en moi distintas áreas da actividade económica, e beneficiaria de moitos concursos en Galicia, por exemplo das obras da Cidade da Cultura. É unha empresa, como outras grandes e diversificadas, que debe asumir retornos dos seus contratos en forma de emprego ou investimento.

Porque mentres Galicia exporta os beneficios que producen os seus recursos endóxeos, como o vento ou a auga, nin as empresas galegas nin os consumidores se benefician de tarifas singulares ou de retornos industriais.

Grupo Parlamentario

A explotación sistemática, por longos períodos de tempo, dos recursos naturais, non pode exercerse sen contrapartidas, e lle corresponde ao Goberno galego definilas e esixilas. É a mínima acción política que pode desenvolver un Executivo e non ten custos económicos.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Acciona Enerxía xestionaba ata agora dende Santiago todas as instalacións eólicas nas que participa, en total mil megavatios. Nos anos 2011 e 2012 foi despedido o 45 % do seu cadro de persoal e agora pretenden aplicar un expediente de regulación de emprego para o despedimento doutro 39 %. Unha situación paradoxal pois no resto do Estado será despedido o dez por cento dos empregados. A máis recurso xerador de beneficios en Galicia, correspóndese menor cadro de persoal. Unha ecuación propia de países desenvolvidos.

Os traballadores de Santiago remitiron un escrito ao Sr. presidente da Xunta, que ata hoxe non dou resposta. Quizais os bolos no escenario estatal, as declaracións e ameazas para contrarrestar a falta de explicacións, o balbordo mediático que non tapa a falta de política económica, non lle deixaron tempo para a resposta.

En consecuencia, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Apoia o Goberno galego que as empresas beneficiarias dos recursos naturais do país, externalicen emprego e beneficios?

Pazo do Parlamento, 22 de maio de 2013

Asinado dixitalmente por:

José Luís Méndez Romeu na data 22/05/2013 11:48:43

Beatriz Sestayo Doce na data 22/05/2013 11:48:55

José Manuel Gallego Lomba na data 22/05/2013 11:49:05



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Daniel Rodas Chapela, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Pescanova é unha empresa galega con filiais e produción externalizada en diversos lugares do mundo. Conta con 85 buques factoría e con 25 plantas de procesado. Na actualidade, Pescanova distribúe os seus produtos en Europa, Estados Unidos e Xapón entre outros destinos, e é líder en produtos do mar conxelados no Estado Español e Portugal, con cotas de mercado do 23% e do 15%, respectivamente.

Pescanova conta con máis de 1.000 traballadores/as en Galiza segundo os sindicatos, número que ascende a mais de 8.000 en todo o mundo. Atendendo aos datos aportados polos sindicatos pódese falar de máis de 5.000 postos de traballo indirectos no noso país, co seu impacto na creación de riqueza.

Esta empresa ten recibido en múltiples ocasións axudas públicas do goberno galego desde que en 1995 o goberno galego inxectara 42 millóns de euros para evitar a súa compra por parte de Unilever. Mesmo a Xunta é socia de Pescanova, xa que Xesgalicia, a través de Sodiga, é accionista dunha das filiais: Frinova, na que Sodiga controla un 9,6%. Os seus xestores viron como, 10 días antes do concurso, Fernández de Sousa procedía a suprimir o seu consello de administración, para pasar a contar cun administrador único, Pescanova. Frinova é unha das sete sociedades filiais que serviron a Pescanova para articular, supostamente, un endebedamento á marxe do balance da compañía.

Neste momento o futuro da compañía pende dun fío. O goberno galego, despois de contestar ao grupo parlamentar do BNG na Comisión 6ª deste Parlamento que faría todo o que esta na súa man para buscar unha solución, acaba de deixar claro que se desentende da situación de PESCANOVA ao negarlle os avais ao Administrador concursal.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno:

Por que se lle negaron os avais ao Administrador Concursal?

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2013

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Daniel Rodas Chapela

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 22/05/2013 17:37:38

Daniel Rodas Chapela na data 22/05/2013 17:37:45

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Hipólito Fariñas Sobrino, Vidal Martínez-Sierra López, Berta Pérez Hernández, Marisol Piñeiro Martínez, Javier Guerra Fernández e Herminia Pouso Maneiro, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

A pesca de polbo (*Octopus vulgaris*) con nasa constitúe unha das modalidades de pesca artesanal máis importantes da flota galega. De feito, segundo datos oficiais das 4.000 embarcacións que formaban esta flota de artes menores con porto base en Galicia, máis dun milleiro teñen autorizada licenza para empregar esta arte.

O polbo parece é especie capturada frecuentemente polos pescadores galegos -debido á súa importante demanda comercial. Para súa captura veñen empregando a nasa, unha arte de pesca semipasiva, a modo de trampa, que permanece estática sobre o fondo e ao mesmo tempo atrae ás especies mediante un cebo.

Desde moi antigo a pesca do polbo estivo sometida a determinados controis: de zonas, de tempo, condicionamentos técnicos como calquera outra pesqueiría que aspire a converterse nunha actividade sostible desde o punto de vista social, económico e biolóxico.

En relación con este asunto a Consellería do Medio Rural e do Mar vén de trasladar ao sector a Resolución pola que se aproba o Plan de Xestión do Polbo con nasa para a campaña 2013-2014.

A nova normativa nace baixo o convencemento de que o resultado económico das campañas pesqueiras pode ser mellorado baixo o deseño dos distintos plans de explotación con medidas técnicas axeitadas que ordenen a actividade da flota.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno.

Que razóns levaron á Consellería do Medio Rural e do Mar a impulsar un Plan de Xestión coas novidades explicadas con anterioridade?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2013

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 23/05/2013 12:32:55

Hipólito Fariñas Sobrino na data 23/05/2013 12:33:05

Vidal Martínez-Sierra López na data 23/05/2013 12:33:14

Berta Pérez Hernández na data 23/05/2013 12:33:22

María Soledad Piñeiro Martínez na data 23/05/2013 12:33:30

Javier Jorge Guerra Fernández na data 23/05/2013 12:33:43

Maria Herminia Pouso Maneiro na data 23/05/2013 12:33:56

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Hipólito Fariñas Sobrino, Vidal Martínez-Sierra López, Berta Pérez Hernández, Marisol Piñeiro Martínez, Javier Guerra Fernández e Herminia Pouso Maneiro, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Na última xuntanza do Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea que tivo lugar en maio de 2013, unha dos principais puntos da orde do día era dar un novo paso de cara a reforma da Política Pesqueira Común (PPC).

Non é necesario salientar a importancia que para Galicia teñen os acordos aos que se poda chegar en relación con este asunto tendo en conta que estamos a falar dunha das principais potencias pesqueiras no conxunto da Unión.

Entre os aspectos abordados no devandito foro, segundo ten transcendido, están asuntos tales como os descartes pesqueiros, respecto da xestión dos distintos caladoiros europeos, TAC e cotas ou o concepto de Rendemento Máximo Sostible e as esixencias contidas nesta definición.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno.

Que valoración fai a Consellería do Medio Rural e do Mar en relación cos principais acordos acadados na última xuntanza do Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2013

Asinado dixitalmente por:

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

gp-pp@parlamentodegalicia.es

www.ppdegalicia.com

José Manuel Balseiro Orol na data 23/05/2013 12:43:40

Hipólito Fariñas Sobrino na data 23/05/2013 12:43:50

Vidal Martínez-Sierra López na data 23/05/2013 12:43:59

Berta Pérez Hernández na data 23/05/2013 12:44:07

María Soledad Piñeiro Martínez na data 23/05/2013 12:44:17

Javier Jorge Guerra Fernández na data 23/05/2013 12:44:28

Maria Herminia Pouso Maneiro na data 23/05/2013 12:44:37

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Hipólito Fariñas Sobrino, Vidal Martínez-Sierra López, Berta Pérez Hernández, Marisol Piñeiro Martínez, Javier Guerra Fernández e Herminia Pouso Maneiro, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Unión Europea vén de admitir contactos oficiais co Reino de Tailandia ao obxecto de acadar un acordo de libre comercio que puidera ofrecer novas oportunidades e expectativas para ambos mercados pero que, moi probablemente, en función dunha previsible desaparición ou minoración dos aranceis, tería unha repercusión negativa no ámbito das conservas.

Isto é así porque este país asiático é o maior produtor e exportador mundial de latas de atún e, polo tanto, constitúe un dos principais competidores da industria conserveira galega. Falamos dun sector que só na nosa Comunidade xera o 85% da produción española e dá traballo a 12.000 profesionais, o 79% deles mulleres.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno.

Cal é a posición do Goberno galego ao respecto dos contactos entre a UE e Tailandia sobre un acordo de libre comercio?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2013

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 23/05/2013 12:49:02

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**

Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela

T. 981 551 510

F. 981 551 422

gp-pp@parlamentodegalicia.es

www.ppdeg Galicia.com

Hipólito Fariñas Sobrino na data 23/05/2013 12:49:14

Vidal Martínez-Sierra López na data 23/05/2013 12:49:23

Berta Pérez Hernández na data 23/05/2013 12:49:31

María Soledad Piñeiro Martínez na data 23/05/2013 12:49:41

Javier Jorge Guerra Fernández na data 23/05/2013 12:49:51

Maria Herminia Pouso Maneiro na data 23/05/2013 12:50:00



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Tereixa Paz Franco e Ana Belén Pontón Mondelo, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa reposta oral en Pleno**, relativa á reparación dos danos ambientais por vertidos contaminantes provocados pola antiga explotación mineira de Feldepatos Sarreaus S.L.

O pasado ano o Xulgado de 1ª Instancia e Instrución de Xinzo de Limia ordenou logo dunha denuncia contra a mina de feldepatos a realización de traballos para facer fronte ás consecuencias de vertidos altamente contaminantes ocasionados por dita explotación.

O día 28 de xuño de 2012 a empresa xestora de residuos SOGARISA S.L. realizou os traballos de limpeza para a retirada, carga, análise e transporte dos residuos máis perigosos que segundo os datos achegados a este Grupo Parlamentar supuxo a retirada dun volume de residuos de máis de 25.000 quilos.

Porén tendo en conta que os efectos contaminantes sobre o medio son froito dunha actividade empresarial, lucrativa e privada de quen tiña a concesión de dita explotación de feldepatos existen varias cuestións ás que desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego consideramos que se deberan dar cumprida conta por parte do Goberno Galego.

En primeiro lugar suscitamos a cuestión que ten que ver cos gastos que se xeraron polos traballos de limpeza e posterior tratamento destes residuos.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Por outro lado, á vista da situación actual compre saber si por parte das autoridades ambientais da Xunta de Galiza se ten realizado algunha inspección acerca das condicións ambientais nas que se encontran os terreos sobre os que se realizou a explotación e o seu entorno e si se realizaron de forma óptima todas as labores conducentes á eliminación de todos os posíbeis elementos contaminantes.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través das deputadas asinantes, formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno:

Ten realizado a Xunta de Galiza algunha avaliación en relación cos traballos de eliminación dos vertidos contaminantes orixinados pola explotación mineira de Feldespatos Sarreaus S.L.?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2013

Asdo.: Tereixa Paz Franco

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Tareixa Paz Franco na data 23/05/2013 13:00:56

Ana Belén Pontón Mondelo na data 23/05/2013 13:01:04

 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Carmen Acuña do Campo, Marisol Soneira Tajés, Beatriz Sestayo Doce e Vicente Docasar Docasar, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A Xunta de Galicia vén de conceder as Distincións ao Mérito Deportivo de Galicia 2013 a 38 persoas e institucións que destacan polo seu labor a prol da promoción e o fomento do deporte e da educación física na Comunidade Autónoma galega.

Así se establece na resolución asinada hoxe polo presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, logo das deliberacións do xurado, conformado por representantes do tecido deportivo galego, dos medios de comunicación e da Secretaría Xeral para o Deporte.

Polo exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cantas mulleres foron recoñecidas no ano 2013 con esta distinción?

Pazo do Parlamento, 23 de maio de 2013

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Marisol Soneira Tajés
Beatriz Sestayo Doce
Vicente Docasar Docasar
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Carmen Acuña do Campo na data 23/05/2013 17:03:22



 [Grupo Parlamentario](#)

María Soledad Soneira Tajés na data 23/05/2013 17:04:11

Beatriz Sestayo Doce na data 23/05/2013 17:04:20

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 23/05/2013 17:04:27

Partido dos
Socialistas
de Galicia



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Ana Belén Pontón Mondelo, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa á petición de anulación da Resolución da Secretaría Xeral de Medios, pola que se convocan axudas económicas, en réxime de concorrência non competitiva, destinadas a empresas xornalísticas e de radiodifusión para o ano 2013.

A día de hoxe o panorama que ofrece Galiza no ámbito de medios de comunicación en galego é desolador. Nos últimos anos sucedéronse os peches de diversos medios de comunicación integramente en galego.

Non só non se está a avanzar no establecido nos mandatos legais hoxe vixentes: Estatuto de Autonomía, Lei de Normalización Lingüística, Plano Xeral de Normalización da Lingua Galega ou a Carta Europea de Linguas Rexionais ou minorizadas, senón que se está a retroceder a niveis descoñecidos desde as primeiras iniciativas normalizadoras do idioma galego.

Estamos no peor momento para os medios de comunicación en galego das últimas décadas. Mentres o idioma galego desaparece dos medios de comunicación subvencionados pola Xunta, os medios en galego están practicamente excluídos das axudas públicas.

Neste contexto o mércores 22 de maio o Diario Oficial de Galiza publicaba a *Resolución do 20 maio de 2013, da Secretaría Xeral de Medios, pola que se*



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

convocan axudas económicas, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas a empresas xornalísticas e de radiodifusión para o ano 2013.

Faise unha convocatoria para conceder axudas públicas en base a criterios de mercado, aumentando a valoración outorgada á difusión de exemplares, e non a criterios de promoción e impulso de medios propios galegos e en galego. Rebaixase, aínda máis, as porcentaxes de valoración polo emprego regular do galego e pola normalización da lingua galega. Tampouco establece a orde ningún criterio de valoración vinculado co respecto e mellora das condicións laborais d@s traballador@s.

Os criterios que establece a orde non só non rectifican os de convocatorias anteriores, que vulneraban o mandato estatutario de defensa e promoción da lingua propia de Galiza, e primaban aos grandes medios, senón que afonda nos mesmos.

É preciso avanzar na procura dos imprescindíbeis elementos de protección e desenvolvemento dos medios de comunicación en galego, é preciso que o Goberno galego aposte por medios de comunicación que garantan a existencia dun espazo de comunicación galego e en galego.

Tendo en conta a situación dramática e de desolación existente neste ámbito é polo que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte pregunta para a súa contestación oral en pleno,

Cree o Goberno Galego que cos criterios establecidos na *Resolución do 20 maio de 2013, da Secretaría Xeral de Medios, pola que se convocan axudas económicas, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas a empresas*



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xornalísticas e de radiodifusión para o ano 2013, se garante a presenza de medios de comunicación galegos e en galego?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2013

Asdo.:**Montserrat Prado Cores**

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 23/05/2013 16:50:37

Ana Belén Pontón Mondelo na data 23/05/2013 16:50:47

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández, José Antonio Sánchez Bugallo, Francisco Manuel Caamaño Domínguez, Marisol Soneira Tajés e José Luis Méndez Romeu, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O día 15 de decembro de 2012, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas emitirá informe favorable á Declaración de Impacto Ambiental na explotación mineira de ouro, na localidade de Corcoesto, pola compañía canadense “EDGEWATER CORPORATION”.

A moita preocupación e interese da sociedade e de todos os concellos limítrofes por este proxecto esixe que, de seguires adiante, se faga coas máximas garantías e con toda a seguridade sobre a prevención de riscos directos e indirectos.

Ante tal situación, no mes de marzo do presente ano, parlamentarios socialistas na UE fixeron unha pregunta á Comisión, no senso seguinte: Podería aclarar si o procedemento para a explotación da mina de ouro de Corcoesto cumpre a normativa comunitaria? En caso contrario, vai adoptar a Comisión medidas urxentes a fin de asegurar o seu cumprimento e evitar os riscos que, para o entorno natural da zona e a saúde humana, podería entrañar a posta en marcha desta explotación mineira?

A resposta da Comisión da UE -en concreto, do Sr. Potočnik, foi a seguinte:

“La Comisión tiene conocimiento de que las autoridades españolas han aprobado la declaración de impacto ambiental de una mina de oro en Corcoesto (Galicia) y que en dicha declaración se menciona la inmediata proximidad del lugar de importancia comunitaria ES1110015 Río Anllóns.

De acuerdo con el artículo 6, apartado 3, de la Directiva de hábitats todo plan o proyecto que pueda tener un efecto negativo sobre los lugares de

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Natura 2000 debe someterse a una evaluación apropiada que tenga en cuenta los objetivos de conservación de los lugares. Esta evaluación debe considerar los efectos tanto directos como indirectos en el lugar de Natura 2000. A la luz de las conclusiones de la evaluación, las autoridades competentes darán su acuerdo al plan o proyecto solo después de asegurarse de que no causará perjuicio a la integridad del lugar. Si ello no fuera posible, el plan o proyecto solo podrá seguir adelante en las condiciones excepcionales que se exponen en el artículo 6, apartado 4, de la Directiva, siempre que sea objeto de las oportunas medidas compensatorias.

La Comisión solicitará información a las autoridades españolas respecto a las autorizaciones concedidas para el proyecto de mina de oro en Corcoesto con el fin de garantizar el cumplimiento estricto de la legislación medioambiental pertinente de la UE, incluidas las disposiciones de la Directiva de hábitats”.

O parágrafo 4 do artigo 6 da directiva mencionada na resposta da Comisión da UE establece que, si, a pesares das conclusións negativas da avaliación das repercusións sobre o lugar e a falta de solucións alternativas, tivese que se realizar un plan ou proxecto por razóns imperiosas de interese público de primeiro orde, incluídas razóns de índole social ou económica, o Estado membro tomará cantas medidas compensatorias sexan necesarias para garantir que a coherencia global de Natura 2000 quede protexida. Dito Estado membro informará á Comisión das medidas compensatorias que adoptara. No caso de que o lugar considerado albergue un tipo de hábitat natural e/ou unha especie prioritarios, unicamente se poderán alegar consideracións relacionadas coa saúde humana e a seguridade pública ou relativas a consecuencias positivas de primordial importancia para o medio ambiente ou ben, previa consulta á Comisión, outras razóns imperiosas de interese público de primeiro orde.

Semella que non concorren os supostos excepcionais aos que se refire o artigo 6 da directiva.

Grupo Parlamentario

Polo exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Considera o Goberno da Xunta de Galicia que concorre o suposto excepcional do parágrafo 4 do artigo 6 da Directiva de hábitats (razóns imperiosas de interese público de primeiro orde) para autorizar a mina de Corcoesto?

Pazo do Parlamento, 23 de maio de 2013

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
José Antonio Sánchez Bugallo
Francisco Manuel Caamaño Domínguez
Marisol Soneira Tajés
José Luis Méndez Romeu
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 23/05/2013 17:28:16

Raúl Fernández Fernández na data 23/05/2013 17:28:22

José Antonio Sánchez Bugallo na data 23/05/2013 17:28:28

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 23/05/2013 17:28:33

María Soledad Soneira Tajés na data 23/05/2013 17:28:39

José Luís Méndez Romeu na data 23/05/2013 17:28:46

Á Mesa do Parlamento

Agustín Baamonde Díaz, Marisol Piñeiro Martinez, Román Rodríguez González, Moisés Blanco Paradelo, M^a Dolores Faraldo Botana, Antonio Mouriño Villar e Alberto Pazos Couñago, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para resposta oral en Pleno**.

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia foi analizado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG).

Nas súas sentenzas, o alto tribunal galego avaliou os principios inspiradores deste decreto, por canto avala o equilibrio entre galego e castelán, considera axustada a dereito a introdución do plurilingüismo e constata que potencia a promoción do galego no sistema educativo.

Aínda así, o fallo anula dous parágrafos de dous artigos. Fronte quen interpretou que o TSXG rexeitaba todo o Decreto do Plurilingüismo, a realidade é que só estableceu a nulidade dos artigos 5.2 e 12.3 , de xeito que só se invalidou o que podemos considerar o 5 por cento do decreto, integrado por un total de 33 regulacións.

O Goberno galego ten manifestado publicamente o respecto e o acatamento das sentenzas, ao tempo que ten defendido o modelo lingüístico que establece a proporcionalidade entre as dúas linguas cooficiais en Galicia e a aprendizaxe dunha lingua estranxeira.

Por estes motivos, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno.

De que xeito prevé a Xunta aplicar o Decreto do Plurilingüismo de acordo ao establecido polas sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2013

Asinado dixitalmente por:

Agustín Baamonde Díaz na data 23/05/2013 17:31:03

María Soledad Piñeiro Martínez na data 23/05/2013 17:31:19

Román Rodríguez González na data 23/05/2013 17:31:29

Moisés Blanco Paradelo na data 23/05/2013 17:31:41

María Dolores Faraldo Botana na data 23/05/2013 17:31:53

Antonio Mouriño Villar na data 23/05/2013 17:32:00

Jose Alberto Pazos Couñago na data 23/05/2013 17:32:08

Á Mesa do Parlamento

Agustín Baamonde Díaz, Marisol Piñeiro Martinez, Román Rodríguez González, Moisés Blanco Paradelo, M^a Dolores Faraldo Botana, Antonio Mouriño Villar e Alberto Pazos Couñago, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para resposta oral en Pleno**.

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia foi analizado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG).

Nas súas sentenzas, o alto tribunal galego avaliou os principios inspiradores deste decreto, por canto avala o equilibrio entre galego e castelán, considera axustada a dereito a introdución do plurilingüismo e constata que potencia a promoción do galego no sistema educativo.

Aínda así, o fallo anula dous parágrafos de dous artigos. Fronte quen interpretou que o TSXG rexeitaba todo o Decreto do Plurilingüismo, a realidade é que só estableceu a nulidade dos artigos 5.2 e 12.3 , de xeito que só se invalidou o que podemos considerar o 5 por cento do decreto, integrado por un total de 33 regulacións.

O Goberno galego ten manifestado publicamente o respecto e o acatamento das sentenzas, ao tempo que ten defendido o modelo lingüístico que establece a proporcionalidade entre as dúas linguas cooficiais en Galicia e a aprendizaxe dunha lingua estranxeira.

Por estes motivos, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno.

Qué supón para o ensino de Galicia a aplicación do modelo de plurilingüismo do Decreto 79/2010?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2013

Asinado dixitalmente por:

Agustín Baamonde Díaz na data 23/05/2013 17:32:33

María Soledad Piñeiro Martínez na data 23/05/2013 17:32:48

Román Rodríguez González na data 23/05/2013 17:32:59

Moisés Blanco Paradelo na data 23/05/2013 17:33:11

María Dolores Faraldo Botana na data 23/05/2013 17:33:23

Antonio Mouriño Villar na data 23/05/2013 17:33:31

Jose Alberto Pazos Couñago na data 23/05/2013 17:33:38

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Luis Méndez Romeu e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A función dos investigadores é xerar, transferir, aplicar e revisar o coñecemento. Un proceso que engade valor ás actividades económicas e á calidade de vida das persoas. As aplicacións do coñecemento en todas as áreas e a súa influencia directa na produtividade económica, fan necesaria a intervención do sector público. O que diferencia a unha sociedade evolucionada dunha sociedade en desenvolvemento é precisamente esa capacidade de crear coñecemento e aplicalo.

Mais a investigación non agroma espontaneamente. Fanse necesarias condicións de traballo, estabilidade, integración, que se producen nas universidades, nos organismos públicos de investigación, nalgúns empresas.

En Galicia, as dificultades para consolidar unha carreira investigadora son notables, de xeito que a única vía que se pode usar para acceder á investigación en universidades está rexida por criterios docentes.

Así, un profesor universitario ten que realizar labores docentes e investigadoras e, noutros centros públicos alleos á universidade, a figura do investigador nin sequera está recoñecida. Sería necesaria a creación dun tecido investigador galego. Un corpo de investigadores cunha estabilidade laboral vinculada á revisión da súa produtividade. A consecuencia fundamental disto sería incrementar a xeración e transferencia continua de coñecementos, é dicir, a base do modelo económico que se defende na actualidade.

Na creación desta rede de investigación ten que intervir fundamentalmente, a Administración pública, dun xeito máis ou menos similar ao que xa fixeron outras comunidades autónomas como Cataluña e Euskadi, que son quen, non só de reter o seu talento investigador, senón tamén de captar investigadores de alto nivel procedentes doutras zonas (entre elas Galicia, por suposto). A razón fundamental desta captación é a estabilidade laboral da que gozan estes investigadores e a posibilidade de desenvolver proxectos de alto nivel.

A actual política da Xunta perfila a universidade como único ente investigador. A realidade é outra. Non só se fai investigación na universidade, tamén hai organismos non universitarios nos que se fai investigación. Estes organismos non universitarios inclúen centros tecnolóxicos (CETMAR, AIMEN, ANFACO, CIS-MADEIRA, INGACAL, ...) e centros de coñecemento (Plataforma de Innovación Sanitaria e Fundacións no Servizo Galego de Saúde (Sergas) ou os centros situados en Galicia pertencentes ao Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC). A Xunta clasifica estes organismos non universitarios como centros innovadores, pero a realidade é que son maioritariamente investigadores.

Ademais, cómpre priorizar a captación de investigadores con produtividade acreditada, como é o caso dos investigadores do programa Parga Pondal que, malia estaren acreditados, non contan cunha seguridade no seu futuro como investigadores, xa que moitas veces a única vía de estabilización está unida ás posibilidades docentes dun departamento universitario. Ademais, non hai que esquecer o investimento realizado nestes investigadores, empezando polas bolsas de estudo na súa etapa de licenciatura ou grao, bolsas pre e postdoutorais, cursos de formación, asistencia a congresos, bolsas para estadias de investigación en centros de prestixio, proxectos de investigación financiados, 5 anos de contrato como investigadores sénior, etc. Todos estes conceptos supoñen unha aposta realizada fundamentalmente polo sector público que redunda nunha altísima formación destes investigadores e a sociedade que fixo esa aposta merece agora o retorno dela.

A Lei de fomento da investigación e a innovación de Galicia, non aborda os ditos problemas. En consecuencia, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

 Grupo Parlamentario

Que medidas serán adoptadas para captar investigadores de excelencia procedentes doutros territorios e consolidar aos propios?

Pazo do Parlamento, 23 de maio de 2013

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

José Luís Méndez Romeu na data 23/05/2013 17:51:28

María Concepción Burgo López na data 23/05/2013 17:51:41

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Isabel García Pacín, Hipólito Fariñas Sobrino, Vidal Martínez-Sierra López, Moisés Blanco Paradelo, Angel Camino Copa, Santiago Freire Abeijón e Miguel Prado Patiño, deputados e deputada do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral en Pleno** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola inminencia na posta en marcha dos operativos de vixilancia, control e extinción da presente campaña contra incendios.

A Consellería do Medio Rural e do Mar mantén unha liña de colaboración permanente cos concellos galegos para impulsar e desenvolver distintas medidas dirixidas á defensa contra os incendios forestais.

Así por exemplo outorga axudas específicas para cubrir as necesidades económicas dos vehículos motobomba municipais e dos seus operarios e, paralelamente, ten previsto adquirir novas motobombas dentro dun plan de modernización destes equipamentos, alí onde sexa preciso.

Cómpre salientar que as motobombas municipais son unha ferramenta tecnolóxica e operativa a disposición dos concellos e de grande eficacia na loita contra o lume.

O obxectivo final é dotar aos concellos dos equipamentos precisos para minorar ao máximo as consecuencias e os impactos negativos que os incendios forestais provocan sobre a capacidade potencial de desenvolvemento e produción dos nosos montes, así como sobre a fauna, a flora e a paisaxe de Galicia.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno.

Qué actuacións ten previsto desenvolver a Consellería do Medio Rural e do Mar en relación á disposición de motobombas por parte dos concellos?

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2013

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 23/05/2013 12:36:14

María Isabel García Pacín na data 23/05/2013 12:36:26

Hipólito Fariñas Sobrino na data 23/05/2013 12:36:34

Vidal Martínez-Sierra López na data 23/05/2013 12:36:44

Moisés Blanco Paradelo na data 23/05/2013 12:36:52

Angel Camino Copa na data 23/05/2013 12:37:06

José Santiago Freire Abeijón na data 23/05/2013 12:37:16

Jesús Miguel Prado Patiño na data 23/05/2013 12:37:24

Á Mesa do Parlamento

Pablo García García, Raúl Fernández Fernández e José Ramón Val Alonso, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta oral en Pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén dada pola preocupación social que existe en torno ás medidas que vai aprobar o Goberno de España con respecto a Lei de calidade alimentaria.

Nos pasados días foi aprobada no Congreso dos Deputados a Lei de calidade alimentaria. Nesta lei existía o compromiso por parte do Goberno galego e o Goberno de España para introducir importantes aspectos lexislativos encamiñados a normalizar as relacións contractuais no sector lácteo entre produtores e industrias.

Ditos compromisos, se recolleron no acordo asinado polos representantes dos produtores e polo Goberno de Galicia no pasado mes de decembro.

Houbo numerosas iniciativas onde o Parlamento de Galicia se posicionou favorablemente para introducir na Lei de calidade alimentaria aspectos que favoreceran unha mellor garantía dos prezos en orixe para o leite.

O propio Goberno de Galicia no trámite inicial da lei de calidade alimentaria remitiu emendas neste mesmo sentido.

Sen embargo, no trámite parlamentario este obxectivo non foi acadado.

O sector lácteo leva seis meses paralizado esperando á aprobación definitiva desta lei, sen que paralelamente se adoptasen ningún tipo de medidas ao respecto. Seguimos tendo os prezos máis baixos de toda Europa, e día tras día as explotacións de leite están pechando.

 Grupo Parlamentario

Diante disto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Considera a Xunta de Galicia imprescindible para a supervivencia do sector lácteo unha normativa que regule as relacións contractuais entre industria e produtores?

Pazo do Parlamento, 24 de maio de 2013

Asdo.: Pablo García García
Raúl Fernández Fernández
José Ramón Val Alonso
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo García García na data 24/05/2013 16:58:31

Raúl Fernández Fernández na data 24/05/2013 16:58:36

José Ramón Val Alonso na data 24/05/2013 16:58:42



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727